

Guía didáctica do alumnado de bacharelato semipresencial

Lingua galega e literatura II

Ensinanza	Bacharelato a distancia semipresencial
Tipo de documento	Guía do alumnado
Curso	2º Bacharelato
Materias	Común
Nome da materia	Lingua galega e literatura
Autor/a ou autores:	Silvia Gaspar Porras María Xosé Rodríguez Valcárcel

1. Introducción.....	6
A materia: liñas xerais	6
Libro de texto	7
Distribución temporal das unidades.....	8
Metodoloxía de estudo	9
Apartados do traballo en cada unha das unidades	9
As titorías lectivas e de orientación	10
Lecturas recomendadas	10
2. Unidade 1. As funcións sociais da lingua	11
2.1 Criterios de avaliación.....	11
2.2 Suxestións para o estudo	11
2.3 Actividades de autoavaliación.....	12
2.4 Actividades de titoría	12
3. Unidade 2. Conflito e diglosia	13
3.1 Criterios de avaliación.....	13
3.2 Suxestións para o estudo	13
3.3 Actividades de autoavaliación.....	13
3.4 Actividades de titoría	14
4. Unidade 3. O galego en vías de normalización.....	15
4.1 Criterios de avaliación.....	15
4.2 Suxestións para o estudo	15
4.3 Actividades de autoavaliación.....	15
4.4 Actividades de titoría	16
5. Unidade 4. As variedades dialectais.....	17
5.1 Criterios de avaliación.....	17
5.2 Suxestións para o estudo	17
5.3 Actividades de autoavaliación.....	17
5.4 Actividades de titoría	18
6. Unidade 5. A lingua estándar	19
6.1 Criterios de avaliación.....	19
6.2 Suxestións para o estudo	19
6.3 Actividades de autoavaliación.....	19
6.4 Actividades de titoría	20
7. Unidade 6. O galego no século XX	21
7.1 Criterios de avaliación.....	21
7.2 Suxestións para o estudo	21
7.3 Actividades de autoavaliación.....	22
7.4 Actividades de titoría	22
8. Unidade 7. O galego hoxe.....	23
8.1 Criterios de avaliación.....	23
8.2 Suxestións para o estudo	23
8.3 Actividades de autoavaliación.....	23

8.4	Actividades de titoría	24
9.	Unidade 8. Primeiro terzo do século: a lírica	25
9.1	Criterios de avaliación.....	25
9.2	Suxestións para o estudo	25
9.3	Actividades de autoavaliación.....	26
9.4	Actividades de titoría	26
10.	Unidade 9. Primeiro terzo do século: a prosa.....	27
10.1	Criterios de avaliación.....	27
10.2	Suxestións para o estudo	27
10.3	Actividades de autoavaliación.....	28
10.4	Actividades de titoría	28
11.	Unidade 10. Primeiro terzo de século: o teatro	29
11.1	Criterios de avaliación.....	29
11.2	Suxestións para o estudo	29
11.3	Actividades de autoavaliación.....	29
11.4	Actividades de titoría	30
12.	Unidade 11. Entre 1936 e 1976: a lírica.....	31
12.1	Criterios de avaliación.....	31
12.2	Suxestións para o estudo	31
12.3	Actividades de autoavaliación.....	32
12.4	Actividades de titoría	32
13.	Unidade 12. Entre 1936 e 1976: a prosa	33
13.1	Criterios de avaliación.....	33
13.2	Suxestións para o estudo	33
13.3	Actividades de autoavaliación.....	33
13.4	Actividades de titoría	34
14.	Unidade 13. Entre 1936 e 1976: o teatro	35
14.1	Criterios de avaliación.....	35
14.2	Suxestións para o estudo	35
14.3	Actividades de autoavaliación.....	35
14.4	Actividades de titoría	35
15.	Unidade 14. A literatura actual	37
15.1	Criterios de avaliación.....	37
15.2	Suxestións para o estudo	37
15.3	Actividades de autoavaliación.....	37
15.4	Actividades de titoría	38
16.	Solucións ás actividades de autoavaliación.....	39
16.1	Unidade 1	39
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 7)	39
	Exercicios de análise de textos (páxina 15)	39
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 22)	40
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 24 e 25)	40
16.2	Unidade 2	42
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 31)	42

	Exercicios do apartado <i>A lingua e os falantes</i> (páxina 36).....	42
	Exercicios de análise de textos (páxina 39)	43
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 46)	43
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 48 e 49)	44
16.3	Unidade 3	46
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 55)	46
	Exercicios do apartado <i>A lingua e os falantes</i> (páxina 60).....	47
	Exercicios de análise de textos (páxina 63)	47
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 68)	48
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 70 e 71)	49
16.4	Unidade 4	51
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 77)	51
	Exercicios do apartado <i>A lingua e os falantes</i> (páxina 82).....	51
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 90)	52
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 92 e 93)	53
16.5	Unidade 5	54
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 99)	54
	Exercicios do apartado <i>A lingua e os falantes</i> (páxina 106).....	55
	Exercicios de análise de textos (páxina 109)	56
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 116).....	57
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 118 e 119)	58
16.6	Unidade 6	59
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 125)	59
	Exercicios de análise de textos (páxina 133)	60
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 138)	60
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 140 e 141)	62
16.7	Unidade 7	63
	Exercicios de comprensión do texto (páxina 147)	63
	Exercicios do apartado <i>A lingua e os falantes</i> (páxina 152).....	64
	Exercicios de estudo da lingua (páxina 162)	64
	Exercicios de competencia lingüística (páxinas 164 e 165)	65
16.8	Unidade 8	68
	Exercicios da <i>Comprensión do texto</i> (páxina 171)	68
	Exercicios da <i>Análise de textos</i> (páxina 178).....	68
	Exercicios da <i>Análise de textos</i> (páxina 188).....	69
	Exercicios de <i>Síntese e avaliación</i> (páxina 192).....	71
16.9	Unidade 9	72
	Exercicios da <i>Comprensión do texto</i> (páxina 197).....	72
	Exercicios do apartado <i>Análise de textos</i> (páxina 201).....	72
	Exercicios do apartado <i>Análise de textos</i> (páxina 210).....	73
	Exercicios do apartado <i>Análise de textos</i> (páxina 215).....	73
	Actividades de <i>Síntese e avaliación</i> (páxina 218).....	74
16.10	Unidade 10	76
	Actividades 1, 2, 3 e 4 do apartado <i>Lectura</i> (páxina 223)	76
	Exercicios 1 e 2 da <i>Análise de textos</i> (páxina 229)	76
	Actividades 1 e 2, do apartado <i>Análise de textos</i> (páxina 233).....	77
	Exercicios 1, 2, 3, 4, 5, 6 da <i>Síntese de avaliación</i> (páxina 236)	77
16.11	Unidade 11	78
	Actividades 1, 2, 3, 4 e 5 da <i>Lectura</i> (páxina 241)	78
	Actividade 1 da <i>Análise de textos</i> (páxina 251).....	79
	Actividades 1, 2 e 3 da <i>Análise de textos</i> (páxina 259).....	79
	Actividades 1,2,4,5,6 e 7 da <i>Síntese e avaliación</i> (páxina 262)	80

16.12	Unidade 12	81
	Actividades 1, 2 e 4 da Lectura (páxina 267)	81
	Actividade 1 e 3 da Análise de textos (páxina 276)	82
	Actividade 1 e 2 da Análise de textos (páxina 284)	82
	Exercicios da Síntese e avaliación (páxina 288)	83
16.13	Unidade 13	85
	Exercicios 1, 2 e 4 da Lectura (páxina 293)	85
	Exercicio 1 da Análise de textos (páxina 299)	85
	Exercicios 1 e 2 da Análise de textos (páxina 305)	86
	Exercicios 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Síntese e avaliación (páxina 308)	86
16.14	Unidade 14	87
	Exercicios 1, 2 e 3 da Lectura (páxina 313)	87
	Exercicios 2 e 6 da <i>Análise de textos</i> (páxina 320)	88
	Exercicios 1, 3 e 5 da Análise de textos (páxina 326)	89
	Exercicios 1 e 3 da <i>Análise de textos</i> (páxina 332)	89
	Exercicios 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Síntese e avaliación (páxina 336)	90

1. Introducción

A materia: liñas xerais

Esta materia é unha continuación da que cursou nos seus estudos de primeiro de Bacharelato, coa diferenza de que agora terá ocasión de complementar os seus coñecementos lingüísticos (sintaxe e sociolingüística) e literarios (século XX). Perséguese que complete a súa competencia comunicativa a un nivel superior, é dicir, que sexa quen de usar a lingua de xeito idóneo nas diversas esferas da súa actividade social e individual. Para isto pediráselle que aplique unha maior curiosidade á hora de afondar na materia, a fin de que integre (non só aprenda) os coñecementos que ofrece o bacharelato. Así pois, deberá comprender textos orais e escritos complexos, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre distintos temas e para distintos fins e facer un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica. Amais, cómpre que coñeza a historia da literatura galega e que se achegue á situación sociolingüística de Galicia.

O currículo estrutúrase en tres bloques de contidos:

- **Lingua e texto:** aténdese a análise das propiedades do texto e a aplicación das mesmas ás producións propias, a descrición do sistema fonético e fonolóxico do galego, o estudo das variedades dialectais, a estrutura e formación das palabras, a análise sintáctica e o estudo do significado.
- **Literatura:** céntrase, por unha banda, no coñecemento da historia da literatura galega no século XX e, pola outra, no coñecemento, análise e valoración de obras significativas mediante a lectura e o comentario.
- **Sociolingüística:** búscase un achegamento rigoroso á situación sociolingüística de Galicia para poder interpretala con perspectiva histórica, ademais de estudar o papel da lingua no contexto real da nosa sociedade.

A materia ten como finalidade, amais do xa mencionado no primeiro parágrafo, que vostede sexa quen de responder axeitadamente ás cuestións que se formulan no exame de lingua galega e literatura nas Probas de Acceso á Universidade. A estrutura da proba é a seguinte:

- Dúas preguntas relativas á comprensión dun texto dado que poden referirse a:
 - Resumo breve do texto ou dunha parte del.
 - Estrutura do texto.
 - Ideas principais e secundarias.
 - Intencionalidade do texto.
 - Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.
 - Significado concreto dalgunha palabra ou expresión no texto.
- Un comentario crítico dunha frase, un fragmento ou a totalidade do texto.
- Dúas preguntas sobre conceptos de fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica, léxico ou dialectoloxía.
- Unha pregunta sobre os contidos que figuran no DCB baixo o epígrafe “A sociolingüística”, cunha extensión aproximada de 250 palabras. Os temas posibles son os seguintes:

- 1. As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- 3. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- 4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 5. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- Unha pregunta sobre os contidos que figuran no DCB baixo o epígrafe “A literatura”, de entre as da seguinte listaxe:
 - 1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - 2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
 - 3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
 - 4. O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
 - 5. A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
 - 6. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
 - 7. A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
 - 8. O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - 9. A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
 - 10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
 - 11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
 - 12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

A puntuación de cada unha destas preguntas é 1 punto, agás as preguntas número 3 (3 puntos) e número 7 (2 puntos). Tanto no apartado de sociolingüística coma no de literatura, os exames ofrecerán a posibilidade de escoller entre dúas propostas que son idénticas en ambas as opcións. Valorarase a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos.

Libro de texto

O libro de texto seleccionado é *Lingua e Literatura II. Bacharelato* (2009). Editorial Rodeira. ISBN: 978-84-8349-081-5.

Esta obra aparece estruturada en catorce unidades didácticas, destinadas as sete primeiras ao estudo da lingua e as sete restantes ao da literatura galega desde inicios do século XX ata a actualidade.

- As unidades do bloque de lingua responden ao seguinte esquema:

- A lingua e os falantes: contidos de tipo teórico-práctico sobre sociolingüística, dialectoloxía e historia da lingua. A partir da información que figura nesta parte das unidades deberá vostede elaborar os temas de historia da lingua e sociolingüística. En ocasións nos temas de literatura aparecen tamén contidos complementarios sobre estes aspectos.
- O traballo escrito: consellos para planificar e redactar axeitadamente un traballo. É especialmente útil que repare ben nos apartados que se refiren á organización da información, revisión e corrección e presentación do traballo e aplique a información que aí se indica ás producións propias.
- Análise de textos: estudo das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. A finalidade deste apartado é proporcionarlle mecanismos para que estructure e redacte axeitadamente os seus escritos.
- Estudo da lingua: descrición do sistema fonético e fonolóxico do galego, unidades sintácticas e análise sintáctica, formación de palabras e semántica. O enfoque deste apartado é teórico-práctico e relaciónase coa parte de morfoloxía que estudou no curso anterior.
 - As unidades do bloque de literatura presentan a estrutura seguinte:
 - Historia da literatura: estudo teórico da historia da literatura galega do século XX.
 - Análise de textos: actividades de lectura de textos significativos procedentes da etapa que vén de estudar e análise dos mesmos.
 - Comentario de texto: análise pormenorizada dun texto significativo do período estudado.
 - As unidades 9, 11 e 13 inclúen unha “Guía de lectura” de tres obras destacadas do período que se estuda este curso.
 - Tanto no bloque de lingua coma no de literatura aparecen ao final de cada unidade actividades de síntese e avaliación acompañadas de esquemas que resumen algúns dos aspectos máis significativos da mesma.
 - Ao final do libro inclúese un apéndice con contidos gramaticais (morfoloxía e léxico) e literarios (recursos literarios, estilísticos, xéneros e unha antoloxía de textos literarios).

Distribución temporal das unidades

O curso académico divídese en tres avaliacións. De cara a un mellor manexo dos conceptos que se estudan, propoñemos dúas modalidades de temporalización, de modo que cada titor ou titora estipule co seu grupo a que considere máis axeitada.

A modalidade A cingúese ao libro de texto de forma lineal, mentres que a modalidade B ten en conta as necesidades marcadas polas PAAU, é dicir, assimilar en profundidade a totalidade dos conceptos manexados neste curso e mantelos frescos. Calquera dos dous modos de temporalización permitirán a adaptación que o titor ou titora estime máis operativa, de acordo co seu curso.

Modalidade A (lineal):

- Primeira avaliación: comprende as cinco primeiras quincenas e nela estudaremos as unidades 1 a 5, todas elas do bloque de lingua.
- Segunda avaliación: abrangue as cinco quincenas seguintes e nela ocuparémonos das unidades seis a dez do libro de texto.
- Terceira avaliación: abrangue as cinco últimas quincenas e nela ocuparémonos das unidades once a catorce do libro de texto, todas elas do bloque de literatura.

Modalidade B (alternante):

- Primeira avaliación: comprende as cinco primeiras quincenas e nela estudaremos as unidades 1 e 2 (lingua) e 8, 9 e 10 (literatura).
- Segunda avaliación: abrangue as cinco quincenas seguintes e nela ocuparémonos das unidades 3 e 4 (lingua) e 11, 12 e 13 (literatura).
- Terceira avaliación: abrangue as cinco últimas quincenas e nela ocuparémonos das unidades 5, 6 e 7 (lingua) e 14 (literatura).

Doutra banda, ao non axustarse os actuais libros de texto á secuenciación contemplada no novo DCB, esta guía incluírá ao inicio de cada unidade as indicacións necesarias a ter en conta de cara a unha programación que siga máis de cerca a establecida no Decreto.

Metodoloxía de estudo

Debe comezar o estudo de cada unha das unidades lendo atentamente os contidos teóricos que aparecen no libro de texto. Nunha segunda lectura debe elaborar un guiión persoal no que tomará nota dos conceptos novos que aparecen e tentará relacionalos cos coñecementos previos que posúe.

Repare en que, nos apartados teóricos, amais da información que se lle proporciona no corpo do texto, aparecen a miúdo cadros nas marxes esquerda e dereita onde se completan eses contidos ou se fornecen exemplos. Son de moito interese e debe deles atentamente.

Unha vez asimilados os contidos teóricos, realizará as actividades que se lle propoñen, tanto as de autoavaliación coma as de titoría, porque deste xeito poderá poñer en práctica os aspectos estudados e asemade verá as dificultades coas que se atopa. Aconsellamos que comece polas actividades de autoavaliación porque están relacionadas directamente cos diferentes apartados teóricos das unidades e anote as dúbidas que xurdiron na súa realización trala revisión das solucións que aparecen na parte final desta guía. Nas titorías presenciais e de orientación pode presentar ao seu titor ou titora todos os problemas cos que se atopou, tanto no estudo teórico coma na realización das actividades.

É fundamental para lograr o éxito nesta materia que leve a cabo un traballo constante e que combine a aprendizaxe de aspectos teóricos coa posta en práctica deses mesmos contidos.

Como material complementario ao libro de texto debería contar vostede cun dicionario adaptado ás normas ortográficas e morfolóxicas do ano 2003 e cunha gramática ou manual do noso idioma. Amais das que pode atopar en formato impreso no mercado pertencentes a diferentes editoriais, dispón vostede en internet de dous enlaces que lle dan acceso a este material:

- <http://www.xunta.es/linguagalega>
- <http://www.recursosparaogalego.com>

Ademais do estudo desta materia para 2º curso do bacharelato, haberá que ter en conta a eventual superación das probas de acceso á universidade. Nesta guía seleccionáronse os exercicios que se consideraron máis axeitados para preparar ese acceso, pero en todo caso engádesse o enlace da web do Comité Interuniversitario, onde se recollen as bases, criterios de avaliación e modelos de exame:

- <http://www.ciug.cesga.es>

Apartados do traballo en cada unha das unidades

En cada unha das unidades da guía atopará os seguintes apartados:

- **Criterios de avaliación:** indícanse os contidos que debe dominar ao rematar a unidade.
- **Suxestións para o estudo:** salientáanse os aspectos máis importantes do tema e remítese, cando procede, a outras unidades ou ao apéndice final do libro.
- **Actividades de autoavaliación:** son as actividades que deberá realizar e das que se ofrecen as solucións ao final desta guía.
- **Actividades de titoría:** actividades que serán revisadas nas titorías lectivas e debe realizar con anterioridade á súa asistencia ás mesmas.

As titorías lectivas e de orientación

As titorías lectivas (colectivas e de asistencia obrigatoria) dedicaranse a abordar os aspectos teóricos e prácticos máis significativos de cada unidade ou aqueles que presenten maior complexidade, incidindo nos contidos de tipo procedemental. Revisaranse, amais, as que nesta guía figuran como Actividades de titoría.

As titorías de orientación (individuais e de carácter voluntario) dedicaranse a solucionar as dúbidas que atope no estudo dos contidos das unidades didácticas e mais na realización das actividades.

Lecturas recomendadas

Recomendamos a lectura dalgunhas das seguintes obras:

- *Relatos*, de Vicente Risco.
- *Cousas*, de Castelao.
- *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro.
- *Xente de aquí e de acolá*, de Álvaro Cunqueiro.
- *Á lus do candil*, de Ánxel Fole.
- *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor.
- *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.
- *Ilustrísima*, de Carlos Casares.
- *Criminal*, de Xurxo Borrazás.
- *Malaria sentimental*, de Xabier Queipo.
- *Morning Star*, de Xosé Miranda.
- *O sonho da febre*, de Miguel Anxo Murado.

2. Unidade 1. As funcións sociais da lingua

2.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Analizar e recoñecer as funcións sociais da lingua e superar estereotipos lingüísticos.
- Distinguir linguas minorizadas e linguas minoritarias.
- Identificar o texto como unidade lingüística e as propiedades textuais da coherencia, a cohesión e a adecuación.
- Distinguir a fonética e a fonoloxía como disciplinas lingüísticas e identificar o seu obxecto de estudo.
- Coñecer os sistemas vocálico e consonántico do galego.
- Recoñecer as clases de palabras e os seus trazos definitorios.

2.2 Suxestións para o estudo

No apartado “A lingua e os falantes” (páxinas 8 a 11) caracterízanse as funcións sociais da lingua e as linguas minorizadas e minoritarias. Para adaptar esta guía á estrutura do exame de lingua galega e literatura das Probas de Acceso á Universidade queremos facer constar que esta información pertence a dous dos temas de sociolingüística propostos. Para elaboralos debe completar os contidos que figuran nesta unidade 1 con outros que aparecen nas unidades 2 e 3 tendo presentes as indicacións seguintes:

- Para o tema 1 titulado “As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos” deberá utilizar a información que aparece nesta unidade 1 (páxinas 8 e 9) e mais a que figura na unidade 2 do seu libro de texto baixo os títulos “Bilingüismo e diglosia”, “O conflito lingüístico” e “Os prexuízos lingüísticos” (páxinas 32 a 35).
- Para preparar o tema 3, “Linguas minorizadas e minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización”, utilice a información que aparece neste tema 1 (páxina 11) coa que figura na unidade 3 do libro de texto (páxinas 56 a 59) co título “Normalización lingüística”.

No apartado titulado “Análise de textos” lea e asimile as principais características que debe presentar un texto e as propiedades textuais, coa finalidade de adaptalas ás producións propias.

En “Estudo da lingua” atopará unha caracterización das disciplinas lingüísticas fonética e fonoloxía e unha caracterización dos sistemas vocálico e consonántico do galego e da entoación. Fíxese especialmente no grao de abertura no sistema vocálico, na

caracterización de ditongo, tritongo e hiato (páxina 18) e no cadro que clasifica os sons consonánticos do galego común (páxina 20).

2.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1 a 5 de *Comprensión do texto* da páxina 7.
- Realice as actividades 1 e 2 da páxina 15 para traballar a estrutura e intención comunicativa do texto.
- Realice as actividades 1, 2 e 5 da páxina 22 para practicar os contidos teóricos que vén de estudar.
- Realice as actividades 2, 3, 4, 6, 9, 10, 11 e 12 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 24 e 25) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

2.4 Actividades de titoría

Na titoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 23).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 26 e 27).

3. Unidade 2. Conflito e diglosia

3.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Distinguir adecuadamente os conceptos de bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico.
- Recoñecer e rexeitar razoadamente os principais prexuízos que afectan á lingua galega.
- Distinguir a importancia dos parágrafos na coherencia textual e os seus tipos.
- Identificar as unidades morfosintácticas: monema, palabra, frase e oración.
- Identificar os tipos de frases: frase nominal, frase adxectiva, frase verbal, frase adverbial, frase preposicional.
- Clasificar axeitadamente as oracións atendendo a diferentes criterios: actitude do falante, natureza do predicado, presenza ou non de suxeito e a súa estrutura.

3.2 Suxestións para o estudo

No apartado “A lingua e os falantes” aparece información sobre os conceptos de bilingüismo e diglosia, conflito lingüístico e prexuízos lingüísticos. Teña en conta o que indicamos neste mesmo apartado na unidade anterior.

En “Análise de textos” asimile as características do parágrafo e aplique os diferentes tipos mencionados ás producións propias.

Revise as unidades morfosintácticas que aparecen recollidas na páxina 40: monema, palabra, frase e oración. Fíxese nos cinco tipos de frases existentes (nominal, adxectiva, verbal, adverbial e preposicional) e nos constituíntes e modelo de análise de cada unha delas. No que se refire á oración repare nas diferentes clasificacións segundo a actitude do falante, a natureza do predicado, a presenza ou ausencia de suxeito e a estrutura. Combine no estudo deste apartado as cuestións teóricas coa aplicación práctica na análise e identificación de frases e oracións.

Repase no apéndice final do libro os contidos morfolóxicos que aí se indican relativos ás diferentes clases de palabras (páxinas 340 a 351). Corresponden coa materia que estudou o curso anterior, pero deberá telos moi presentes para a análise sintáctica.

3.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1 a 4 de *Comprensión do texto* da páxina 31.

- Realice as actividades 1 e 4 da páxina 36 para reflexionar verbo dos contidos teóricos que vén de estudar.
- Realice a actividade 1 da páxina 39 para practicar os tipos de parágrafos.
- Realice as actividades 1, 2, 4, 5 e 8 da páxina 46 sobre as diferentes unidades sintácticas.
- Realice as actividades 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11 e 12 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 48 e 49) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

3.4 **Actividades de titoría**

Na titoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 47).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 50 e 51).

4. Unidade 3. O galego en vías de normalización

4.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Recoñecer o proceso de normalización lingüística e a súa necesidade no contexto de Galicia.
- Coñecer as principais disposicións legais que afectan directamente á lingua galega.
- Distinguir a importancia da estrutura lóxica e da estrutura textual na coherencia dos textos.
- Identificar a oración simple e as funcións que se desenvolven dentro dela: predicado, suxeito, obxecto directo, complemento de réxime, obxecto indirecto, complemento circunstancial, atributo, complemento predicativo e complemento axente.
- Aplicar correctamente a técnica de análise morfosintáctica na oración simple.

4.2 Suxestións para o estudo

No apartado “A lingua e os falantes” atopará información relativa á normalización lingüística e á situación da nosa lingua dentro dese proceso (páxinas 56 a 59). Teña en conta o que indicamos na unidade 1 desta guía con respecto a estes contidos.

O apartado titulado “Análise de textos” está dedicado ao estudo da estrutura lóxica e estrutura textual. Asimile estes contidos e aplíqueos ás producións propias.

En “Estudo da lingua” caracterízanse as funcións sintácticas que integran a estrutura da oración. Repare nos trazos que as identifican e nas categorías gramaticais que as desempeñan e relacióneo cos contidos que asimilou no curso anterior referentes ás clases de palabras.

Fíxese atentamente no modelo de análise morfosintáctica que se presenta na páxina 67 e asimile os diferentes pasos dos que consta. Porén, agás que o seu titor ou titora lle indique algo diferente, é válido calquera dos modelos de análise existentes.

4.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1 a 4 de *Comprensión do texto* da páxina 55.
- Realice as actividades 1 e 3 da páxina 60 para reflexionar sobre algún dos contidos teóricos que vén de estudar.

- Realice a actividade 1 da páxina 63 para practicar a estrutura do texto.
- Realice as actividades 1, 2, 4, 5, 6 e 7 da páxina 68 sobre identificación de funcións sintácticas.
- Realice as actividades 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11 e 12 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 70 e 71) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

4.4 Actividades de titoría

Na titoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividade número 9 da páxina 68.
- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 69).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 72 e 73).

5. Unidade 4. As variedades dialectais

5.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Establecer os factores que determinan as variedades xeográficas do galego e coñecer a distribución dos bloques dialectais e os seus trazos máis característicos.
- Distinguir a importancia da progresión da información na coherencia dos textos e os seus tipos.
- Recoñecer as oracións coordinadas e subordinadas.
- Distinguir os diferentes tipos de oracións coordinadas: copulativas, disxuntivas, distributivas e adversativas.
- Analizar oracións coordinadas.

5.2 Suxestións para o estudo

Lea atentamente a información que aparece ao comezo da unidade (páxinas 78 a 81) sobre a extensión xeográfica da lingua galega e os bloques e áreas dialectais que podemos diferenciar dentro dela. Asimile os principais trazos que caracterizan cada un dos bloques e as áreas que abrangue cada un deles.

No apartado “Análise de textos” repare na maneira de redactar de xeito coherente un texto dispoñendo axeitadamente a progresión da información nos tres tipos sinalados: constante, derivada e enlazada. O obxectivo é que aplique logo estes contidos á elaboración dos textos propios.

En “Estudo da lingua” comeza nesta unidade o estudo da oración composta, diferenciando os dous grandes tipos: coordinadas e subordinadas. Fíxese nas diferenzas que se establecen entre unhas e outras e nos catro tipos que existen dentro das primeiras porque debe identificar claramente cada un deles. Na páxina 89 aparece un posible modelo de análise das oracións coordinadas; porén, igual que indicamos para a oración simple, agás que o seu titor ou titora lle indique o contrario, en principio é válido calquera modelo.

5.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1 a 4 de *Comprensión do texto* da páxina 77.
- Realice as actividades 2 e 3 da páxina 82 para practicar as variedades dialectais do galego.
- Realice as actividades 1, 3 e 5 da páxina 90 sobre as oracións coordinadas.

- Realice as actividades 1 a 11 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 92 e 93) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

5.4 Actividades de tutoría

Na tutoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividade número 7 da páxina 90.
- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 91).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 94 e 95).

6. Unidade 5. A lingua estándar

6.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Identificar a variedade estándar do galego: as súas funcións, a súa historia, os criterios de normativización e as desviacións.
- Distinguir a importancia dos conectores textuais e das relacións temporais para a propiedade de cohesión dos textos.
- Recoñecer os diferentes tipos de oracións subordinadas: substantivas, adxectivas e adverbiais.
- Analizar oracións subordinadas.

6.2 Suxestións para o estudo

Lea atentamente no apartado “A lingua e os falantes” (páxinas 100 a 105) os contidos relativos ao galego estándar que corresponden ao tema número 2 do apartado de sociolingüística das Probas de Acceso á Universidade titulado “Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma”. Terá que utilizar de novo parte desta información (concretamente a que aparece na páxina 101) para elaborar os temas 4, 5 e 6, segundo se lle indica na unidade seguinte desta guía.

No apartado “Análise de textos” asimile a información relativa aos conectores textuais e ás relacións temporais e aplíquea ás producións propias.

En “Estudo da lingua” segue nesta unidade a análise e caracterización da oración composta: neste caso as compostas por subordinación. Repare nos diferentes tipos, nas funcións sintácticas que poden desempeñar e nos nexos que as introducen. Na páxina 115 aparece o modelo de análise arbórea das oracións subordinadas: fíxese ben na estrutura das mesmas; igual que indicamos nos outros tipos de oracións das que nos ocupamos en unidades anteriores, agás que o seu titor ou titora lle indique algo en sentido contrario, en principio son válidos todos os modelos de análise.

6.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2 e 3 de *Comprensión de texto* da páxina 99.
- Realice as actividades 1, 2, 4, 5, 6 e 7 da páxina 106 para practicar os diferentes tipos de desviacións da norma e mellorar a súa competencia lingüística neste punto.
- Realice as actividades 1 e 2 da páxina 109 para practicar os mecanismos de cohesión.
- Realice as actividades 1, 2, 5 e 7 da páxina 116 sobre a oración subordinada.

- Realice as actividades 2, 3, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 10 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 118 e 119) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

6.4 Actividades de titoría

Na titoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades 8 e 9 da páxina 116.
- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 117).
- Actividade número 1 do apartado *Competencia lingüística* (páxina 118).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 120 e 121).

7. Unidade 6. O galego no século XX

7.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Coñecer, analizar a reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
- Coñecer a evolución da lingua galega durante o século XX.
- Distinguir e dominar os procedementos de recorrencia de palabras que dan cohesión aos textos.
- Recoñecer trazos básicos do léxico do galego: a estrutura en monemas das palabras, procedementos de creación de palabras: derivación, composición, parasíntese e procedementos de abreviación e os campos léxicos.

7.2 Suxestións para o estudo

No apartado titulado “A lingua e os falantes” (páxinas 126 a 129) aparece información sobre a historia da lingua galega no século XX. Na distribución temática que debemos ter en conta para o exame das PAU esta información corresponde con tres preguntas diferentes que elaborará tendo en conta as seguintes indicacións:

- Para o tema 4 titulado “O galego no primeiro terzo do século XX” complete a información que atopa nesta unidade 6 coa que lle ofrece a unidade 5 baixo o título “galego enxebriante” (páxina 101) referente ás características da lingua e coa que figura no tema 8 (páxinas 172 e 173) sobre a situación sociolingüística.
- Para o tema 5, “O galego de 1936 a 1975”, complete a información que figura na páxina 128 co título “As décadas da ditadura” coa que aparece na unidade 5 baixo o epígrafe “galego protoestándar” (páxina 101) sobre as características lingüísticas do galego nesta etapa e coa unidade 11 (páxinas 242 e 243) onde se incide nalgunha das ideas expostas.
- Para o tema 6, “O galego a finais do século XX e comezos do XXI”, complete a información que aparece nesta unidade baixo o título “O período democrático” coa que figura na unidade 7 como “O galego hoxe” (páxinas 148-151), na unidade 5 baixo o título “galego estándar” (páxina 101) e na unidade 14 sobre a situación sociolingüística (páxina 315).

Nos apartados titulados “O traballo escrito” e “Análise e textos” aparecen consellos referidos á revisión e corrección dun texto e información sobre os mecanismos de cohesión do mesmo. Aplique esta información ás producións propias.

No apartado “Estudo da lingua” ocúpase esta unidade da estrutura e formación de

palabras e análise morfolóxica. Asimile a clasificación dos monemas (seralle útil o esquema que aparece na páxina 134), os principais valores que posúen os prefixos e sufixos, os tres procesos de formación de palabras: composición, derivación e parasíntese e o concepto de campo léxico. Consulte no apéndice final as páxinas 352 e 353 nas que figura unha listaxe de prefixos e sufixos cos seus valores.

7.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2, 3 e 4 de *Comprensión do texto* da páxina 125.
- Realice a actividade 1 da páxina 133 para practicar os mecanismos de cohesión do texto.
- Realice as actividades 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8 e 9 da páxina 138 para practicar a análise e estrutura das palabras.
- Realice as actividades 3, 5, 6, 7, 8 e 10 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 140 e 141) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

7.4 Actividades de titoría

Na titoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 139).
- Actividades 1 e 2 do apartado *Competencia lingüística* (páxina 140).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 142 e 143).

8. Unidade 7. O galego hoxe

8.1 Criterios de avaliación

Ao final desta unidade debería ser vostede capaz de:

- Comprender o contido, intención e propósito de discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Coñecer a situación do galego na actualidade nas súas distintas funcións e valorar as súas perspectivas de futuro.
- Coñecer e aplicar os factores que interveñen na adecuación textual.
- Recoñecer o obxecto de estudo da semántica e identificar significado denotativo, significado connotativo e as diferentes relacións semánticas: sinonimia, polisemia, homonimia e antonimia.

8.2 Suxestións para o estudo

Para a información que aparece no apartado “A lingua e os falantes” (páxinas 148 a 151) remitimos ao indicado neste mesmo apartado na unidade anterior.

En “Análise de textos” (páxina 154) fíxese nos factores que interveñen na adecuación dun texto e aplique esta información ás producións propias.

En “Estudo da lingua” esta unidade está dedicada ao significado. Fíxese nas relacións semánticas mencionadas: sinonimia, polisemia, homonimia e antonimia e nos diferentes tipos existentes en cada unha delas. Asimile tamén o concepto “campo semántico” e as causas dos cambios semánticos.

8.3 Actividades de autoavaliación

- Realice as actividades 1, 2, 3 e 4 de *Comprensión do texto* da páxina 147.
- Realice a actividade 3 da páxina 152 para reflexionar sobre algún dos contidos teóricos que vén de estudar.
- Realice as actividades 1, 2, 6, 7 e 10 da páxina 162 para practicar os contidos semánticos que vén de estudar.
- Realice as actividades 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do apartado *Competencia lingüística* (páxinas 164 e 165) para mellorar a calidade da súa lingua oral e escrita e repasar algúns dos aspectos estudados no curso anterior.

8.4 Actividades de tutoría

Na tutoría revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Actividades do apartado *Comentario de texto* (páxina 163).
- Actividade 1 do apartado *Competencia lingüística* (páxina 164).
- Actividades de *Síntese e avaliación* (páxinas 166 e 167).

9. Unidade 8. Primeiro terzo do século: a lírica

9.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer os cambios históricos, socioeconómicos e culturais que marcaron o inicio do século XX en Galicia.
- Comprender como as distintas situacións históricas xeran necesidades e solucións literarias diferentes (o tempo das Irmandades e a xeración das vangardas).
- Coñecer as características propias da obra poética de Noriega Varela (temas e estilos) e mais de Ramón Cabanillas (temas da súa poesía lírica; temas, obras e intención da súa poesía narrativa).
- Realizar un comentario de textos no que se poidan recoñecer e apreciar as características temáticas, estilísticas e ideolóxicas dos autores citados.
- Coñecer os principais movementos vangardistas do século XX e os que se produciron en Galicia.
- Coñecer a obra e as características de estilo dos principais poetas desta xeración (Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro).
- Realizar un comentario de textos no que se poida interpretar, recoñecer e apreciar a riqueza de temas, recursos estilísticos e intención dos poetas vangardistas mencionados, distinguindo as características de cada tendencia.

9.2 Suxestións para o estudo

A unidade 8 “(Primeiro terzo do século XX: a lírica)”, xunto coa 9 e coa 10, presenta a produción literaria do primeiro terzo do século XX que estará protagonizada por tres xeracións de autores cuxa obra estudaremos nas unidades 8 (lírica), 9 (prosa) e 10 (teatro). Cada unha destas xeracións vai buscar unha vía literaria de expresión ben distinta, debido aos profundos cambios sociais deste período. Polo tanto deberá vostede comezar polo apartado “Galicia no primeiro terzo do século XX”, facendo unha lectura comprensiva e, a ser posible, un breve resumo ou esquema, tendo en conta os cambios sociais (causas da decadencia da fidalguía e aparición da burguesía) e culturais (nacemento do nacionalismo nos seus tres momentos). Para completar a panorámica, convén que teña en conta o recadro “Repara” da páxina 176, onde se fala do movemento agrarista, impulsor da maior parte dos cambios estudados.

Esta unidade, en concreto, móstranos as distintas vías que atopou a lírica durante ese período, que en poesía dá cabida a dúas xeracións de autores.

Na primeira xeración (páxinas 174 a 177) destácase a Antón Noriega Varela e Ramón Cabanillas, autores formados no século XIX pero activos no XX. O apartado “A lírica entre dous séculos” é unha introdución, tras da cal pasará vostede ao estudo de Noriega Varela, realizando as actividades recomendadas. O mesmo Ramón Cabanillas, previa lectura introdutoria do apartado “A lírica das Irmandades”. Na páxina 361 a “Antoloxía de

textos” recolle outros dous poemas destes autores (textos 1 e 2).

Nun segundo bloque de contidos (páxinas 180 a 187) dáse información sobre outra xeración (os máis novos) de poetas, que procuran vías de expresión máis modernas (vangardistas), como sucedía nas artes de Occidente. A lectura inicial da unidade, “Unha exposición dadaísta” (páxinas 170 a 171), coas actividades recomendadas, é unha boa introdución ao concepto de vangarda, que aparece detalladamente explicado na páxina 180: “A lírica das vangardas. Os movementos de vangarda”, así como no recadro inferior “Repara” da páxina 181. O apartado seguinte, “As vangardas galegas” (páxinas 181 e 182), explica que diferentes tendencias se deron na Galicia daqueles anos. A lectura detallada destas páxinas iniciais permitirá pasar a estudar cada caso de forma individualizada (en orde inversa á desenvolvida no esquema da páxina 181), empezando por Manuel Antonio e o Creacionismo (páxinas 183 e 184, máis un poema na páxina 361), ao que se lle dedica o comentario de texto (páxinas 190-191).

Continuando coas vangardas (esta vez, a tendencia paisaxística), a páxina 185 fala de Luís Amado Carballo e o Hilozoísmo. Finalmente, o terceiro grupo de vangardas (que retoman a tradición dos Cancioneiros medievais) explícase nas páxinas 186 e 187, dedicadas a Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunheiro.

9.3 Actividades de autoavaliación

- Para o primeiro bloque de contidos (Noriega Varela e Ramón Cabanillas):
 - Realice os exercicios 1 e 2 de “Síntese e avaliación” (páxina 192).
 - Realice as actividades de “Análise de textos” 1 e 3. En caso de dúbida, aplique os enunciados aos textos 1 e 2 da páxina 361 e pida a opinión do titor.
- Para o segundo bloque de información (As vangardas):
 - Lea detidamente o texto das páxinas 170-171 e realice as actividades 1 á 5.
 - Realice os exercicios 4, 5, 6, e 7 de “Síntese e avaliación” (páxinas 192-193).
 - Realice os exercicios 1, 3, 4 e 5 de “Análise de textos” (páxinas 188-189). En caso de ter dúbidas, consulte co titor sobre a adecuación das súas respostas.

9.4 Actividades de titoría

Despois de ler de modo comprensivo os dous bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 2 de *Análise de textos* da páxina 178.
- Actividades seleccionadas polo profesor do “Comentario de texto” (páxinas 190-191).

10. Unidade 9. Primeiro terzo do século: a prosa

10.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Ter coñecementos sobre a creación en prosa dos tres diferentes movementos literarios deste período.
- Coñecer e apreciar a obra dos autores “entre séculos” e os de vangarda, tanto dende o punto de vista literario e estilístico como na súa dimensión social.
- Coñecer a importancia da Xeración Nós, tanto na dimensión literaria como na histórico-social.
- Coñecer a obra en prosa de cada un dos autores de Nós e poder realizar un comentario literario dun texto dado.

10.2 Suxestións para o estudo

A unidade 9, “Primeiro terzo do século XX: a prosa”, aborda a produción en prosa (narrativa e ensaio) das tres xeracións de autores que coexisten no período que tratamos: os autores “entre dous séculos”, os da Xeración Nós e os máis novos das vangardas.

Esta unidade presenta dous bloques de información: en primeiro termo a obra prosística dos escritores “vellos” e dos máis novos e, no segundo bloque, a produción en prosa, moito máis relevante, da Xeración Nós.

En canto ao primeiro bloque de información (“A prosa entre dous séculos” e “A prosa das Irmandades”), haberá que ter en conta as condicións históricas e socioculturais da Galicia de principios do XX (véxanse, para refrescar ideas, as páxinas 172-173 da unidade anterior), para poder encadrar os autores que estudaremos no seu contexto. Estes serán, en primeiro lugar, Manuel García Barros e, en segundo lugar, os prosistas, ensaístas e xornalistas das Irmandades (para lembrar en detalle o xénero e os subxéneros literarios, véxanse as páxinas 359 e 360 do “Apéndice”).

A seguir, poderá vostede pasar ao seguinte apartado, “A prosa das vangardas”, representada aquí por Rafael Dieste, un dos novos escritores xurdidos do Seminario de Estudos Galegos (recórdese a páxina 181: “As vangardas galegas”).

Para rematar este primeiro bloque de información, pode vostede realizar as actividades de autoavaliación recomendadas.

O segundo bloque de información está integramente dedicado á Xeración Nós. Para comprender que foi e que alcance tivo este grupo, lea atentamente o apartado “A xeración Nós: a prosa” (páxinas 202-203), prestando especial atención aos recadros “Repara”.

Unha vez sintetizados estes contidos de introdución, poderá pasar ao estudo dos tres principais autores: Vicente Risco (páxinas 204-206), Ramón Otero Pedrayo (páxinas 207-209) e Castelao (páxinas 212-214). Finalmente, poderá realizar as actividades recomendadas. Pida axuda ao titor para resolver as dúbidas que se lle presenten, así como para comprobar a adecuación dos seus exercicios de autoavaliación.

10.3 Actividades de autoavaliación

- Para o primeiro bloque de información (“A prosa entre dous séculos”, “A prosa das Irmandades” e “A prosa das vangardas”):
 - Realice as actividades 1 e 2 de “Síntese e avaliación” (páxina 218).
 - Realice a actividade 2 da páxina 201.
- Para o segundo bloque de información (“A prosa da xeración Nós”):
 - Realice as actividades 3, 4, 5, 6, 7 e 8 de “Síntese a avaliación” (páxinas 218-219).
 - Realice as actividades 1 e 3 das páxinas 210-211.
 - Lea o texto das páxinas 196 e 197 e realice as actividades 1, 2 e 3 da páxina 197.
 - Realice a actividade 1 da páxina 215.

10.4 Actividades de titoría

Despois de ler e assimilar os dous bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Realice os exercicios 2 e 4 das páxinas 210 e 211.
- Realice o exercicio 2 da páxina 215.
- Actividades seleccionadas polo profesor do “Comentario de texto” (páxina 216).

11. Unidade 10. Primeiro terzo de século: o teatro

11.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer as distintas tendencias da dramaturxia no primeiro terzo do século XX.
- Coñecer e comentar a importancia do teatro dentro das Irmandades da fala, así como a obra dos principais dramaturgos asociados a este grupo.
- Coñecer e comentar o teatro de Rafael Dieste.
- Coñecer as innovacións que supuxo a dramática da Xeración nós, así como a obra dos tres autores citados.

11.2 Suxestións para o estudo

Esta unidade, “O primeiro terzo do século XX: o teatro”, é a que cerra o período que vimos de tratar nas dúas anteriores, pero atendendo á produción dramática.

A información que aquí se ofrece está estruturada exactamente igual que na unidade anterior, polo que vostede deberá seguir os mesmos pasos: primeiramente, deberá vostede introducirse no estudo do teatro desa época coa lectura atenta do apartado “O teatro entre dous séculos” (páxina 224), no que se explican as preferencias dramáticas da época, e despois pasar ao apartado “O teatro das Irmandades”, onde se dá conta das innovacións que os homes das Irmandades da Fala incorporaron ao xénero dramático, o máis cultivado por eles. A seguir, poderá vostede pasar a estudar aos tres autores aquí destacados : Manuel Lugrís Freire, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte e Armando Cotarelo. Despois poderá vostede realizar as actividades de autoavaliación indicadas.

“O teatro das vangardas”, enfocado sobre Rafael Dieste, tamén explica as achegas dos autores máis novos deste período de guerra.

No segundo bloque de información atopará vostede explicacións sobre “A xeración Nós: o teatro”, especificando as innovacións que estes autores incorporan sobre as xa traballadas pola xeración anterior (a das Irmandades), e todo isto exemplificado sobre as pezas dramáticas de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Castelao. Tras estudar e esquematizar tamén este segundo bloque de contidos poderá vostede realizar as actividades de autoavaliación indicadas.

11.3 Actividades de autoavaliación

- Para o teatro das Irmandades e das vangardas:
 - Lea atentamente o texto das páxinas 222-223 e realice as actividades 1, 2, 3 e 4.
 - Realice as actividades 1, 2 e 3 de “Síntese e avaliación” (páxina 236).
 - Realice os exercicios 1 e 2 das “Actividades” (páxina 229).
- Para o teatro da Xeración Nós:
 - Realice as actividades 4, 5 e 6 de “Síntese de avaliación” (páxina 237)

- Realice as “Actividades” 1 e 2 da páxina 233.

11.4 Actividades de titoría

Despois de ler e asimilar os dous bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- “Actividade” 3 da páxina 229.
- “Actividade” 2 da páxina 233.
- “Comentario de texto (páxinas 234-235), exercicios 1 ao 11, ou os que seleccione o titor.

12. Unidade 11. Entre 1936 e 1976: a lírica

12.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Dispor dunha idea de conxunto da poesía galega entre 1936 e 1976.
- Coñecer e apreciar as características de tema e estilo das distintas xeracións e autores.
- Interpretar os textos no seu valor connotativo.
- Realizar un comentario de texto dalgún dos poemas pertencentes a este período.

12.2 Suxestións para o estudo

Con esta unidade (e mais a 12 e a 13) iníciase o estudo da produción literaria dende a posguerra ata o final da ditadura franquista, concretamente coa lírica. Este período de case corenta anos acolle a catro xeracións de autores, que na unidade aparecen agrupadas en dous bloques de información, amais da introdución sociohistórica.

Deberá vostede comezar polo apartado “Galicia entre 1936 e 1976” (páxinas 242-243), onde se detalla a situación global da Galicia deses anos. No subapartado “Contexto histórico” represéntase nun cadro a situación das dúas etapas (unha, de posguerra, nas décadas dos corenta e os cincuenta; a outra, dende os sesenta ata o final da ditadura, en 1976), o que explica a distribución dos contidos literarios destas unidades en dous bloques de información. Despois de ler atentamente e resumir ou esquematizar esta introdución, poderá vostede pasar aos contidos literarios.

O primeiro bloque informativo abrangue a produción poética dos corenta e dos cincuenta. Iníciase con “A lírica no exilio” (convén que vostede teña clara a diferenza entre exilio e emigración), que se corresponde coa produción dos anos corenta fóra de territorio español. A seguir, poderá vostede pasar a estudar os autores destacados (Luís Seoane e Lorenzo Varela).

A seguir, dentro deste primeiro bloque de información, tamén se expón unha panorámica da poesía feita en Galicia (“A lírica galega: 1936-1976”), que lle axudará a vostede a ter unha idea esquematizada dos contidos que se desenvolven a continuación. Para finalizar, iníciase o estudo do seguinte movemento poético, a chamada “Xeración de 1936” (páxinas 247 a 250) e os autores que a integran: Aquilino Iglesia, Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Álvarez Blázquez. Tras asegurarse de que comprende vostede a cronoloxía destes movementos líricos, poderá vostede pasar a estudar a obra de cada un destes autores e realizar os exercicios de autoavaliación indicados.

No segundo bloque de información continuamos con “A promoción de enlace” (páxinas 252-253) e finalmente “A xeración das Festas Minervais” (páxinas 254 a 258). En ambos casos, deberá vostede situalas cronoloxicamente (véxase o esquema da páxina 246), iniciar a comprensión e estudo das características principais e dos autores e os textos en concreto, e despois realizar as actividades de autoavaliación recomendadas. Pida axuda ao titor para resolver as dúbidas que se lle presenten, así como para comprobar a adecuación dos seus exercicios de autoavaliación.

12.3 Actividades de autoavaliación

- Lírica do exilio:
 - Realice as actividades 1 e 2 da “Síntese e avaliación” (páxina 262).
 - Realice o exercicio 1 das “Actividades” (páxina 251).
- Xeración de 1936:
 - Realice a Lectura da páxina 240-241 e os exercicios 1, 2, 3 e 5 (páxina 241)
 - Actividades 4 da *Síntese e avaliación* (páxinas 262).
- Promoción de enlace:
 - Actividades 4, 5 e 6 (páxina 242).
- Xeración das Festas Minervais:
 - Exercicios 5, 6 e 7 da “Síntese e avaliación” (páxina 263).
 - Exercicios 1, 2 e 3 das “Actividades” (páxina 259).

12.4 Actividades de titoría

Despois de ler e asimilar os dous bloques de información, e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicio 3 das “Actividades” (páxina 251).
- Exercicio 4 das “Actividades” (páxina 259).
- “Comentario de texto” (páxina 260): exercicios seleccionados polo titor.

13. Unidade 12. Entre 1936 e 1976: a prosa

13.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Dispor dunha visión global do panorama da prosa de 1936 a 1975, coas súas etapas e cadanseu autor.
- Poder ler un texto de calquera destes autores, sendo capaz de determinar o tema e recoñecendo os recursos formais que o caracterizan, e deducir a súa relación coa época na que se deron.
- Comprender a renovación prosística (de temas e de estilos) que se dá na produción destes anos, e poder apreciála e xustificála.

13.2 Suxestións para o estudo

A presente unidade, “Entre 1936 e 1976: a prosa”, complementa a anteriormente vista e como aquela, está dividida en dous bloques de información. Antes de empezar con cada un deles, se cadra debería vostede ler atentamente o apartado “A prosa galega: 1936-1976” (páxina 270), onde se explican os trazos xerais deste período, e tamén se fai unha esquematización das catro tendencias que imos estudar.

O primeiro presenta “A prosa no exilio” (páxinas 268-269) e “A narrativa de posguerra” (páxinas 271 a 275). Cómpre que vostede faga unha lectura atenta de cada unha destas informacións e dos autores que nelas se recollen (prestando especial atención a Fole, Cunqueiro e Blanco Amor) para que logo poida realizar os exercicios de autoavaliación recomendados.

No segundo bloque de información atopará vostede “A narrativa galega a partir dos anos 60” (páxinas 278 a 283), onde se dá conta da chamada Nova Narrativa Galega (páxina 278) e dos seus principais representantes: Xosé Luís Méndez Ferrín (páxinas 279-280) e Carlos Casares (281), con outros contemporáneos, como María Xosé Queizán e Xosé Neira Vilas. Recoméndase primeiramente facer unha lectura atenta, esquematizando, das características xerais da Nova Narrativa para logo pasar a cada un dos autores indicados, contrastando as ideas que se manexan cos textos das actividades que se van realizando.

13.3 Actividades de autoavaliación

- Exercicios 1, 2 e 4 da *Lectura* (páxina 267).
- Para os anos 50:
 - Realice os exercicios 1, 2 e 3 de *Síntese e avaliación* (páxina 288).
 - Exercicios 1 e 3 das *Actividades* (páxinas 276 e 277).
- Para os anos 60:

- Realice os exercicios 4, 5 e 6 de *Síntese e avaliación* (páxina 288).
- Exercicios 1 e 2 das *Actividades* (páxina 284).

13.4 Actividades de titoría

Despois de ler e asimilar os dous bloques de información e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicios 1, 2 e 5 da *Comprensión do texto* (paxinas 266-267).
- Exercicio 3 das “Actividades” (páxina 277).
- “Comentario de texto” (páxina 286): exercicios seleccionados polo titor.

14. Unidade 13. Entre 1936 e 1976: o teatro

14.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer o panorama teatral galego de 1936 a 1975, cos seus tres momentos fundamentais.
- Coñecer as claves de cada época, dos autores e as súas obras.
- Comprender a estreita relación entre o feito teatral destes anos e a realidade social que se vivía.

14.2 Suxestións para o estudo

Esta unidade completa e finaliza a literatura entre 1936 e 1975, agora orientada cara ao estudo do teatro. Como nas unidades anteriores, hai dous bloques de información atendendo as dúas épocas que forman o período: o primeiro bloque dá conta do teatro no exilio e na posguerra, nos anos 40 e 50 (páxinas 294 a 298), mentres que o segundo presenta o teatro nas últimas décadas do franquismo, nos anos 60 e 70 (páxinas 300 a 304). Procederáse, como nas anteriores, a realizar primeiro o estudo e actividades do bloque inicial, e despois do segundo.

14.3 Actividades de autoavaliación

- Exercicios 1, 2 e 4 da Lectura (páxina 193).
- O teatro no exilio e na posguerra:
 - Exercicios 1, 2 e 3 de *Síntese e avaliación* (páxina 308).
 - Exercicio 1 das *Actividades* (páxina 299).
- “A dramática social”:
 - Exercicios 4, 5 e 6 de *Síntese e avaliación* (páxina 309).
 - Exercicios 1 e 2 da *Análise de textos* (páxina 305).

14.4 Actividades de titoría

Despois de ler e asimilar os dous bloques de información e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicios 1, 2, 3 e 5 de *Comprensión do texto* (páxinas 292-293).
- Exercicio 3 das “Actividades” (páxina 299).

- “Comentario de texto” (página 306): ejercicios seleccionados polo titor.

15. Unidade 14. A literatura actual

15.1 Criterios de avaliación

Ao final da unidade debería ser vostede capaz de:

- Coñecer as liñas xerais da produción literaria da actualidade, atendendo aos tres xéneros tratados.
- Comprender e determinar as liñas temáticas e formais tratadas polos autores nos seus textos.

15.2 Suxestións para o estudo

Esta derradeira unidade é a máis ampla, pois inclúe a poesía, prosa e teatro da actualidade (1975 aos nosos días). Á introdución, ou contexto sociohistórico (páxinas 314-315) seguen desta vez os tres bloques de información que desenvolverán a produción literaria de cada un dos xéneros citados.

Interesa moito, primeiramente, deterse con moita atención no marco histórico, para entender as profundas transformacións sociais que tiveron lugar dende 1975 (remate da ditadura, Transición, Constitución, Estado das Autonomías...) para comprender o porqué dos novos modelos literarios que veremos a seguir.

O primeiro bloque de información, que trata sobre a poesía (páxinas 316 a 319) iníciase cun esquema que lle mostrará as dúas distintas etapas vividas na escrita: a década dos 80 (estudará vostede a Ramiro Fonte e a Miguel Anxo Fernán-Vello) e a dos 90 (Miro Villar e o resto da promoción). Posteriormente, poderá pasar a facer os exercicios de autoavaliación.

O segundo bloque (páxinas 322 a 325) mostra brevemente a traxectoria da prosa narrativa e do ensaio (panorámica xeral na páxina 322), e a seguir estudará vostede algúns dos narradores dos anos 80: Darío Xohán Cabana, Suso de Toro e Manuel Rivas. A seguir, realice vostede as actividades de autoavaliación.

O terceiro bloque (328 a 331) informa sobre o teatro na actualidade, describindo as claves da promoción dos 80 e mais da dos 90 (páxina 328), para logo pasar a afondar en autores como Xesús Pisón, Gustavo Pernas e Cándido Pazó, co que poderá realizar vostede as actividades de autoavaliación.

15.3 Actividades de autoavaliación

- Exercicios 1, 2 e 3 da Lectura (páxina 313).
- Poesía:
 - Lectura dos textos suxeridos no *Apéndice* (páxinas 374-375).
 - Exercicios 1 e 2 de *Síntese e avaliación* (páxina 336).
 - Exercicios 2 e 6 da *Análise de textos* (páxinas 320-321).
- Prosa:
 - Exercicios 3 e 4 de *Síntese e avaliación* (páxinas 336-337).

- Exercicios 1,3 e 5 das Actividades (páxinas 326-327)
 - Teatro:
- Exercicios 5 e 6 de *Síntese e avaliación* (páxina 337).
- Exercicios 1 e 3 da *Análise de textos* (páxinas 332-333).

15.4 Actividades de titoría

Na aula realizarase o repaso da unidade e revisaranse os exercicios de autoavaliación, comentarios e observacións sobre a materia.

Despois de ler e asimilar os dous bloques de información e de traballar coas actividades, solicite axuda do titor para comprobar a adecuación do seu comentario de texto, así como a dos exercicios de autoavaliación ou conceptos sobre os que teña dúbidas.

Na clase revisaremos as actividades que lle indicamos de seguido:

- Exercicios 1, 2, 3 e 4 da *Comprensión do texto* (paxinas 312-313).
- Exercicio 1 das “Actividades” (páxina 320).
- “Comentario de texto” (páxina 334-335): exercicios seleccionados polo titor.

16. Solucións ás actividades de autoavaliación

16.1 Unidade 1

Exercicios de comprensión do texto (páxina 7)

- 1. Os significados que posúen estas palabras no texto son os seguintes:
 - Pedante: que presume de maneira inoportuna do seu moito saber ou da súa moita erudición.
 - Fastío: sensación de enfado ou cansazo que produce algo que molesta ou non divirte.
 - Recanto: lugar retirado ou escondido.
 - Arrecender: exhalar un cheiro agradable.
- 2. As opcións correctas son as seguintes:
 - O protagonista marcha a Nova York para participar nunha película.
 - O protagonista viviu nun piso durante dous meses.
 - En Nova York, o protagonista descubriu a comunidade galega do barrio de Queens.
 - A nai do protagonista chámase Lucía.
- 3. O texto está ambientado en París e mais en Nova York na época da posguerra, no ambiente dos exiliados da Guerra Civil, como se evidencia nos anacos de texto que reproducimos de seguido: «Claro que os galegos de Queens eran traballadores, non exiliados», «Nese anaco, os galegos plantaban grelos e nabizas, cantaban alalás, facían unha “pulpada” e falaban tranquilamente de cando Franco morrese...», «Ao mellor, cando vin os galegos de Queens, pensei que os de Galicia serían iguais, e tiveren envexa da súa paz apolítica, da súa distancia morriñosa...».
- 4. En París o protagonista xogaba ao póker e vivía as noites con medo ao sentirse perseguido polos «asasinos de nenos»; en Nova York, pola contra, podía ir andando aos sitios, coller un taxi, ir no metro, ir no autobús: «en Nova York facía esas cousas que en París nin se me pasaban pola cabeza desde había anos».
- 5. Unha das funcións da lingua é a de identidade. Esta función serve para cohesionarnos como grupo e para individualizarnos fronte a outros, xunto con outros trazos culturais e sociais. No texto o autor observa os galegos de Queens, fala deles como un grupo definido («que se sumaban aos italianos, os irlandeses, os ucraínos e os polacos»), e destaca varios elementos («plantaban grelos, cantaban alalás, facían unha “pulpada”») que os individualizan. Pero o factor principal desa identificación con eles (función de identidade) é a lingua («Cando un camiñaba por Queens, oía falar galego dentro das casas, nos xardíns, cos nenos xogando na rúa»).

Exercicios de análise de textos (páxina 15)

- 1. De seguido presentamos os dous textos estruturados coherentemente (a barra marca o cambio de parágrafo). Posibles títulos serían “O proceso de circulación do sangue” para o primeiro e “A lenda da Braña de Sapal” para o segundo:

- Texto 1: o sistema cardiovascular conduce e fai circular o sangue. No ser humano a circulación sanguínea realiza dous circuitos a partir do corazón: a circulación maior e a menor. / Na circulación maior, ou somática, a circulación do sangue comeza no ventrículo esquerdo do corazón, cargado de osíxeno, e esténdese pola arteria aorta e as súas ramas arteriais ata o sistema capilar, onde se forman as veas que conteñen sangue pobre en osíxeno. Desembocan nunha das dúas veas cavas (superior e inferior) que drenan na aurícula dereita do corazón. / Na circulación menor ou pulmonar ou central, o sangue pobre en osíxeno parte desde o ventrículo dereito do corazón pola arteria pulmonar, que se bifurca en senllos troncos para cada un dos pulmóns. Nos capilares alveolares pulmonares, o sangue osixénase a través dun proceso coñecido como hematose e recondúcese polas catro veas pulmonares que drenan o sangue rico en osíxeno na aurícula esquerda do corazón.
 - Texto 2: a Braña de Sapal está entre Miñata, lugar da parroquia de San Martiño de Oca, Coristanco (A Coruña) e Noví, na parroquia de Santa María de Ardaña. Desde sempre sabíase que había alí unhas pozas polas que ninguén se atrevía a pasar e tamén se sabe que unha vez pasou unha besta por aqueles illós e afogou. Desde entón, o que se empeñe en pasar por alí afoga seguro. En Miñata e en Noví saben o da besta porque todos os anos o día 19 de agosto, ás doce en punto da noite, senten o seu rinchar.
- 2. De seguido ofrecemos as respostas ás cuestións formuladas:
 - Unha receita de cociña ten como finalidade instruír; o horóscopo, prognosticar; un prospecto de medicamento, informar; un conto popular, narrar e un artigo de opinión, convencer.
 - Outros exemplos de textos con iguais propósitos son: as instrucións de uso de electrodomésticos tentan instruír; as predicións meteorolóxicas no xornal, prognosticar; os anuncios publicitarios, convencer; os artigos de xornal, informar e unha novela, narrar.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 22)

- 1. Presentan vogal aberta as palabras *terra, papel, farol, roda e porta*; as restantes palabras teñen vogal pechada.
- 2. Presentan ditongo as palabras *pouco (pou-co), bebeu (be-beu), viaxe (via-xe) e caseiro (ca-sei-ro)*. As restantes palabras presentan hiatos: *perdoar (per-do-ar), lúa (lú-a), muiño (mu-í-ño) e caótico (ca-ó-ti-co)*.
- 5. Indicamos de seguido o punto e modo de articulación das consoantes sinaladas. Consulte o símbolo fonético no cadro da páxina 20 do seu manual:
 - *Cea*: son interdental fricativo xordo.
 - *Quilo* [k]: son velar oclusivo xordo.
 - *Algunha*: son velar nasal sonoro.
 - *Lapis* [l]: son alveolar lateral sonoro.
 - *Chorar*: son palatal africado xordo.
 - *Carro*: son alveolar vibrante múltiple sonoro.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 24 e 25)

- 2. De seguido figuran as palabras propostas no exercicio precedidas do artigo que corresponde: a éxtase, o diadema, os lentes, a acedume, a masacre, a atenuante, a velame, a estrataxema, a fraude, o cometa, os antípodas, a síndrome, o roibén e a agravante.

- 3. Os plurais son: ollomoles, somieres, álbums, robots, cónsules, compases, dólares, tests, reis, papasoles, cadrís, farois, riles e icebergs.
- 4. As formas correctas son: talvez, deseguido, apenas, de contado, devagar, de balde e a miúdo.
- 6. De seguido ofrecemos reescritas as oracións coa forma galega correcta:
 - O concursante non soubo contestar a última pregunta que lle formularon.
 - Acompañarte á túa casa non me supón problema ningún. Cólleme de camiño.
 - Na reunión de empresa suxerín varias opcións pero ningunha foi aceptada.
 - Ninguén presentou obxeccións cando propuxen ir de vacacións a Lisboa.
 - O que suscitou as sospeitas da policía foron as manchas de sangue que había no cuarto.
 - Estou considerando vender o piso e comprar unha casa na aldea.
- 9. Relacionamos cada expresión co seu significado:
 - A: resignación, desgusto.
 - B: asombro, sorpresa.
 - C: esaxeración.
 - D: confirmación.
 - E: présa.
 - F: atención.
 - G: tardanza excesiva.
 - H: insistencia molesta.
- 10. Ofrecemos de seguido os significados das parellas de palabras propostas:
 - *Bacilar*: adxectivo, pertencente ou relativo aos bacilos.
 - *Vacilar*: moverse dun lado para outro por carecer de estabilidade; dudar, estar inseguro intelectual e moralmente; tomar o pelo, burlarse.
 - *Basto*: sen pulir; inculto; denso, espeso, mesto; un dos catro paus da baralla.
 - *Vasto*: moi extenso, moi dilatado.
 - *Bate*: pau máis grosa polo extremo libre que pola empuñadura co que se golpea a pelota en determinados xogos como o béisbol.
 - *Vate*: adiviño, profeta; poeta.
 - *Abalar*: Transmitir a un corpo un movemento de vaivén sen modificar o seu lugar no espazo; axitar compasadamente o berce dos nenos para acougalos ou durmillos, arrolar.
 - *Avalar*: dar fe, responder da solvencia moral ou económica de alguén.
 - *Bela*: fermosa.
 - *Vela*: peza de lona ou tea forte que recolle o vento e fai andar unha embarcación; acción de velar.
- 11. As palabras son: asasino, enganar, medicina, poñer, ganancia, inocente, danar, dispoñible, estraño, campesiño, divino, entrañas, gasolina, oficina, antano e daniño.
- 12. De seguido ten o texto axeitadamente acentuado:
 - Puxen o capote vello e collín o paraugas porque chovía a caldeiros. Non había ninguén pola rúa; só tropecei cunhas mulleres de clase baixa, que se ían tapando cos seus faldróns; ademais, cuns comerciantes do país que levaban paraugas e con algúns mensaxeiros. Da xente nobre, só vin a un funcionario coma min. Vino nun cruzamento. Nada máis velo, díxeme a min mesmo: «Eh, que non, amigo, ti non

vas ao teu ministerio, vas de présa detrás desa que vai correndo diante, míraslle para os pés». Pero que bichos somos os funcionarios! Xuro por Deus que un funcionario non permitiría que o deixase quedar mal ningún oficial do exército: en canto pasa algunha cun sombreiriño vaina enganchar. Pensando iso, vin unha carruaxe chegando á tenda, xusto por onde estaba pasando eu. Recoñecina enseguida: esta carruaxe é a do noso director.

16.2 Unidade 2

Exercicios de comprensión do texto (páxina 31)

- 1. Posibles sinónimos de “parvada” son necidade, bobada, estupidez, babecada ou simpleza.
- 2. Os adxectivos solicitados son allea, tímido, dramático, cínico e incrédulo.
- 3. Un posible esquema dos pasos que se deben seguir son:
 - Retratarse antes de comezar.
 - Ler na lingua que se vai aprender.
 - Asumir o papel dun personaxe que vai aprender galego.
 - Rirse dos propios erros.
 - Desmitificar: o galego é igual que calquera outra lingua.
 - Comparar a persoa que eramos coa que somos, ou sexa, a mesma.
- 4. O texto alude a dous prexuízos aínda bastante estendidos: falar galego é patrimonio do medio rural ou de individuos dunha determinada tendencia política. Contra isto podemos indicar que o galego é unha lingua e como tal ten a funcionalidade da comunicación, que no Parlamento Galego todos os grupos políticos empregan a nosa lingua, que nas eleccións, partidos de moi diferente signo usan o galego, etc. Esta é a realidade; todo o demais son prexuízos que neste momento histórico deberían estar xa superados.

Exercicios do apartado *A lingua e os falantes* (páxina 36)

- 1. De seguido ofrecemos as respostas e exemplificación ás preguntas formuladas no texto:
 - Galicia era un país monolingüe na Idade Media. Nesta época non só o galego era a única lingua, senón tamén un idioma de prestixio usado para escribir poesía dentro e fóra das nosas fronteiras. Exemplifica estas afirmacións co seguinte texto: «E moitísimos castelanfalantes en España admiten con dificultades que a lingua da poesía fose nas súas terras o galego».
 - O castelán aparece descrito como unha lingua imposta á forza por escribáns e cregos que falaban castelán. Deu orixe á diglosia: unha lingua de poder, minoritaria, imponse a unha lingua que é a maioritaria ocupando a posición hexemónica; ante isto, os falantes da lingua maioritaria van renunciando a ela.
 - O autor interpreta que a situación de suposto bilingüismo é inviable sempre que unha das linguas estea nunha posición de inferioridade e marxinación.
- 4. Os prexuízos que transmiten esas afirmacións son os seguintes:
 - A: prexuízo: suposta falta de utilidade do galego («o galego íllanos do exterior»). Contra el podemos indicar que entre galego e castelán o nivel de intercomprensión é

moi grande e, amais, fóra de Galicia, en galego podemos entendernos moi ben con 150 millóns de falantes de portugués.

- B: prexuízo: o galego como marca ideolóxica. Posibles argumentos que o rebaten: no Parlamento Galego todos os grupos políticos empregan a nosa lingua; nas eleccións, partidos de moi diferente signo usan o galego...
- C: prexuízo: a suposta imposición do galego («imposición dunha minoría»). Posibles argumentos que o rebaten: o galego é a lingua propia de Galicia segundo está recoñecido en todos os textos legais; dificilmente pode optar á cooficialidade inherente a ela se unha porcentaxe de empregados públicos non é quen de usala; ademais, as diferentes leis e plans de normalización foron aprobados por unanimidade no Parlamento de Galicia.
- D: prexuízo: o galego como sinal de descortesía («renunciar ao galego por respecto á persoas foráneas»). Posibles argumentos que o rebaten: a verdadeira cortesía estaría en que unha persoa que viaxa a un país con lingua propia non se moleste se lle falan no idioma dese país, ou mesmo intente aprendelo (como cando viaxamos a Madrid e nos entendemos en castelán, a Londres e nos entendemos en inglés, a París e nos entendemos en francés, etc.).

Exercicios de análise de textos (páxina 39)

- 1. Os tipos aos que responden os parágrafos indicados son os seguintes:
 - O primeiro parágrafo é sintetizante porque o contido principal aparece ao final.
 - O segundo é paralelo porque todos os contidos teñen a mesma importancia, non hai unha idea principal.
 - O terceiro é analizante porque a idea principal se sitúa ao principio e despois desenvólvese ao longo do parágrafo.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 46)

- 1. As frases presentes nas oracións propostas son as seguintes:
 - *A miña bicicleta é moi vella*: temos unha fn (a miña bicicleta), unha fv (é moi vella) e unha f.adx (moi vella).
 - *Onte atopamos unha chaves no parque*: toda a oración é unha fv; dentro delas diferenciamos: onte (fadv), unhas chaves (fn), e no parque (fprep).
 - *Comenteillo onte durante o partido*: toda a oración é unha fv; dentro dela atopamos: llo (fn), onte (fadv) e durante o partido (fprep).
 - *Esa novela policial debe ser moi entretida*: esa novela policial (fn), debe ser moi entretida (fv), moi entretida (fadx).
 - *O irmán de Henrique enfermou*: temos unha fn (*o irmán de Henrique*) e unha fv (*enfermou*).
- 2. O tipo e constituíntes das estruturas propostas son os seguintes:
 - *Bastante fácil*: frase adxectiva que consta dun modificador que é o cuantificador “bastante” e un núcleo: o adxectivo “fácil”.
 - *Para o neno*: frase preposicional: consta dun relator que é a preposición “para” e un termo, a frase nominal “o neno” que á súa vez está integrada por un determinante: o artigo “o” e un núcleo: o substantivo “neno”.
 - *Vou cantar*: é unha frase verbal que ten por núcleo a perífrase verbal.
 - *O xersei vermello*: é unha frase nominal que consta dun determinante: o artigo “o”, un núcleo: o substantivo “xersei” e un modificador: o adxectivo “vermello”.

- *Axiña*: é unha frase adverbial que consta unicamente de núcleo: o adverbio “axiña”.
 - *Agás Uxía*: é unha frase preposicional que consta de relator: a preposición “agás” e termo: a frase nominal “Uxía” integrada só polo núcleo, o nome propio “Uxía”.
 - *Ollo de vidro*: é unha frase nominal integrada polo núcleo, o substantivo “ollo” e modificador: a frase preposicional “de vidro” formada por un relator: a preposición “de” e un termo, a frase nominal que ten como núcleo o substantivo “vidro”.
- 4. As oracións transformadas son as seguintes:
- Interrogativa: *Regresou tarde Laura?* usamos signos ortográficos e modificamos a entoación.
 - Imperativa: *Chegade a tempo*: modificamos o tempo verbal (imperativo) e a entoación.
 - Desiderativa: *Oxalá chova*: tempo verbal subxuntivo e usamos unha expresión específica (oxalá).
 - Exclamativa: *Xa rematou o concerto!*: usamos signos de exclamación e a entoación.
 - Dubitativa: *Quizais volva esta semana*: tempo verbal subxuntivo e adverbio de dúbida.
 - Enunciativa: *O portal débese pechar*: tempo verbal indicativo e entoación.
- 5. De seguida indicamos a clasificación das oracións propostas tendo en conta a natureza do predicado:
- A: transitiva.
 - B: recíproca.
 - C: atributiva.
 - D: intransitiva.
 - E: pasiva.
 - F: activa.
 - G: predicativa.
- 8. A clasificación segundo a presenza ou ausencia do suxeito queda como segue:
- *Castelao escribiu sempre en Galiza*: con suxeito (Castelao).
 - *Esta mañá vai un frío do demo*: sen suxeito, unipersoal.
 - *Cómese moi ben neste restaurante*: sen suxeito, impersoal.
 - *Choveu a cachón toda a noite*: sen suxeito, unipersoal.
 - *Hai poucas mazás na cociña*: sen suxeito, unipersoal.
 - *O luns iremos con Xurxo ao teatro*: con suxeito elíptico (nós).

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 48 e 49)

- 2. As palabras completas son as que de seguido lle ofrecemos na orde na que aparecen: inxustiza, licenza, edificio; diferenza, prezo, comercios; terzo, espazo, palacio, estancias; necio, presenza, desprezo, indiferenza; anuncio, xuízo, sentenza, divorcio.
- 3. A análise das formas propostas é a seguinte:
- Es: P2, pres. de ind. de «ser».
 - Saiban: P6, pres. de subx. de «saber».
 - Quixesen: P6, pret. de subx. de «querer».
 - Caiba: P1 ou P3, pres. de subx. de «cabere».
 - Forades: P5, antepret. de ind. de «ser».

- Sexan: P6, pres. de subx de «ser».
 - Dou: P1, pres. de ind. de «dar».
 - Vimos: P4, pret. de ind. de «ver».
 - Puxen: P1, pret. de ind. de «poñer».
 - Has: P2, pres. de ind. de «haber».
 - Fosedes: P5, pret. de subx. de «ser».
 - Souben: P1, pret. de ind. de «saber».
 - Vían: P6, copret. de ind. de «ver».
 - Esteamos: P4, pres. de subx. de «estar».
- 4. De seguido ofrecemos reescritas as oracións coa contracción que corresponde:
- Despois dalgunhas horas, por fin houbo acordo.
 - Quero algúns pasteis destes e daqueloutros tamén.
 - Iria e Carme marcaron cadanseu gol no partido.
 - Aquel libro xa o lin e estoutro vouno ler agora.
 - As dúas opcións teñen cadansúas vantaxes.
 - Manuel antes vivía noutra zona da cidade.
- 5. As diferenzas de significado entre as formas pronominal e non-pronominal dos verbos indicados son as seguintes:
- *Acordar*: decidir de común acordo; esperar (*Acordaron o prezo da casa; acordei ás seis da mañá*).
 - *Acordarse*: lembrar (*Acordouse de min nada máis verme*).
 - *Brindar*: beber á saúde ou en honor dalgunha persoa ou cousa (*Brindaron xuntos polo éxito da empresa*).
 - *Brindarse*: ofrecerse (*Brindouse a facer a cea para todos*).
 - *Confesar*: dicir ou recoñecer diante dunha persoa o que un fixo ou pensa, especialmente cando se trata dun delito ou pecado; declarar, revelar (*Confesou que fora el o que puxo as fotos en Internet*).
 - *Confesarse*: dicir os pecados en confesión. (*Confesouse cun cura por última vez hai case vinte anos*).
 - *Ir*: moverse cara a un lugar (*Eles foron en tren*).
 - *Irse*: marchar (*Ímonos o luns*).
 - *Manifestar*: dar a coñecer (*Na reunión o director manifestou o seu descontento coa xestión realizada*).
 - *Manifestarse*: darse a coñecer; participar nunha manifestación (*A rapaza manifestouse como unha extraordinaria pianista; Os folguistas manifestáronse polas rúas do centro*).
 - *Volver*: dar a volta, xirar; regresar, retornar (*Volve a cabeza e mira detrás túa; Volve por onde viñeches*).
 - *Volverse*: opoñerse, enfrontarse; sufrir algo ou alguén unha alteración progresiva de maneira que pasa a ser diferente (*A vítima volveuse contra o atracador e reduciuno; Co tempo, meu pai volveuse un hipocondríaco*).
- 6. Os verbos requiridos, na orde na que aparecen, son: pousar, vestir, instalar, chamar, enviar e conectar.
- 8. As parellas de sinónimos son as seguintes:
- Aflición - mágoa.

- Sensatez - xuízo.
 - Horror - arrepío.
 - Calma - acougo.
 - Vaidade - fachenda.
 - Asombro - abraio.
 - Rabia - carraxe.
 - Loucura - tolemia.
- 9. As expresións xenuínas galegas son:
 - A: Ver os lobos pasada a serra.
 - B: Levar a auga para o seu muíño.
 - C: Non ter espiña nin ósos.
 - D: Non deixar torre en pé.
 - E: Non baixar da burra.
 - F: Non ver a boia.
 - 10. De seguido ofrecemos reescrito o texto:
 - Hoxe vin o home invisible. Ben, ver o que se di ver non. Máis ben intuín. Dentro do coche aquel que estaba parado no semáforo, no carril do lado. O automóbil acendido, o semáforo vermello e o vehículo aparentemente baleiro esperando voar cando a luceciña verde se iluminara. / E vouvos contar un segredo, ssshhh... Home invisible (que así se chama) decatouse de que o intuía, entón para que non pensara eu que estou medio tola, decidiu facerse visible por un momento e apareceu como se saíse de buscar algo de chan, sentouse ben dereito no asento, miroume, díxome «ciao» cun sorriso e marchou. / Se algún día o atopades por aí, dádlle saúdos meus. Agora xa non penso que estou tola por crer no que non vexo.
 - 11. Os significados ou categoría gramatical das series de palabras propostas son os seguintes:
 - *Habano*: Cigarro puro feito de tabaco cubano.
 - *Abano*: Utensilio co que se move o aire para favorecer a súa circulación.
 - *Ai!*: Interxección.
 - *Hai*: P3, pres. de ind. de «haber».
 - *Aí*: adverbio de lugar.
 - *Hule*: tea vernizada e impermeable.
 - *Ule*: P2, imperativo de «ulir».
 - 12. As palabras correctas de entre as propostas son: madriña, mariña, pestana, submarino, canóns, rapina e liñaxe.
 - 13. As palabras son as seguintes: osíxeno, estranxeiro, enxalzar, cornixa, estraño, estender, espolio, xordo, graxa, extenso, esixir, escusa.

16.3 Unidade 3

Exercicios de comprensión do texto (páxina 55)

- 1. As voces que substitúen as palabras da lectura no seu contexto son: impulso, aquecidas, mostra e sacrificio.
- 2. Unha posible explicación das frases é a seguinte:

- Dinámica desgaleguizadora: proceso que se caracteriza pola perda do uso do galego.
 - Sistema mediático: referencia aos medios de comunicación social: prensa, radio, televisión, internet e á lingua na que se desenvolven estes medios masivos.
 - Globalización cultural: crecente internacionalización ou mundialización dos modelos culturais expandidos polos países hexemónicos política e economicamente (especialmente, Estados Unidos).
- 3. O primeiro parágrafo fai referencia a un modelo normalizador esgotado; o segundo menciona os logros iniciais do modelo normalizador; o terceiro presenta dous aspectos contrapostos do problema; o cuarto alude a un problema mal diagnosticado e, finalmente, o quinto a unha falsa idea de éxito.
 - 4. O texto pon en dúbida o proceso normalizador do galego xa que posiblemente non se atinou coa causa fundamental do proceso desgaleguizador: o abandono do galego nas áreas rurais (onde se conservara vivo durante séculos).

Exercicios do apartado *A lingua e os falantes* (páxina 60)

- 1. As ideas fundamentais de cada un dos parágrafos son as que indicamos de seguido:
 - Parágrafo 1: un informe do Comité de Expertos do Consello Europeo valora que o actual estado do galego, en campos fundamentais como o ensino e o terreo xudicial, está moi por debaixo da desexable.
 - Parágrafo 2: reconece o informe que se produciron cambios no modelo do ensino, pero que a incidencia destes cambios na práctica foi mínima. Valora positivamente medidas adoptadas sobre todo dende o 2005, como as galescolas.
 - Parágrafo 3: a realidade no eido da xustiza é peor xa que aquí o uso e a tendencia de uso son mínimas.
 - Parágrafo 4: o informe critica a falta de implicación do goberno central no proceso de normalización do galego e menciona o incumprimento que dos compromisos adquiridos fan empresas como RENFE, AENA e ADIF, entre outras.
 - Polo que se refire á relación entre os contidos sociolingüísticos analizados na unidade e o texto cómpre indicar que neste se recollen unha serie de exemplos sobre lexislación relativa á lingua galega. Isto lévanos a afirmar que o galego está teoricamente amparado polas leis, pero é a práctica, a vontade de que esta lexislación saia do papel e se plasme en realidades, a que ten moito camiño por andar.
- 3. De seguido indicamos a resposta correcta aos enunciados indicados:
 - A: avance.
 - B: retroceso.
 - C: avance.
 - D: avance.
 - E: retroceso.
 - F: retroceso.

Exercicios de análise de textos (páxina 63)

- 1. A estrutura lóxica queda reflectida nos seguintes datos:
 - Actores: Pablo Cimadevilla.
 - Feitos: nada na proba dos 200 metros estilos e chega no terceiro posto.

- Circunstancias: competía co posuidor da marca, o brasileiro Manuel Días. Sofre unha paraplexía.
- Consecuencias: consegue a medalla de bronce.

No que se refire á estrutura textual temos que dicir que esta noticia, que leva como titular “O galego de Cimadevila alcanza o bronce nos 200 metros estilos”, consta das seguintes partes:

- Encabezamento (primeiro parágrafo): ofrece os datos máis relevantes da noticia: quen? Manuel Cimadevilla; que? gaña o bronce nos 200 m; onde? nos Xogos Paraolímpicos; cando? onte (11 de setembro de 2008).
- Corpo (os tres parágrafos restantes): ampliación das circunstancias: dureza da proba e calidade dos rivais; referencia ás razóns polas que o protagonista compite; tempos marcados; o gañador da proba, etc.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 68)

- 1. As funcións sintácticas que desempeñan as estruturas sinaladas son as seguintes:
 - *En ti*: complemento de réxime ou suplemento; nel recae a acción do verbo e está formado por unha frase preposicional esixida polo verbo.
 - *Con Cristina*: complemento circunstancial de compañía; indica as circunstancias en que se dá o proceso verbal, neste caso con quen.
 - *Un reiseñor*: atributo; completa o significado do suxeito atribuíndolle unha calidade ou unha identidade; aparece sempre cos verbos copulativos.
 - *Che*: obxecto indirecto; é o destinatario da relación entre o suxeito, o verbo e o obxecto directo; a forma habitual é unha frase preposicional ou un pronome persoal átono, como neste caso.
 - *As mazás*: suxeito; sempre está formado por unha frase nominal e concorda en número e persoa co verbo (mazás - gustan).
 - *A calquera*: obxecto directo; sobre el recae directamente a acción verbal; neste caso está desempeñado por unha frase preposicional (esta adoita ser a construción con pronomes).
 - *A vós - vos*: obxecto indirecto; é o destinatario da relación entre o suxeito, o verbo e o obxecto directo; pode estar desempeñado por unha frase nominal ou preposicional e é frecuente que apareza redobrado.
 - *Moi intranquilos*: complemento predicativo; complementa á vez o suxeito e o verbo e concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire; pode estar desempeñado por unha frase preposicional ou adxectiva (como neste caso).
- 2. As oracións correctas son as seguintes:
 - A maioría dos entrevistados falou dese problema.
 - Presentáronse na casa do alcalde a filla e mais o neto.
 - A maior parte dos nenos parecen cansos.
 - A cuarta parte dos asistentes decidiu non votar.
 - Xoán e un amigo seu resultaron feridos no accidente.
 - Unha ducia de sardiñas non chega.
- 4. As oracións resultantes son as seguintes:
 - *Eles convidaron á festa a Paulo*: OD formado por un nome propio, con preposición.
 - *O teu discurso molestou os convidados*: regra xeral (o OD non leva preposición).

- *Aquela película de Drácula asustounos a todos*: OD formado polo pronome «todos», con preposición.
 - *Onte venceron os brasileiros aos alemáns*: OD con preposición para evitar ambigüidades.
 - *Atopei un compañeiro de clase na praia*: regra xeral (o OD non leva preposición).
 - *Un mosquito picouna a ela no brazo*: OD formado por un pronome persoal, con preposición.
- 5. As funcións sintácticas desempeñadas polas estruturas marcadas son as seguintes:
- *Esa canción é ben coñecida por Roi*: axente/ Agardei por Roi dúas horas: complemento de réxime.
 - *Coidade do neno*: complemento de réxime/ *O can do neno escapou*: modificador.
 - *O ladrón tirou co coitelo no chan*: complemento de réxime/ *Cortei o queixo co coitelo*: complemento circunstancial.
 - *O construtor preguntou polas vosas leiras*: complemento de réxime/ *O tractor pasou polas vosas leiras*: complemento circunstancial.
 - *Conta coas amigas para iso*: complemento de réxime/ *Irei á praia coas amigas*: complemento circunstancial.
- 6. Os complementos circunstanciais existentes son os que se relacionan de seguido:
- *Sempre fai o traballo coidadosamente*: sempre (CCT) e coidadosamente (CCM).
 - *Elas estiveron connosco o venres*: connosco (CCCompañía) e o venres (CCT).
 - *Divertímonos moito en Portonovo*: moito (CCcantidade) e en Portonovo (CCL).
 - *Iso non podemos decidilo ao chou*: non (CCN) e ao chou (CCM).
 - *Subliñade con lapis as palabras descoñecidas*: con lapis (CCinstrumento).
 - *Estudaron arreo durante toda a semana*: arreo (CCcantidade) e durante toda a semana (CCT).
- 7. Os atributos e predicativos que aparecen nas estruturas propostas son os seguintes:
- *As nosas propostas resultaron satisfactorias*: satisfactorias é PVO porque o verbo resultar é non-atributivo e o adxectivo concorda co suxeito.
 - *Aquel home semella meu avó*: meu avó funciona de ATR porque o verbo semellar é un verbo copulativo.
 - *O elefante é un paquidermo*: un paquidermo é ATR porque o verbo ser é copulativo.
 - *A máquina quedou estragada*: estragada é PVO porque o verbo quedar non é copulativo e o adxectivo modifica tamén o suxeito.
 - *A porta da casa estaba fechada*: fechada funciona de ATR porque o verbo estar é copulativo.
 - *Elas chegaron avergoñadas*: avergoñadas funciona de PVO porque o adxectivo modifica o suxeito e o verbo chegar non é copulativo.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 70 e 71)

- 3. Os xentilicios solicitados, agrupados segundo a terminación que presentan, son os seguintes:
- És/esa: noiés/esa, guardés/esa, celanovés/esa.
 - Ense: lalinense, sonense, ribadaviense, marinense, cedeirense, allaricense.
 - An/-á: malpicán/á, muxián/á, ponteareán/á, fisterrán/á, redondelán/á.
 - Ino/ina: chantadino/ina.

- Eiro/eira: betanceiro/eira, rianxeiro/eira.
 - Ao/á: burelao/á, sarriao/á, limiao/á, caurelao/á.
- 4. As diferenzas de significado entre as parellas de palabras propostas son as seguintes:
- *Pozo*: é máis fondo/ *poza*: máis ancha e menos profunda.
 - *Cadelo*: é un can pequeno e noviño/ *cadela*: é a femia do can.
 - *Leiro*: pequeno tamaño/ *leira*: máis grande.
 - *Ovo*: individual/ *ova*: colectivo.
 - *Pombo*: (*Columba palumbus*) Pomba silvestre de tamaño grande/ *pomba*: (*Columba oenas*) ave de tamaño mediano.
 - *Agro*: individual/ *agra*: colectivo; tamén se pode ver unha diferenza de tamaño.
 - *Coitelo*: máis grande/ *coitela*: máis pequena.
 - *Rato*/ *rata*: diferenza de tamaño.
- 5. As oracións transformadas son as seguintes:
- Ela non che dixo a verdade.
 - Xoán e Emilio xa che devolveron os cartos.
 - Afástate dos cantís porque son perigosos.
 - Ana deuche algúns consellos.
 - Ela castigoute con razón.
 - Miña nai cantábache nanas cando eras pequeno.
 - Convidáronte á cea de fin de curso.
 - Sempre que te ven, saúdante.
- 6. As estruturas resultantes son as seguintes:
- Vóullelo dicir aos meus pais (ou Vou dicírllelo).
 - Axiña volas devolveremos todas.
 - Cómpre que ma coidedes.
 - Quen vola regalou?.
 - Daramas se llas pido.
 - Anunciáronnolo ás tres da tarde.
 - Ninguén cho negará.
 - Agochádellela para que non vola colla.
- 8. As oracións completas son:
- Todos mostraron a súa adhesión á campaña contra o consumo de drogas/ Con ese pagamento conseguirás unha adherencia inmediata e total.
 - Aquel foi un amor fuxidío: en poucos días xa non sentía nada por ela/ A policía anda na busca dun perigoso fuxitivo do cárcere de Teixeiro.
 - Gañou a última baza cun trunfo que aínda lle quedaba/ O triunfo do noso equipo no campionato foi celebrado por toda a vila.
 - Despois de ler a recensión daquela novela, tiña moitas ganas de poñerme a lela/ Italia entrou en recesión tras dous trimestres consecutivos de crecemento económico negativo.
- 9. As formas solicitadas, na orde na que aparecen, son: suplicar, solicitar, querer, reivindicar, mendigar e necesitar.
- 10. As expresións galegas que remiten aos mesmos significados son:
- A: andarlle o vento polas pólas.

- B: ser un miñaxoia.
 - C: ter a vara máis a besta.
 - D: ser un bailanacriba.
 - E: ter a boca coma a dunha rabada.
 - F: ser un milmañas.
- 11. As palabras completas son: rock, Barça, junior, Kuwait, jazz, sexy, hawaiano, judoka, sándwich, copyright, Valença do Miño, whisky.
 - 12. De seguido relacionamos as palabras solicitadas: solemne, mnemotécnico, damnificado, circunnavegar, somnábulo, inmenso, insomnio, omnívoro, inmune, ximnasia, rímmel, columna, amnesia, calumniar, innato, conosco, gamma, perenne, conmoción, inmigrante.

16.4 Unidade 4

Exercicios de comprensión do texto (páxina 77)

- 1. Os significados que posúen as palabras solicitadas son os seguintes:
 - Patente: licenza para exercer unha profesión, oficio, industria, etc.
 - Enrabechada: dise do que se atopa enfurecido ou irritado.
 - Guindastre: máquina para erguer cargas pesadas.
- 2. Óscar Willisch ten tres fillos (Herwing, Alfredo e Herbert) e dúas fillas. Herbert casou con Nieves e tiveron cinco fillos: Oscar, Alfred, Herbert, Adolfo e Ana. Ana casou con Juan e estes tiveron un fillo: Toni.
- 3. A ordenación é a seguinte:
 - 1: Herbert chega a Ribeira co seu pai.
 - 2: Herbert pasa tres anos nun campo de concentración en Rusia.
 - 3: Herbert rexeita a pensión que lle ofrecen desde o consulado alemán.
 - 4: Herbert inventa un sistema de guindastres para mexilloeiros.
 - 5: Herbert enviúva.
- 4. A referencia do fragmento “aínda que non nos entendan, non” é do poema “Os pinos” de Pondal, que pon letra ao himno galego. O autor intenta facer un paralelismo co texto pondaliano no que tamén se fala dos que aman Galicia fronte aos que non entenden este amor pola terra.

Exercicios do apartado *A lingua e os falantes* (páxina 82)

- 2. As series de palabras sinónimas son:
 - Lumbrigar- alborexar.
 - Xouba- parrocha.
 - Maciñeira- maceira.
 - Ervella- chícharo.
 - Apedrar- sarabiar.
 - Hórreo- cabazo- piorno.
 - Arume- faísca- frouma.
- 3. Os bloques dialectais aos que pertencen os textos propostos son:

- Texto A: bloque Oriental: plural en -is para os substantivos rematados en -n (comisiois); ditongo -ui- pasa a -u- (mutos); ditongo -ua- (cuatro, cual); ausencia de gheada e de seseo (consequir, estación).
- Texto B: bloque Occidental: plural en -ns para os substantivos rematados en -n (pantalóns); gheada (algho, logho, cheghou); seseo total (crusou, aparesía, dose); terminación en -án para o feminino (mañán).
- Texto C: bloque Central: plural en -s para os substantivos rematados en -n (canciós, relacións); ausencia de seseo (canciós, moza); ditongo -oi- (noite); pronome ti (tocabas ti).

Exercicios de estudo da lingua (páxina 90)

- 1. O texto consta das oracións que indicamos de seguido:
 - Había na vila unha rapaza do meu tempo (...) pero picante nos decires: oración simple.
 - As súas verbas tiñan o labio salgado dos mariscos: oración simple.
 - Os seus dicires escintilaban contentamento e nos seus arredores non podía medra-la tristura: oración composta coordinada copulativa.
 - A risa poñíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brillo de nácar nos dentes: oración composta coordinada copulativa.
 - Os andares, arfados e velaíños, facían no aire ronseles de gracia: oración simple.
 - Andaba descalza, e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén: oración composta coordinada copulativa.
 - Os pés lenes, as pernas brancas, os brazos redondiños: oracións xustapostas coordinadas con verbo elíptico.
 - O corpo era un gran corazón plisado: oración simple.
 - Cantaba como un xílgaro e bailaba como un argadelo: oración composta coordinada copulativa.
 - Era a rapaza máis fermosa da vila e dábbase conta do seu poderío: oración composta coordinada copulativa.
- 3. Os enlaces e clasificación das oracións propostas son os seguintes:
 - Nin se presentou nin deixou aviso ningún: nin... nin (coordinada copulativa).
 - Recibírono con aplausos e mais agasallárono cun ordenador: e mais (coordinada copulativa).
 - Estes agardaban na porta, aqueles quedaron no coche e outros axexaban: e (coordinada copulativa).
 - Non entregou o proxecto en prazo mais pasou polo rexistro: mais (coordinada adversativa).
 - Ora está contento, ora chora a mares: ora ... ora (coordinada distributiva).
 - Chegou cunha hora de atraso, con todo agardábano: con todo (coordinada adversativa).
 - Ou falas xa ou vas dereitiño ao cárcere: ou ... ou (coordinada disxuntiva).
- 5. As oracións propostas son as seguintes:
 - Si señor, comemos e mais bebemos: conxunción copulativa.
 - O meu novo piso debe ser céntrico e máis amplo: conxunción copulativa e adverbio de cantidade.
 - Todo o mundo llo pediu e mais segue dicindo que non: conxunción adversativa.

- Cruzamos o río e mais non nos mollamos: conxunción adversativa.
- Debes ir aló ti e mais os teus irmáns: conxunción copulativa.
- A torta que fixeches precisaba menos fariña e máis azucre: conxunción e adverbio de cantidade.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 92 e 93)

- 1. As voces, agrupadas sendo o sufixo que presentan, son as seguintes:
 - Sufixo -ela: pastorela, pardela, cantarela, clientela, chinela, cautela, portela, apalpadela. Outras formas que presentan este sufixo son paxarela e pasarela.
 - Sufixo -encia: advertencia, adolescencia, aparencia, ocorrencia, benevolencia, diverxencia. Outras formas, consciencia e solvencia.
 - Sufixo -enza: licenza, diferenza, sentenza, indiferenza. Outra forma, habenza.
- 2. Unha posible resposta é a seguinte:
 - Análise correcta.
 - Cárcere escuro.
 - Suor pegañenta.
 - Sangue vermello.
 - Cor branca.
 - Orixe incerta.
 - Costume antigo.
 - Sinal equivocado.
 - Desorde absoluta.
 - Couce doloroso.
 - Sal fino.
 - Dor aguda.
 - Calor espesa.
 - Marxe curta.
 - Orde precisa.
- 3. Os femininos das palabras propostas son os seguintes: cortesá, sultá, mentirana, folgazana, artesá, capitá, porcallana, arzuá, lacazana, alemá, testana, ourensá, compostelá, musulmá, afgá, temperá, cristiá, charlatana.
- 4. As oracións son as seguintes:
 - Sae de aí ou sácote eu: coordinada disxuntiva.
 - Ben fala galego ben fala castelán: coordinada distributiva.
 - Estudei mais suspendín dúas: coordinada adversativa.
 - Ora debuxa ora ponse a ler: coordinada distributiva.
 - Ven comigo e pagareiche a cea: coordinada copulativa.
 - Insistín pero ela non aceptou: coordinada adversativa.
- 5. Os sinónimos son: cintura - van, tempa - sen, rostro - face, labio - beizo, pescozo - colo, fazula - meixela, lombo - costas e talón - calcaño.
- 6. Os sinónimos, na orde na que aparecen, son os seguintes: desaproveitar, arruinar, avariar, desbaratar, estragar e deteriorar.
- 7. As diferenzas de significado entre as parellas de palabras propostas son:

- Absolver: eximir dalgún cargo, pena ou obriga; perdoar os pecados.
- Absorber: aspirar, zugar, chupar; atraer, captar.
- Acceso: camiño de entrada; paso.
- Aceso: acendido, prendido.
- Aceptar: acceder, mostrarse conforme.
- Aceitar: untar con aceite.
- Actuar: realizar unha actividade; facer funcións públicas unha compañía ou traballar nelas un actor.
- Atuar: dirixirse a unha persoa empregando o pronome de segunda persoa ti.
- Adoitar: acostumar.
- Adoptar: tomar legalmente por fillo ou filla a alguén que non o é naturalmente.
- 8. As parellas de sinónimos propostos son: xeneroso – mesquiño, valente – covarde, humilde – vaidoso, guiado – rebelde, extravertido – tímido e inxenuo - desconfiado.
- 9. As oracións son:
 - O partido estaba tan complicado que o adestrador decidiu largar todo o aparello sacando cinco dianteiros. Significado: usar todo o que un ten para lograr algo.
 - Andas a meter os cans na bouza e agora Xoán e Manuel non paran de discutir. Significado: sementar a dúbida sobre algo, acirrar.
 - O avó está como tolo. O mellor é darlle polo pau para que non se altere. Significado: seguirlle a corrente, non opoñerse ao que di ou pensa.
 - O teu sobriño debe ter o azougue no cu. Non para quieto un momento. Significado: ser moi inqueda, non parar un só momento.
 - Non creas nin a metade do que el che conta. Xa sabes que lle gusta medir o vento por ferrados. Significado: esaxerar, aumentar as cousas moito máis do que son.
- 10. As voces, clasificadas segundo o grupo consonántico que presentan, son:
 - -bc-: subcutáneo, subconxunto, obcecado.
 - -bd-: molibdeno, abdominal, abdicar, súbdito.
 - -bm-: submúltiplo, submarino, insubmiso, subministrar.
 - -bs-: abstracto, subscrición, substancia, substituto, abstención, obsoleto.
 - -bt-: obturar, obter, subtítulo, subtraer.
- 11. As palabras, clasificadas segundo o grupo consonántico que presentan son:
 - -pc-: opcional, decepción, corrupción.
 - -pn-: pneumático, pneumonía, hipnose.
 - -ps-: eclipse, pseudónimo, psoríase, bíceps, colapso, psicólogo.
 - -pt-: optimista, pterodáctilo, inepto, réptil, aséptico.
 - Sen -p-: descrición, ditongo, setembro, inscrición.

16.5 Unidade 5

Exercicios de comprensión do texto (páxina 99)

- 1. Posibles sinónimos para as voces propostas son:
 - Rancio: vello, antigo, anticuado.
 - Mornas: tépedas, temperadas.

- Engruñar: apertar, encoller
- Enxeño: intelixencia, habilidade.
- Polo que se refire ao significado das expresións, “modus vivendi” refírese á forma en que viven as persoas e “eterno retorno” alude ao comezo de forma constante, á repetición eterna de sucesos.
- 2. É un acrónimo, isto é, unha sigla que deriva nunha palabra máis do léxico dunha lingua. Neste caso xoga a crear un acrónimo ficticio coa forma da palabra «aleluia».
- 3. Podemos resumir os dous puntos de vista do xeito seguinte:
 - Punto de vista de Roberto Ribao: insiste en que este modo de comunicarse supón unha deterioración do idioma; subliña que con tanta redución a lingua se empobrece e que camiñamos cara a unha comunicación semellante a xeróglifos.
 - Punto de vista de Anxos Sumai: fai fincapé na importancia de comunicación en si, no feito de que as persoas intercambien emocións e ideas e en que a forma da que se valen é menos relevante. Ademais recoñece que este tipo de comunicación se reduce a un ámbito concreto e que non todas se verán afectadas por este sistema de abreviacións.

Exercicios do apartado *A lingua e os falantes* (páxina 106)

- 1. Fai referencia a dúas funcións da variedade estándar: a función de integración e a función de prestixio. A primeira permite aos falantes sentir que por riba das variedades xeográficas a lingua pertence a todo o colectivo que a fala e reforza así o sentimento de integración nun grupo; a función de prestixio, pola súa banda, favorece o compromiso e o orgullo dos falantes de posuír algo que os caracteriza como grupo.
- 2. As interferencias que aparecen no texto son as seguintes:
 - *Escoba*: léxica; a palabra castelá substitúe á galega; *vasoira*.
 - *Barrer*: ortográfica; seguimos o modelo castelán; *varrer*.
 - *Habitación*: semántica; dámoslle a unha palabra que existe en galego un valor semántico propio do castelán; *cuarto*.
 - *Vou a pechar*: sintáctica; uso da preposición *a* na perífrase *ir + infinitivo* como en castelán; *vou pechar*.
 - *Moito calor*: morfolóxica: alteración no xénero do substantivo; *moita calor*.
 - *A toda pastilla*: léxica; usamos unha frase feita do castelán en lugar dunha expresión galega; *a fume de carozo*.
 - *Hirmán*: ortográfica; utilizamos a grafía castelá e adaptámola á palabra en galego; *irmán*.
 - *Aún*: léxica; substituímos o termo galego por outro en castelán; *aínda*.
 - *Desaiunar*: léxica; adaptamos a palabra galega á ortografía castelá e substituímos o termo correcto por este; *almorzo*.
 - *Él*: ortográfica: usamos o acento diacrítico de castelán para un termo que en galego non o leva; *el*.
 - *Me convidou*: sintáctica; incorrecta colocación do pronome, que neste caso debe ser enclítico; *convidoume*.
- 4. As oracións reescritas correctamente indícanse de seguido:
 - Interrompérona mentres cortaba as uñas (ou unllas).
 - Cando chamaches eu xa volvera da viaxe.
 - Espertou e preguntou quen eramos nós.

- Andei dous días con moita dor de cabeza.
- 5. As formas correctas son: es, puiden, produzas, andou, haxa, saberán, ías e conduciu.
- 6. As formas correctas que substitúen os castelanismos indicados e o tipo de castelanismo indícanse de seguido:
 - Cuna: berce; pleno.
 - Axeno: alleo; adaptado.
 - Promo: chumbo; adaptado.
 - Riñon: ril; pleno.
 - Olvidar: esquecer; pleno.
 - Lonxano: afastado; adaptado.
 - Gafas: lentes; pleno.
 - Tonto: parvo; pleno.
 - Aceira: beirarrúa; adaptado.
 - Cuchilo: coitelo; adaptado.
- 7. A clasificación e forma correcta das desviacións da norma indicadas son as seguintes:
 - Tíduo: arcaísmo: título.
 - Ambente: hipergaleguismo: ambiente.
 - Conquerir: arcaísmo: conquistar.
 - Estrana: hipergaleguismo: estraña.
 - Espranza: vulgarismo: esperanza.
 - Semán: hipergaleguismo: semana.
 - Door: arcaísmo: dor.
 - Zoa: hipergaleguismo: zona.
 - Nascen: arcaísmo: nacer.
 - Custión: vulgarismo: cuestión.
 - Gasoliña: hipergaleguismo: gasolina.
 - Marmurar: vulgarismo: murmurar.
 - Ouservar: vulgarismo: observar.
 - Inconvinte: hipergaleguismo: inconveniente.
 - Merescen: arcaísmo: merecer.

Exercicios de análise de textos (páxina 109)

- 1. Os conectores textuais que aparecen no texto son os seguintes:
 - aínda (temporal).
 - senón (opositivo).
 - pero (opositivo).
 - pois (causal).
 - cando (temporal).
 - en definitiva (conclusivo).
 - ademais (aditivo).
 - á vez (aditivo).
- 2. De seguido ten reescritos os tres textos:

- A (texto descritivo): “Como cambian as cousas. Antes esta vila era tranquila. As casas tiñan (copretérito de indicativo) como moito tres alturas e polas rúas eu podía (copretérito de indicativo) circular sen problemas. Agora, isto parece (presente de indicativo) Marbella. Por todas partes hai (presente de indicativo) edificios enormes e co ruído que se sente (presente de indicativo) xa ninguén dorme (presente de indicativo) ao dereito”.
- B (texto expositivo): “A metade da poboación mundial fala (presente de indicativo) hoxe linguas indoeuropeas. A esta familia pertencen (presente de indicativo) máis de mil linguas. As linguas de orixe sino-tibetana son (presente de indicativo) usadas por unha quinta parte da humanidade. O número de falantes de linguas doutras familias é (presente de indicativo) xa moito máis reducido”.
- C (texto narrativo): “Onte eu non vin (pretérito de indicativo) o partido, creo (presente de indicativo) que foi (pretérito de indicativo) espectacular. No minuto dez marcou (pretérito de indicativo) Filipe nun rápido contraataque. Logo veu (pretérito de indicativo) o segundo nunha xogada de Carlos. E na segunda parte, Anxo marcou (pretérito de indicativo) o terceiro nun fermoso remate de cabeza”.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 116)

- 1. As subordinadas substantivas presentes son:
 - *que non o crían*: obxecto directo.
 - *de que sempre os ameazase*: complemento de réxime.
 - *que os entregasen a tempo*: suxeito.
 - *quen teña frío*: suxeito.
 - *de que fose así*: modificador.
 - *que non enfermedes*: atributo.
 - *que presentase un novo proxecto*: suxeito.
 - *a quen cho deixou*: obxecto indirecto.
- 2. As subordinadas adxectivas son:
 - *onde se orixinou o incendio*: onde: enlace e complemento circunstancial de lugar.
 - *dos cales nunca fala*; os cales: enlace e complemento de réxime.
 - *que comemos alí*: que: enlace e obxecto directo.
 - *que teña terraza*; que: enlace e suxeito.
 - *ao que votaremos*; o que: enlace e obxecto directo.
- 5. As subordinadas impropias presentes son as seguintes:
 - *Como non cales*: sub. adv. condicional.
 - *Como tiñan moita présa*: sub. adv. causal.
 - *aínda que o accidente foi grave*: sub. adv. concesiva.
 - *para que fixese os recados*: sub. adv. final.
 - *que non quere nin verme*: sub. adv. consecutiva.
 - *do que eu imaxinaba*: sub. adv. comparativa.
 - *Por máis que insistas*: sub. adv. concesiva.
- 7. De seguido aparecen reescritas as oracións utilizando o infinitivo conxugado:
 - *Cómpre ires cedo*: subordinada substantiva.
 - *De mentirmos, eles vano saber*: subordinada adverbial condicional.
 - *Por non vires, non imos quedar*: subordinada adverbial causal.

- *Ao iren ao cine, chámame*: subordinada adverbial de tempo.
- *Logo de actuaren, saímos*: subordinada adverbial de tempo.
- *Por estudares, vas ter un bo verán*: subordinada adverbial causal.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 118 e 119)

- 2. Os substantivos derivados son: investimento, rendemento, lucimento, ornamento, finximento, desenvolvemento e amolecemento.
- 3. De seguido aparece reescrito o texto cos adverbios axeitados:
 - Ana buscou a Xaquín por toda a cidade e non o atopou en ningures. Eu xa lle dixen: «Non te preocupes, andará por algures». A verdade é que non me estraña que non o atope: Xaquín é unha persoa moi viaxeira, sempre anda xalundes.
- 4. As oracións co relativo proposto son:
 - A alcaldía aprobou un proxecto de saneamento cuxas obras comezarán o próximo mes.
 - O detido, cuxo nome non foi revelado, permanece nas dependencias policiais.
 - Segundo os historiadores, os brigancios asentáronse no castro de San Sebastián, cuxo señorío lles foi concedido polo rei Brigo.
 - O Estado é unha unidade político administrativa superior que rexe un territorio e a cuxa autoridade están sometidos todos os seus habitantes.
 - O cacahuete (*Arachis hypogaea*) é unha planta cuxos froitos son moi apreciados en gastronomía.
 - Poden acceder a estas axudas as familias cuxos ingresos sexan inferiores a mil euros mensuais.
- 5. De seguido aparecen reescritas as oracións comparativas propostas:
 - Ese filme xaponés foi menos divertido do que eu esperaba.
 - Eu son dous anos maior ca ti.
 - Meu irmán xogou tan ben coma/como sempre.
 - Aquel negocio de importación de roupa non nos foi tan ben como imaxinabamos.
 - Ninguén é tan xenerosa como/coma Neves.
 - Eu gaño menos soldo do que vós dicides.
 - Hoxe quenta máis o sol que/ ca onte.
 - Uxía paréceme tan competente coma vós.
- 6. Os verbos, na orde na que aparecen nas oracións, son: emprestar, consentir, abandonar, manter, pospoñer e reservar.
- 7. As parellas de sinónimos son:
 - Comarca - bisbarra.
 - Parroquia - freguesía.
 - Municipio - concello.
 - Aldea - quinteiro.
 - Casal -lugar.
 - Periferia - arrabalde.
- 8. As expresións galegas que debemos usar en lugar dos castelanismos fraseolóxicos indicados son:
 - A: Dar o réquiem.

- B: Anunciar aos catro ventos.
 - C: Facer magas.
 - D: Afrouxar a faldriqueira.
 - E: Poñer (a alguén) fóra dos eixes.
 - F: Faltarlle unha fervedura.
 - G: CadRAR ao xeito.
- 10. De seguido aparecen reescritas as oracións:
- A doutora di que as vítimas dese accidente deben recibir unha inxección.
 - Quen escribiu a introdución dese libro sobre a arte abstracta é o vicerreitor da universidade.
 - Os lectores din que o mellor desa novela de ciencia ficción é a súa novidosa estrutura.
 - Na oitava unidade do libro de Bioloxía hai unha sección sobre a reprodución humana.
 - Seguindo as instrucións do profesor, consultei no dicionario catro palabras do ditado.
 - Publicouse un edicto coas sancións a quen teña condutas incorrectas nos plenos.
 - No Brasil haberá conflitos se a súa selección non acada a vitoria no campionato.

16.6 Unidade 6

Exercicios de comprensión do texto (páxina 125)

- 1. Os significados son os seguintes:
- Curro: lugar pequeno, apartado e escondido dentro dun maior.
 - Chuchamel: tipo de planta con flores amareladas pequenas de moito recendo.
 - Patín: terraza pequena situada á altura do sobrado e na que acaba a escaleira exterior dunha casa.
 - Carriza: planta que medra en lugares sombrizos, mofo.
 - Amolecemento: acción ou efecto de amolecer, abrandar. No texto alude máis ben a dominar ou conformar.
 - Cuxos: crías da vaca; becerros, xatos.
 - Responso: reprimenda forte que se lle bota a alguén.
 - Rideira: propenso a rir ou sorrir.
- 2. Os significados dos adverbios son os seguinte:
- A eito: sen escoller, a feito.
 - A escape: rapidamente, a toda présa.
 - Arreo: continuamente, acotío.
 - De vez: definitivamente.
- 3. As afirmacións completas son:
- Á volta da feira, a tía de Balbino, o neno protagonista, mandoulle levar un feixe de repolos.
 - Á entrada da escola había dúas nogueiras.
 - Disque don Afonso viñera de Andalucía.

- O *Xudío* falou do problema do mestre cos veciños.
- 4. Os trazos que o texto nos ofrece dos personaxes son os seguintes:
 - Balbino: é un neno intelixente, ten capacidade para aprender, tamén lle gusta divertirse (ir á feira); está namorado por primeira vez e trata de definir todas esas novas emocións que está a sentir.
 - Don Alfonso: é o mestre que vén de fóra; adoita pegarlles aos rapaces que teñen dificultade para entendelo; ademais do idioma que emprega ten un defecto ao pronunciar.
 - O *Xudío*: é un veciño da aldea que ten un enfrontamento co mestre polos seus métodos de ensino e tamén polo contido do que aprende na escola; sabemos tamén que aínda que o resto dos veciños non lle teñen moita lei, o apoian no seu afán por desfacerse do mestre.
 - Eladia: é a mestra que vén substituír a don Alfonso; é unha rapaza nova, que fala galego cos rapaces; Eladia é simpática e divertida e por iso tamén lle rouba o corazón a Balbino.

Exercicios de análise de textos (páxina 133)

- 1. Unha posible reescritura dos textos propostos usando os mecanismos de recorrencia é a seguinte:
 - O profesor de lingua é, sen dúbida, o máis duro. Sempre se nega a cambiar as datas dos controis. Ademais os seus exames son os máis difíciles de todo o instituto.
 - Onte vimos unha rapaza paseando un can pola miña rúa. Era morena, guapa, regordechiña e con pencas. O seu can era un dálmata e parecía moi inquieto. Ela tiña que suxeitalo fortemente para que non andase a molestar a xente.
 - No minuto 32 da segunda parte, Torres cabeceou un centro pola dereita e marcou o primeiro tanto. Cinco minutos despois o dianteiro marcou coa zurda, tras xogada individual, o segundo gol, que deixaba o 2-0 definitivo.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 138)

- 1. A análise morfolóxica das palabras propostas é a seguinte:
 - *Inxusto*: in-: morfema, dependente, derivativo, prefixo + -xust-: lexema + -o: morfema dependente constitutivo (xénero masculino).
 - *Bombeiros*: bomb-: lexema + -eir-: morfema dependente derivativo sufixo + -o: morfema dependente constitutivo (xénero masculino) + -s: morfema dependente constitutivo (número plural).
 - *Gatiño*: gat- lexema + -iño: morfema dependente facultativo diminutivo + -o: morfema dependente constitutivo (xénero masculino).
 - *Poidan*: poid-: raíz ou lexema (R) + -a-: morfema modotemporal (MMT) + -n: morfema número-persoal (MNP).
 - *Andaremos*: and-: raíz ou lexema (R), -a-: vogal temática (VT), -re-: morfema modo-temporal (MMT); -mos: morfema número-persoal (MNP).
 - *Desde*: desde: morfema independente.
 - *Bisilábico*: bi-: morfema dependente derivativo prefixo + -silab-: lexema + -ic-: morfema dependente derivativo sufixo + -o: morfema dependente constitutivo (xénero masculino).
- 2. As palabras nos derivadas en cada serie son:
 - Serie 1: chacal (as demais voces: sufixo -al).

- Serie 2: desastre (as demais voces: prefixo des-).
 - Serie 3: estrutura (as demais voces: sufixo -ura).
 - Serie 4: febreiro (as demais voces: sufixo -eiro).
 - Serie 5: precario (as demais voces: prefixo pre-).
- 3. A información ou exemplos que completan a táboa á:
- Co valor de colectivo, conxunto de cousas: cabeleira, cancionero.
 - No exemplo “formigueiro” o sufixo alude ao lugar onde vive unha colectividade de animais.
 - No exemplo “saleiro” o sufixo fai referencia ao lugar onde se garda algo, a un recipiente.
 - Co significado de condición ou estado: tristeiro e cegueira.
 - No exemplo enfermeira o significado do sufixo é o de profesión.
 - Posibles valores do sufixo –al son: colectivo (*areal*), caracterizador (*normal, brutal, formal*).
 - Posibles valores de -ado/a son colectivo (*rapazada*), caracterizador (*anoxado*), tempo que dura unha acción (*invernada*), golpe dado con (*coitelada*), obxecto ou recipiente (*cadeado*), acción ou efecto (*furado*), condición ou estado (*parvada*).
 - Posibles valores do sufixo -án/á son orixe ou xentilicio (*ourensán/á*), profesión (*cirurxián/á*), caracterizador (*anciá*).
- 4. Os valores dos sufixos propostos son:
- Anti-: contrario: antibelicista, anticonstitucional, antiaéreo.
 - Extra-: fóra de: extramatrimonial, extrarradio, extraordinario.
 - Hiper-: superior: hipertensión, hiperactivo, hipermercado.
 - Hipo-: inferior: hipotensión, hipoderme, hipotermia.
 - Mono-: un: monocorde, monosilábico, monótono.
 - Peri-: arredor de: pericarlo, pericardio, perífrase.
 - Poli-: moitos: políglota, polinomio, polifónico.
 - Re-: repetición: reeducar, reedición, reelección.
 - Retro-: cara a atrás: retrovisor, retrógrado, retrotraer.
 - Trans-: máis aló de: transalpino, transbordador, transformar.
- 6. Outras palabras compostas que se adaptan ao modelo proposto son:
- Verbo + substantivo: gardalamas, chuchamel.
 - Substantivo + substantivo: sapoconcho, cartafol.
 - Substantivo + adxectivo: vacaloura, bocapodre.
 - Adxectivo + adxectivo: baixomiñoto, xordomudo.
 - Adxectivo + substantivo: boaventura, altorrelevo.
 - Adverbio + verbo: benestar, maltratar.
- 7. As palabras parasintéticas presentes son: *baixomedieval, malfalado, centrocampista, paraugueiro, paracaidista, costarriqueño, altofalante e augardente*. En todos os casos atopamos dous lexemas e un sufixo, polo tanto están presentes os procedementos de composición e derivación.
- 8. Os acrónimos propostos clasifícanse en:
- Radar: radio detecting and ranging (acronimia síglica).
 - Motel: motor hotel (acronimia simétrica).

- Informática: información automática (acronimia simétrica).
 - Sida: síndrome de inmunodeficiencia adquirida (acronimia siglica).
 - Talgo: Tren Articulado Ligero Goicoechea Oriol (acronimia siglica).
 - Ovni: obxecto voador non-identificado (acronimia siglica).
 - UNESCO: United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization (acronimia siglica).
 - Tergal: poliéster galo (acronimia simétrica).
 - Sima: silicio magnesio (acronimia siglica).
- 9. Os campos léxicos das palabras propostas son:
- Persoa: persoal, impersoal, personalidade, personalizar, personificación, personaxe, persoeiro, despersonalizar, etc. É unha familia léxica irregular (unhas raíces con -n- e outras sen -n-).
 - Ferro: *ferruxinoso, férreo, ferrar, ferrado, ferraxe, ferreiro, ferrería, ferrete, ferrocarril, ferrollo, ferruxe, enferruxar, aferrar, aferrollar, etc.* Familia léxica regular (a mesma raíz sen variacións).
 - Fillo: *afillado, afiliar, filial, filiación, fillado, fillar, fillastro, filicidio, afillar, prefillar, etc.* Familia léxica irregular (dúas raíces «fil-» e «fill-»).
 - Dente: *dental, dentición, dentame, dentamia, adentar, tridente, denteira, dentista, dentón, interdental, supradental, dentadura, dentado, etc.* Familia léxica regular (a mesma raíz sen variacións).
 - Terra: *terreal, terreo, terrado, terral, terraplén, terráqueo, terrazo, terremoto, terrestre, terrícola, territorio, terrón, terroso, terruño, terruñeiro, aterrarr, desterrar, enterrar, soterrar, subterráneo, etc.* Familia léxica regular (a mesma raíz sen variacións).
 - Xeo: *xélido, conxelar, conxelador, xeada, xear, desconxelar, conxelación.* Familia léxica irregular (unhas raíces con -l- e outras sen -l-).

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 140 e 141)

- 3. Os femininos das palabras propostas son: leoa, acusona, patroa, cabezona, abusona, preguntona, porteira, ladroa, campioa, grandona, faltona, anfitrioa. Destes exemplos podemos deducir as dúas regras:
- Fan o feminino en -ona: os aumentativos e adxectivos pexorativos.
 - Fan o feminino en -oa: o resto dos substantivos.
- 5. Os significados das parellas de palabras propostas son:
- Concelleiro: persoa que forma parte dunha corporación.
 - Conselleiro: persoa responsable de cada un dos departamentos do goberno autónomo de Galicia.
 - Críptico: escuro, enigmático.
 - Crítico: adxectivo relativo a crise; tamén se di da persoa que xulga unha obra.
 - Domar: amansar ou vencer a resistencia dun animal.
 - Domear: dobregar, curvar algo flexible; convencer, persuadir.
 - Posar: permanecer en determinada postura para retratarse ou para servir de modelo.
 - Pousar: deixar ou soltar unha carga para descansar e coller folgos.
 - Sexta: adxectivo numeral ordinal, o que ocupa o lugar número seis.
 - Sesta: descanso que se fai despois da comida e sono que se dorme.

- 6. As palabras que corresponden cos significados dados son:
 - A: albiscar.
 - B: visualizar.
 - C: contemplar.
 - D: entrever.
 - E: axexar.
 - F: fitar.

- 7. As oracións reescritas cos latinismos axeitados son as seguintes:
 - Meu irmán ten un gusto na comida moi *sui generis*: prefire as patacas cocidas as fritidas.
 - A el non o botaron da empresa. Foise *motu proprio*.
 - Eu estaba tan canso que foi botarme na cama e, *ipso facto*, adormecer.
 - A apertura da nova escola infantil segue aprazada *sine die*.
 - Dos seareiros que había no estadio, a metade, *grosso modo*, era do Deportivo.
 - Por desgraza, os avances tecnolóxicos *per se* non representan un beneficio social.
 - O traxe de noiva de miña tía foi deseñado *ex professo* para ela.
 - Un musulmán non é, *strictu sensu*, o mesmo ca un árabe.
 - Os significados destes latinismos son: *sui generis*: especial, *motu proprio*: por propia iniciativa, *ipso facto*: inmediatamente, *sine die*: indefinidamente, sen prazo concreto, *grosso modo*: aproximadamente, *per se*: por si mesmo, *ex professo*: adecuadamente a un fin, *strictu sensu*: no sentido estrito.

- 8. As frases feitas que corresponden cos significados indicados son:
 - Saír as cousas mal, ao revés do esperado: saírlle a porca capada, parírlle a cocha cadelos.
 - Revelar algo que debería manterse en segredo: botar a lingua a pacer, abrir a cancela.
 - Eludir un compromiso ou unha responsabilidade: sacarse de coidados, poñerse ao fresco.
 - Estar abstraído ou despistado: andar nas verzas, estar nos biosbardos.

- 10. As palabras, clasificadas segundo o grupo que presentan son:
 - Br: brando, desdobrar, sabre, nubrado, obriga.
 - Bl: publicar, emblema, establecer.
 - Cr: recruta, escravo, cravo, almiscre.
 - Cl: recluso.
 - Fr: frouxo, frecha, frauta, fraqueza.
 - Fl: flor.
 - Pr-: sopraete, prata, soprar, praga.
 - Pl: platino, plácido, planta.

16.7 Unidade 7

Exercicios de comprensión do texto (páxina 147)

- 1. Os significados das voces propostas son:

- *Feixe*: porción, cantidade grande dunha cousa. Posibles sinónimos no texto son: número, grupo, conxunto, cantidade.
 - *Lucro*: ganancia, proveito ou beneficio que se obtén dunha cousa. Posibles sinónimos: enriquecemento, beneficio.
 - *Contemporáneo*: que existe ou existiu no mesmo tempo ou época. Sinónimos: actual, moderno.
 - *Mestizaxe*: mestura de culturas distintas que dá orixe a unha nova. Sinónimos: mestura, fusión.
- 2. As palabras do texto pertencentes ao ámbito musical son: música, grupos, bandas, gravaron, temas, compoñer, canción, guitarrista, cantante, rapeiros, hip-hop, CD, cantar, concertos, escoitar, pop, álbum, compañías, autoeditarse, letras, sonoridade, reeditou, músico, formación, rock, escena, etc.
 - 3. Son verdadeiras as afirmacións C e D. As tres restantes, que son falsas, aparecen de seguido transformadas en verdadeiras:
 - A: O cantante e guitarrista de The Homens chámase Martin Wu.
 - B: No CD de The Homens titulado #2 hai seis temas en galego.
 - E: O grupo Lamatumbá reeditou o seu último disco titulado Lume.
 - 4. De seguido aparecen resumidas as declaracións dos tres grupos:
 - The Homens: cantan en galego porque é a súa lingua habitual. Din tamén que existe certa prevención para escoitar grupos que cantan neste idioma. Por outro lado afirman que eles si que escoitan música noutras linguas.
 - Dios ke te crew: din que *rapean* en galego porque este é o idioma no que pensan, no que falan e a súa lingua de uso para todo. Sosteen que moitos grupos pasan a facer música noutra lingua por cuestións comerciais, pero que nestes casos a música perde frescura. Defenden que o galego é unha lingua moi sonora e moi apta para a música.
 - Lamatumbá: un representante deste grupo afirma que en Galicia hai moitas bandas que fan música en galego e dun moi bo nivel, pero que non existe ningún apoio por parte das institucións e iso leva a moitos destes grupos a pasarse a outro idioma.

Exercicios do apartado A lingua e os falantes (páxina 152)

- 3. Os significados dos conceptos que aparecen no texto son:
 - Neofalantes: son aqueles falantes dunha lingua que a comezan a falar sen ser esta a súa lingua materna (novos falantes).
 - Paleofalantes: son aqueles falantes que teñen unha lingua como inicial e a manteñen adoito (vellos falantes).
 - Transmisión xeracional: referímonos a este termo cando definimos o feito de usar a nosa lingua cos fillos, de transmitirlles a lingua dos pais.
 - Consciencia sociolingüística: reflexión que os falantes fan sobre a lingua e o contexto social en que viven.
 - A tese que defende o texto é a de que, en moitos casos, a supervivencia da lingua está na man dos neofalantes.

Exercicios de estudo da lingua (páxina 162)

- 1. Os semas que faltan en cada unha das definicións son os seguintes:
 - Carballo: ‘de folla caduca’.
 - Autopsia: ‘exame’, ‘dos órganos dun cadáver’.

- Gato: ‘felino’, ‘doméstico’.
 - Chaqueta: ‘con mangas’, ‘que se pon por riba dunha camisa’.
 - Motocicleta: ‘vehículo’, ‘impulsado por un motor’.
- 2. De seguido aparecen reescritas as secuencias propostas utilizando sinónimos para evitar repeticións:
- Non lle rifes ao neno por un problema tan pequeno.
 - Contén a túa fame: a neveira xa non ten nada.
 - Din que a derradeira vontade da última gañadora do Nobel de literatura foi ser incinerada.
 - Logo é certo que vas vir? Pois ven axiña que despois teño que marchar eu.
- 6. O tipo de oposición existe nas parellas de antónimos propostos é a seguinte:
- Presente - ausente: complementarios, xa que a afirmación dun implica a negación do outro (presente = non ausente).
 - Neto - avó: recíprocos, os dous substantivos implícanse mutuamente, un non pode ser entendido sen o outro.
 - Verdadeiro - falso: complementarios, a afirmación dun implica a negación do outro (verdadeiro = non falso).
 - Baleiro - cheo: graduais, podemos atopar termos intermedios («mediado»).
 - Óptimo - pésimo: gradual, atopamos termos intermedios («bo», «regular», «malo»).
 - Enfermo - san: complementarios, a afirmación dun implica a negación do outro (enfermo = non san).
 - Pequeno - grande: graduais, distinguimos termos intermedios (mediano).
 - Recto - torto: son complementarios, a afirmación dun implica a negación do outro (recto = non torto).
- 7. As definicións das voces propostas son:
- Aberto: non pechado.
 - Bicicleta: vehículo de dúas rodas, sen motor, con pedais e impulsado pola acción humana.
 - Colosal: enorme, moi grande.
 - Elefante: animal mamífero plantígrado salvaxe de gran tamaño que é orixinario de África e de Asia.
- 10. As parellas de palabras tabú-eufemismos posibles para substituílas son:
- Morte (tabú) - pasamento (eufemismo).
 - Merda (tabú) - excrementos (eufemismo).
 - Crise (tabú) - recesión (eufemismo).
 - Condón (tabú) - preservativo (eufemismo).
 - Outros exemplos: parvo (tabú) - lento (eufemismo). / Feo (tabú) - desfavorecido (eufemismo).
 - Os tabús anteriores en xeral amosan un significado connotativo máis vulgar e pexorativo; son realidades que se perciben como desagradables ou non aptas para empregar en determinados contextos. Esta é a razón pola que usamos os eufemismos, para expresar sen rudeza determinados conceptos.

Exercicios de competencia lingüística (páxinas 164 e 165)

- 2. De seguido aparecen reescritas as oracións coa forma ou formas verbais pertinentes:

- El predixio o accidente de avión antes de que ocorrese.
 - Que mala sorte temos! É coma se alguén nos maldicise.
 - Nós dixemos que iso era mentira e ninguén nos contradixo.
 - Grazas pola axuda, Deus vos bendiga/ bendiza.
 - O cura, despois de que todos os comensais sentaran, bendiciu a mesa.
 - Primeiro dixo que fora el o culpable mais logo desdixose e negouno todo.
 - Espero que ese adiviño prediga que teremos unha longa vida.
 - Anxo e Eva maldín/ maldicen o frío que vai porque non o aturan.
 - O que ti afirmas agora contradí o que onte comentabas sobre o tema.
- 3. As parellas de conxuncións e locucións de significado equivalente e os valores das mesmas son os seguintes:
 - Porque - xa que: conxuncións causais.
 - Aínda que - por máis que: conxuncións concesivas.
 - Se - sempre que: conxuncións condicionais.
 - Para que - a fin de que: conxuncións finais.
 - Ora... ora - ben... ben: conxuncións distributivas.
 - Non obstante - porén: conxuncións adversativas.
 - Daquela - xa que logo: conxuncións consecutivas.
- 4. As palabras propostas teñen os seguintes significados:
 - Asolar: expoñer ao sol.
 - Devastar: destruír completamente.
 - Fallo: falta de acerto, equivocación.
 - Sentenza: ditame dun xuíz.
 - Racha: anaco pequeno de algo.
 - Refacho: golpe de vento.
 - Relevo: forma que sobresaia dun plano.
 - Remuda: acto ou efecto de cambiar algo.
 - Mimo: actor que usa a mímica.
 - Aloumiño: demostración de cariño.
 - Soño: o que un imaxina durmindo.
 - Sono: necesidade de durmir.
 - Pobo: conxunto de persoas que viven nun lugar determinado e comparten lingua, historia, tradicións...
 - Localidade: pequena entidade de poboación.
 - Recorrer: presentar un recurso contra unha resolución xudicial.
 - Percorrer: andar, transitar dun lado a outro.
- 5. As palabras pertencentes a cada un dos deportes propostos son:
 - Natación: remuda, brazada, viraxe, estaxe.
 - Baloncesto: rebote, gancho, bandexa, taboleiro, finta, rede.
 - Tenis: rede, servizo, resto, globo.
 - Piragüismo: bañeira, popa, pada, proa.
 - Ciclismo: pelotón, cadea, guiador, velocista.
 - Boxeo: asalto, gancho, luva, recuncho, finta.

- 6. A palabra que non pertence ao mesmo campo semántico que as restantes é:
 - A: robaliza (os demais son tipos de xogos).
 - B: cueiro (os demais son sentimentos).
 - C: broa (os demais son tipos de terreo).
 - D: landra (as demais son aves).
 - E. solaina (os demais son tipos de doenzas).
 - F: enxoval (os demais son arbustos).

- 7. As formas correctas e as oracións con estas expresións son as que relacionamos de seguido:
 - A: a esgalla.
 - B: polo miúdo.
 - C: ao chou.
 - D: de moca.
 - E: a rebolos.
 - F: sen modo nin xeito.
 - Explícame polo miúdo o que pasou. Quero sabelo con todo detalle.
 - Na discoteca había xente a esgalla. Non había espazo ningún para moverse.
 - Pechou os ollos, lanzou a frecha ao chou e deu xusto no centro da diana.
 - Por falares sen modo nin xeito metéstesnos a todos nunha boa lea.
 - O surfista caeu da táboa e chegou á area a rebolos.
 - Cando Anxo sae connosco sempre come e bebe de moca. Nunca leva cartos.

- 8. As palabras completas son: ábsida, pértega, estufado, caloroso, inimigo, marmelo, cacto, titor, arcebispo, governamental, sufocante, milagre, labirinto, bordo, tentear, pau, pavillón, avaliar, asasino, tribo, cranio, desculpa, subornar, vantaxe, avaría, espírito, vacinar, rabaño, curto, somerxer, deputado e campión.

- 9. Posibles oracións coas palabras propostas son:
 - Hoxe foi un gran día de caza, agora vén o peor, hai que esfolar os coellos.
 - Este ano pouco tivemos que esfollar xa que a peste levou todo o millo.
 - Encerrárono nunha cela ben pequena.
 - Caeu da bicicleta e partiu unha cella contra a parede.
 - Tiven que mandalo calar porque se puxo moi impertinente.
 - O flan que estou a facer non acaba de callar: non sei que fixen mal.
 - É un chulo, sempre ten que facer o papel de galo do poleiro.
 - Pepe intentaba tornar as vacas cun gallo de freixo.
 - Este inverno é tan frío que non van grelar as patacas.
 - Non me importa o que fagades, para min hai que grellar polo.
 - O dianteiro resultou lesionado polo golpe que recibiu na canela.
 - En Budapest perdémonos nunha canella estreita e sen luz e pasamos un medo terrible.

- 10. De seguido aparecen reescrita as oracións propostas:
 - Cando eramos cativos, sobresañamos no estudo de idiomas e agora somos plurilingües.
 - Apaguei a radio para que despois non poidades argüír que non oíades o que vos dixeran.

- En canto saíamos da casa, irei á tenda de antigüidades a comprar a guitarra que vira onte.
- Aquel piragüista aplicou un estraño unguento nas mans para suxeitar mellor a pa.
- Déixate de ambigüidades: queres ver un documental sobre pingüíns ou un filme de guerra?

16.8 Unidade 8

Exercicios da *Comprensión do texto* (páxina 171).

▪ Exercicio 1

- Postulado: proposición non evidente nin demostrada que se toma como certa para basear un razoamento posterior.
- Raizame: conxunto de ideas das que provén algo.
- Heterónimo: nome utilizado por un artista, no lugar do propio, para realizar unha actividade.
- Mordaz: que ataca ou critica utilizando a ironía, a burla ou a sátira.
- Engado: aquilo que atrae ou seduce.
- Duchamp constrúe un álder ego feminino a través do seu heterónimo “Rose Selavy”, que en francés se parece á oración “Eros c’est la vie” (O amor erótico é a vida). Trátase dun xogo de palabras enxeñoso e pícaro de connotacións eróticas.

▪ Exercicio 2.

- N: a maior parte da súa obra está no Philadelphia Museum of Art. E: súa é a obra Fonte. F: deixou a arte para dedicarse a xogar ao xadrez.

▪ Exercicio 3:

- Titular: liñas 1-2. Subtítulo: liñas 3-6. Sinatura: liña 7. Entrada: Liñas 8-31. Corpo: liñas 32-113.

▪ Exercicio 4.

- Que acontece? Acaba de abrirse unha exposición.
- Quen o protagoniza? Tres artistas creadores do dadaísmo: Duchamp, Man Ray e Picabia..
- Onde? No Museu National d’Art de Catalunya.
- Cando? Neste momento (29-07-2008).
- Como? A través da mostra, xa vista en Londres, de máis de 300 obras dos tres autores creadores do dadaísmo.
- Por que? As propostas do dadaísmo e do surrealismo seguen sendo vivas e atraentes.

▪ Exercicio 5.

Resposta aberta.

Exercicios da *Análise de textos* (páxina 178).

▪ Exercicio 1.

- Tema: a exaltación da humilde flor por parte do autor.
- Comentario do enunciado: o autor describe a natureza (neste caso a flor) proxectando nela os seus sentimentos. A descrición está tinguida dunha emoción fonda e íntima que se

reflicte, por exemplo, no uso de léxico relacionado coa emotividade (“venero”, “medo”, “preciado”, “devocións”...) e de diminutivos afectivos (“rosiñas”, “frolañas”...).

- Análise métrica: 12A, 10A, 10B, 10B, 10C, 10C, 10D, 10D, 12E. Son versos de arte maior decasílabos e dodecasílabos, con rima consonante. Son pareados.
- Recursos máis relevantes:
 - Personificación: “Frolañas que sorríen”, “que o Ceo agasalla”; ao dotalos de calidades humanas, sentímonos afectivamente próximos aos elementos da natureza.
 - Metáfora: “O Ceo agasalla/ con diamantes as noites orballa” (as pingas de orballo dos toxos –terno real- son diamantes –terno imaxe-), “as frolañas dos toxos son douro” (as flores dos toxos –terno real- brillan coma o ouro –terno imaxe-).
 - Anadiplose: “as frolañas dos toxos son douro./ De ouro vello son...”; créase musicalidade, á vez que se resalta a idea.
 - Hipérbato: “que sorríen, a medo, entre espiñas”, “Entre espiñas que o Ceo agasalla/ con diamantes as noites orballa”: serve para facilitar a rima, á vez que chama a atención sobre os elementos de final de verso.
- Exercicio 3.
- Parte 1: reunión de Artur cos Cabaleiros (liñas 1-16). Parte 2: aparición de Galahaz (liñas 17-30). Parte 3: conversa de Artur y Galahaz (liñas 31-54). Parte 4: anuncio das voces (liñas 55-60).
- O texto pertence á segunda Saga: “O cabaleiro do santo Grial”.
 - Xustificación: o rei Artur comunicalles aos seus Cabaleiros que Deus lle encargou nun soño que saíse á procura do santo Grial. Os cabaleiros xuran apoialo e aparece Galahaz, sen armar. Artur ofrécelle armas que aquel rexeita, porque di que debe gañalas en batalla. Saen todos á busca do Grial, que atopará quen teña corazón puro.
- Mundo místico e marabilloso: misterio, milagreiro, fe, diviña, sagra, martirio, penitentes, El Señor...
- Mundo da sensorialidade: caridade, tebras, *doirados*, azuados, vermella, brancura, fermoso, zoantes, voces...
- Símbolo da luz: luz de miragre, a brancura do traxe, o fermoso craror...; a luz ten que ver con Galahaz, que representa a esperanza, o novo mundo, a futura liberdade, o espertar da nova Galicia.
- Símbolo da escuridade: medianoite por filo, noite tráxica, as tebras... A escuridade remite ao soño, á noite tráxica da última cea, ao pasado.
- Outros recursos:
 - Hipérbato: “Rei Artur aos seus nobres deste xeito falaba”, “Terán que ir, penitentes conquistar o Sant Grial”... non só se axuda á rima, senón que se imita a fala antiga.
 - Comparación: “Como espigas de trigo os cabelos doirados”. A beleza de Galahaz ponse en relación coa natureza brillante, abondosa e xerminadora.
 - Metonimia: “despiron os aceiros”. A materia polo obxecto.
 - Polisíndeto: “e, movidos do Ceo [...] e na cruz das espadas [...] E todo foi pasado”. A repetición da conxunción ralentiza o ritmo, á vez que imita a fala medieval.

Exercicios da Análise de textos (páxina 188).

- Exercicio 1.

- Movement: cubismo. Trazo: disposicións tipográficas orixinais. Exemplo: “N. S. E. W / Terra./ Chuvia d’estrelas/ Alborada/ Lóstrego/ rayos X/ Profecía.
- Movement: futurismo. Trazo: admiración pola máquina e o movemento por riba do natural. Exemplo: “Vapor de todol-os fios eléctricos”, “Antenas para radiografial-os nosos himnos ás estrelas”.
- Movement: ultraísmo. Trazo: desaparece todo elemento ornamental (adxectivos, rima, puntuación...). Exemplo: “Brinco de total-as vontades /Estralar de todol-os miolos”, “Alborada /Lóstrego/ Rayos X/ Profecía”.
- Exercício 3.
- Relación do poema de Risco co poema “Foulas” de Manuel Antonio: os dous mantéñense fieis á estética vangardista; independencia creadora; influencia futurista, cubista, ultraísta (con presenza do humor no texto de Risco); compromiso coa identidade galega; negación do tradicional; antisentimentalismo.
- Relación de “Foulas” cos principios estéticos de Manuel Antonio:
 - Trazos formais: orixinal disposición tipográfica; presenza do caligrama (“Eu son”); rexeitamento de rima e ritmo en poesía, da gramática e da lóxica gramatical (“de pirotécnicos instintos/(pirotecnia de resonancias”). Imaxes suxestivas (“que polos vieiros dos ecos/ xogarán aos labirintos”).
 - Trazos temáticos: admiración pola vida moderna e a maquinización: “RADIOGRAMA” / de pirotécnicos instintos”). Independencia creadora: o autor fai un canto á propia identidade.
- Exercício 4.
- Análise métrica: 8-, 8(7+1)a, 8-, 8 (7+1)a, 8-, 8b. 8-, 8b, 8-, 8 (7+1)a, 8-, 8(7+1)a.
- Tipo de estrofa: copla.
- Metáfora:
 - “as sedas do mar”- relaciónase o brillo e calma do mar coa suavidade da seda.
 - “no carro das mouras nubes/ ven do sur o temporal” – As nubes, como un carro (pola forma redondeada) que traen do sur o temporal.
 - “púxose o ceo de loito” – A negrura do temporal, asociada á tristura (loito) pola desaparición do sol.
- Personificación:
 - “das estrelas afogadas” – As estrelas, como seres humanos, afogan pola tormenta.
 - “as centellas como trallas/ baten no lombo do mar” – O mar, como a figura dun coloso, recibe no lombo os lóstregos.
- Tema: chegada á costa do temporal e premonición de mortes de mariñeiros.
- Exercício 5.
- Aspectos formais en común:
 - Refrán: “E morre de amor” (Bouza)- “Na verde fror/ as letras van de amor!” (Cunqueiro).
 - Paralelismo: “Naquel biduído dos bidos louzanos / o páxaro Sol non pía seus raios”, “Naquel biduído dos lanzales pinos/ o páxaro sol non criba seus píos” (Bouza) – “levaba un pano de seda bordado”, “levaba unha fita colléndolle o pelo” (Cunqueiro).
- Aspectos de contido en común:
 - Temática amorosa: “O páxaro sol non pía seus raios/ e morre de amor” (Bouza) – “As letras van de amor/ Con amor vivirás” (Cunqueiro).
 - Presenza da natureza: “Biduído”, “bido”, “albres e mámoas”, “poldra”, “mato cativo” (Bouza) – “No medio do río”, “Na verde fror” (cunqueiro).

Movementos de vangarda: neotrobadorismo.

Xustificación: os dous textos continúan a tradición medieval: recrean termos amorosos, presentan ambientes naturais, usan paralelismo, refrán, etc.

Exercicios de Síntese e avaliación (páxina 192).

■ Exercicio 1.

- A: Falso (unha reivindicación fundamental do agrarismo era a redención dos foros, que non se acadou ata 1926).
- B: Falso (a sección de Filoloxía do S.E.G. publicou en 1933 “Algunhas normas pra unificación do idioma galego”).
- C: Certo.
- D: Falso (“Do ermo”, de Noriega Varela ten varias edicións, a primeira de 1920).

■ Exercicio 2.

- “Fronte ás dores da terra”.
 - Tema: chamamento aos labregos a abrazaren o agrarismo para liberar a Galicia das presións de caciques.
 - Liña temática: cívica.
 - Xustificación: o autor, desde o desterro, chama aos galegos á loita, para frear o asoballamento de Galicia.
 - Tipo de estrofa: soneto (dous tercetos e dous cuartetos)
- “¡Amor, eterna inqueda!”
 - Tema: o autor invita a amar, aínda que signifique sufrir.
 - Liña temática: intimista.
 - Xustificación: exprésanse sentimentos íntimos relacionados co amor, malia o sufrimento que poida carrexar.
 - Tipo de estrofa: tercetiñas.

■ Exercicio 4.

Resposta aberta. Unha posible resposta: neste fragmento de “Máis alá” Manuel Antonio oponse á hexemonía dos “vellos” (autores consagrados do momento), por seguiren patróns caducos. Defende a nosa fala. Chamamento á xuventude para que asuma un papel renovador nas artes e na sociedade.

■ Exercicio 5.

- Escribiu “Sombra do aire na herba”: P.
- Participou na fundación do S.E.G.: B.
- Estudou Medicina en Compostela: P.
- Publicou “Mar ao norde”: C.
- Escribiu “O galo”: A.
- En Madrid coñeceu artistas como Dalí e Lorca: A.
- Naceu en Mondoñedo en 1911: C.
- Publicou “Nao senlleira”: B.

■ Exercicio 6.

Recursos estilísticos:

- A: Refrán: “Ai amor; ai amor; ai amor...!” Recurso sintáctico que dá unidade e ritmo ao poema.

- B: Personificación: “Ollos na noite pensantes/os das lonxanas estrelas” (calidade humana –pensante- das estrelas).
 - C: Sinestesia: “Noite azul de silencio”; combínanse imaxes de campos sensoriais distintos (vista –“azul”- e oído –“silencio”-).
 - Exercicio 7.
- Resposta aberta

16.9 Unidade 9

Exercicios da Comprensión do texto (páxina 197).

- Exercicio 1.
 - Austral: relativo ao hemisferio sur.
 - Devalo: entrada da lúa en cuarto minguante. Fig.: chegada da noite./ Acción de baixar a marea.
 - Casal: conxunto de casas que forman un grupo no medio do campo. Casa de campo.
 - Encirrada: incitada para que discuta ou loite.
 - Xeira: tempo que lle corresponde a alguén para facer algo. Vez, rolda, quenda. Xornada.
 - Lanzal: alto e delgado, ben proporcionado.
- Exercicio 2.
 - A: Certa.
 - B: Falsa (en Bos Aires agárdaos in irmán da nai).
 - C: Falsa (Ata o seu retorno pasan case cinco anos).
 - D: Falsa. (Castelao estuda Medicina por desexo do pai).
 - E: Certa.
 - F: Falsa (Ao rematar a carreira, Castelao segue frecuentando a tuna).
- Exercicio 3.
 - Infancia de Castelao (liñas 1-56). Resumo: embarca coa nai en Vilagarcía, e en Bos Aires espéraos seu tío, que os conduce ata o pai, en Cruz Colorada. Chámalle a atención a paisaxe erma e a dureza das xentes.
 - Mocidade (liñas 57-114). Resumo: estuda Medicina por contentar ao pai, pero prefire a festa e as artes, polas que axiña destaca.

Exercicios do apartado Análise de textos (páxina 201).

- Exercicio 2.
 - Caracterización: o neno é introvertido, pero emocional. O pai aparece ben vestido, dise que é curioso e viaxeiro, e que non hai orgullo na súa mirada.
 - Estrutura:
 - Primeira parte (liñas 1-12): presentación do neno, inqueda. Quere contar algo, pero non o fai.
 - Segunda parte (liñas 13-34): está nervioso porque o pai chega de Nova York e os outros nenos non lle preguntan nada. Rabuña aos supostos inimigos de rabia.
 - Terceira parte (l. 35-42): o rapaz traga as bágoas e berra para si “Nova York é noso!”.

- O conto segue unha progresión cara ao final, que é a cristalización da rabia e as demais emocións.

Exercicios do apartado *Análise de textos* (páxina 210).

- Exercicio 1.
 - Ton irónico e satírico: “Don Celidonio tiña dous cromos no comedor, con perdices e coellos mortos... moi bonitos”, “Aqueles señores aseguraban –unque D. Celidonio non o vise, anque se puxo dun lado e doutro e de fronte- que o rapaz se saía do cadro”, “aínda tiña que aprender a xogar ao tresillo, e propúxose adestrarse na casa”.
 - Estilo indirecto libre: “non sei por que lles poñen ós cadros un fondo tan feo”. Achega ao lector ás ideas do personaxe.
 - Resposta aberta. Resposta posible: preséntase a vulgaridade e ignorancia do personaxe, por exemplo fronte ao cadro, do que di que é mellor ca unha fotografía en cor. A crítica ao materialismo aparece na continua alusión ao valor dos obxectos.
- Exercicio 3.
 - Asucadela: rego polo que corre a auga á beira dos camiños. Testeiro: parte superior de algo. Arela: desexo grande. “Un home de moito porqué”: un home de importancia.
 - Trazos lingüísticos: Adxectivación: “disformes”, “acugulado”, “murchas”, “frías”, “fidalga”, “gracioso”, “durmiñentos”, “finas”, “boa”, “esperanzado”, “campesíño”, “lucida”.
 - Verbos de estado: ”era”, “fora”.
 - Temporalidade verbal: (Copretéritos) “figuraban”, “chuchaba”, “entraban”, “albexaba”, “tiña”, “pousaban”, “era”, “sabía”, “dicía”, “atopáballe”, “deixábase”, “chamábao”. (Pretéritos) “podreecería”, “vivirían”, “casaría”, “reflorecerían”. (Antepretéritos) “ouvira”, “fora”, “viaxara”.
 - Expresións locativas. “nas asucadelas da estrada”, “na sala”, “no testeiro máis escuro”...
 - Retrato: descríbense trazos físicos (“Vestido coa etiqueta fidalga do século XVIII tiña un sorrir gracioso...”) e psicolóxicos (“un home de moito porqué, coñecido na corte”).
 - Relación entre o fragmento e o visto na unidade: En “Os camiños da vida” descríbese a traxectoria de varias xeracións dunha familia fidalga: no pasado, un antergo de moito poder na corte; no presente, don Caetano vivindo das rendas como un fidalgo rural medio; no futuro virán os dous fillos: o morgado e o segundo, de quen se espera que case ben. Tamén a novel retrata o Antigo Réxime en decadencia, representado por Misia Xacinta.

Exercicios do apartado *Análise de textos* (páxina 215).

- Exercicio 1.
 - Tema: a dramática volta dos emigrantes dende a visión dun neno.
 - Estrutura e resumo:
 - Introducción (liñas 1-5): o pai de Migueliño volta da emigración e o neno bota unha ollada ao retrato.
 - Nó (liñas 6-24): no peirao, o cativo busca entre os homes elegantes e ben parecidos, pero ningún deles é o pai.
 - Desenlace (liñas 25-31): finalmente ve un home fraco abrazado á nai. Non se parece ao do retrato, pero é o pai.
 - Resposta aberta.

Actividades de Síntese e avaliación (páxina 218).

■ Exercicio 1.

- Prosistas das Irmandades: (Ensaio) J. Vicente Viqueira, Antón Vilar Ponte. (Ficción) Leandro Carré Alvarellos, Xosé Lesta Meis.
- Prosistas das Vangardas: Rafael Dieste, Luís Amado Carballo.

■ Exercicio 2.

- Resumo: nunha aldea, un vello quere ver o tren. Os fillos néganse, pero apóiao o neto e van os dous. Cando pasa o tren, o neno mírao emocionado, e asegura que algún día el irá alí; o vello, en cambio, óllao con tristura, pensando os adiantos que xa non dará visto.
- Puntos en común: os dous queren ver o tren e opóñense aos pais. Os dous reaccionan con asombro. Diferenzas: o neno está excitado e ilusionado; o vello queda calado e tristeiro.
- Importancia de “Dos arquivos do trasno” na nosa literatura radica na corrente narrativa universalista na que se sitúa Dieste (temas universais, lecturas múltiples), e no uso renovador que fai da fantasía, polo que se lle soe considerar como un dos fundadores do realismo máxico, traballado despois por Julio Cortázar e Gabriel García Márquez, entre outros.

■ Exercicio 3.

- O núcleo de mozos que deu orixe... C.
- A revista Nós foi fundada... C.
- A dirección literaria... B.
- Tras o estalido da Guerra Civil... A.

■ Exercicio 4.

Un dos propósitos básicos da revista é definir a identidade de Galicia dentro dun marco moderno e universal, sen ter que depender doutras culturas que nos administrasen os bens culturais. De aí que a revista sirva como vía de comunicación con autores europeos (Teixeira de Pascoais, Hölderlin, James Joyce...).

■ Exercicio 5.

- Imaxe caricaturesca. Palabras do texto: “Se o xastre Nogueira foi quen fixo señor a D. Celidonio, quen fixo señora á súa muller foi a política...”. Comentario: D. Celidonio, de señor, só tiña o traxe.
- Imaxe caricaturesca: palabras do texto: “De que casara, Nicasia García mellorara de físico no senso da latitude; en peso e volume gañou o que perdeu en pescozo [...] Collera a feitura dun tarro coma os da botica [...] Mais dentro dela pouca pementa había”. Comentario: fisicamente Nicasia engordara moito, pero por dentro seguía sendo insubstancial.
- Imaxe caricaturesca: palabras do texto: “Despois, co sombreiro, a peliza ó pescozo e o bolso na man, ollada a certa distancia, somellaba unha señora feita e dereita. De preto, o bafó a cheirar, cheiráballe a allo”. Comentario: Nicasia adoptara modais señorís só na forma externa, pero seguía mantendo os hábitos miserables.

■ Exercicio 6.

Vicente Risco.

- Narrativa: “Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros” (1919. Relato no que o protagonista visita a ultratumba). “A coutada” (1926. Narración dialogada na que se manifesta o desexo de voltar á casa natal e ao rural). “O porco de pé” (1928. Novela na que se critica a imparabile ascensión no poder dunha burguesía embrutecida e cega pola riqueza material).

- Ensaio: “Teoría do nacionalismo galego” (1920. Xustificación teórica e ideolóxica sobre a idea de identidade nacional). “Nós, os inadaptados” (1933. Breve ensaio no que se expón a evolución ideolóxica da súa xeración). “Mitteleuropa” (1934. Crónica dunha viaxe por Centroeuropa na que comenta as crises sociais que ve).

Castelao

- Narrativa: “Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete” (1922. Un morto relata os sucesos dos veciños de cemiterio). Cousas (1926-1929. breves relatos sobre asuntos cotiáns ilustrados polo autor). “Retrincos” (1934. Relatos autobiográficos). “Os dous de sempre” (1934. Novela que narra as vidas de Pedriño e Rañolas dende a infancia ata a madurez).
- Ensaio: “Sempre en Galiza” (1944. Xustificación histórica e política do nacionalismo galego). “As cruces de pedra na Galiza” (1950. investigación sobre os cruceiros galegos).
- Exercicio 7.

Na entrevista, Otero Pedrayo conta o significado da súa novela “Arredor de si”, un testemuño da súa historia e da súa xeración. Nela aparecen as tres etapas: o “pregaleguismo” (época de ampla formación cultural dos protagonistas), “galeguismo” (intenso compromiso de labor político e cultural) e “etapa de posguerra” (ruptura da unidade do grupo). Na entrevista comenta a sensación de non-pertenza da primeira etapa, á que segue a identificación cunha terra empobrecida.

- Exercicio 8.
- Estrutura:
 - Introducción (liñas 1-8). Elaboración do cabezudo.
 - Nó (9-85). Relación ao longo do tempo entre o cabezudo e Peito de Lobo.
 - Desenlace (86-93). Decadencia de Peito de Lobo e do cabezudo.
- Narrador: Protagonista (“Aínda eu era estudante cando se me criou no meu maxín...”, “Co medo que papei...”, “Peito de Lobo miroume con ollos...”).
- Paralelismo entre o cabezudo e Peito de Lobo: dáse nas tres etapas: na creación, porque entre os dous hai parecido manifesto; co paso do tempo, aos dous sáenlles espullas no nariz. O tempo tamén os deteriora e decaen ao final.
- Carácter sintético e sen artificios: aprésase tanto no contido (pasa moito tempo nun relato moi breve) como la lingua popular e a sintaxe sinxela.
- Mestura de realismo, lirismo e humor:
 - Realismo: dado polo carácter autobiográfico dalgúns datos autobiográficos (estudante en Santiago, creador de atrezzo teatral...) e comúns (festas do pobo, ambiente mariñeiro...): “Na praza non collía unha agulla. No adro da igrexa un rapaz toco portaba un feixe de foguetes debaixo do brazo”.
 - Lirismo: aparecen o modo en que set rata a evolución das dúas figuras: “-Fíxese no cabezudo e repare en min. O cabezudo son eu”, “-¡Alá se foi o cabezudo, señor!”.
 - Humorismo: presente na comicidade de certas situacións: “Saíu o meu cabezudo e no mesmo intre a xente escachou a rir, como facía nas comedias dos titiriteiros”, “Era Peito de Lobo que quería esnaquizarnos: ó cabezudo e mais a min”.
- Protagonismo do pobo, co que se busca a complicidade: inicialmente o antagonista é un simple mariñeiro (Peito de Lobo), pero co paso do tempo van trazando unha certa amizade.

16.10 Unidade 10

Actividades 1, 2, 3 e 4 do apartado *Lectura* (páxina 223)

▪ Exercício 1.

Eloxio: loa, louvanza. Tardiña: serán, luscofusco. Raiceira: raizames, orixes. Engado: encanto, feitizo.

▪ Exercício 2.

Vocabulario do eido teatral: monólogos, diálogos, actor, primeiro actor, caretas, teatro, interpretativa, sainetesco, peza, estrea, público, lance...

▪ Exercício 3.

Coa “España leal” o autor refírese ás persoas que permanecen fieis ao goberno republicano elixido democraticamente, é dicir, aos que non se adheriron ao golpe militar do xeneral Franco.

▪ Exercício 4.

Lee Strasberg.

- Quen é? Fundador do Actor’s Studio de Nova York
- Que relación ten con Tacholas? Veo recitando un monólogo e elóxiao. Para o actor foi como se lle desen un Óscar.

Sabela.

- Quen é? A esposa de Tacholas.
- Que relación ten con Tacholas? Acompaña sempre nos festivais e comités de axuda para os damnificados pola guerra.

Xosefa Menéndez Anduriña.

- Quen é? Outra actriz galega afincada en Bos Aires.
- Que relación ten con Tacholas? Protagoniza con el o Primeiro Acto Patriótico no Centro Galego de Avellaneda.

Alberto Vacarezza

- Quen é? Un autor de xénero sainetesco moi popular na época.
- Que relación ten con Tacholas? Cando o actor chega a Bos Aires observa que é frecuente nos sainetes a aparición dun personaxe caricaturesco de “gallego”. O actor opónse a este tratamento e reivindica a dignidade deses personaxes.

Varela Buxán

- Quen é? Autor teatral galego emigrado antes da guerra á Arxentina.
- Que relación ten con Tacholas? Para Tacholas é o pioneiro do período de posguerra.

Exercicios 1 e 2 da Análise de textos (páxina 229)

▪ Exercício 1.

“Vinculeiro”: fillo máis vello e que recibe a herdanza familiar. Figura social que representa: o cacique.

Comentario: a peza ten un evidente fin social e didáctico, que se representa tanto na crítica á beatería e superstición (os rezos da señora Sabela representan o atraso do país) como na clara denuncia do caciquismo (nas palabras entre Ánxela e Antón).

▪ Exercício 2.

- Métrica: combinación de versos de arte maior (11 sílabas) e menor (7 sílabas), con rima consonante (ABccACDEdFEFGHG).
- Con que obra se relaciona? Con “A noite estrelecida” de Ramón Cabanillas, pois tamén aquí se pretende avogar por unha lexitimación de feitos críticos de Galicia apelando a feitos e personaxes míticos. Neste caso, Pardo de Cela.

Actividades 1 e 2, do apartado Análise de textos (páxina 233)

- Exercicio 1.
 - El Rei. Caracterización: triste e traizoado. Palabras do texto: “a falta dunha muller non debe ser de abondo para apesara a un poderoso”. Enfadado: “¿Por que non escoitades con sosego as miñas razóns?”.
 - O Bufón. Burlón e irónico: “Os froróns da croa non deixan ver os cornos”. Intrigante: “O castigo desfai o crime; o que cumpre a súa vinganza”. Fisicamente deforme: “¿Quen che iba querer a ti?”.
 - Conexións do texto coa Materia de Bretaña: aparecen personaxes propios da saga artúrica (Arturo, Lancelote, Xenebra...). Outras obras sobre este tema: “Demanda so Santo Graal” (séculos XIV.XV), “Na noite estrelecida” (1926), de Ramón Cabanillas, “Merlín e familia” (1955) de Álvaro Cunqueiro, “Amor de Artur” (1982), X.L. Méndez Ferrín, “Todos os fillos de Galahaz” (1961) de Manuel Lourenzo, “Galván en Saor” (1989) Darío Xohán Cabana...
- Exercicio 2.
 - Tipos de personaxes:
 - Obxectos: a alquitara.
 - Entes abstractos: a sombra do ameneiro.
 - Elementos escenográficos:
 - Simbólicos: “bodega”, “a chama do candil fai fuxir unha grea de sombras de sombras espaventadas”.
 - Acoutamentos (ou didascalias) moi elaborados e con alto valor expresivo: “Entra na bodega cunha lus acesa [...] e da fronte xa máis ben que cavilosa, crara”.
 - Resposta aberta.

Exercicios 1, 2, 3, 4, 5, 6 da Síntese de avaliación (páxina 236)

- Exercicio 1.
 - A: ... Cantigas da Terra (da Coruña), De Ruada (de Ourense)..
 - B: ... e rural, onde non falta a sátira contra os poderosos.
 - C: ... como o dra, a simbolista, o teatro cómico e infantil, a comedia burguesa e mesmo a ópera.
 - D: ... Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Armando Cotarelo Valledor, Leandro Carré Alvarells.
- Exercicio 2.
 - Obra: “A ponte” (1903). Autor: Manuel Lugrís Freire. Comentario: teatro de reivindicación social onde se denuncia o caciquismo.
 - Obra: “O Mariscal” (1925), de Ramón Cabanillas. Teatro de recreación de episodios singulares da nosa historia e enalzamento dos nosos mitos, como neste caso o Mariscal Pero Pardo de Cela.
 - “Almas mortas” (1928), de Antón Vilar Ponte. Centrada na problemática da emigración.

▪ Exercício 3.

O conflito maniféstase no enfrontamento dos mariñeiros con don Miguel. Os primeiros reclaman que o cadro vaia co fondo real do mar porque o cadro tamén lles pertence, e non están dispostos a renegar da identidade que representa. Don Miguel non está inicialmente de acordo con eles.

O texto sitúase no lance segundo. Xustificación: é no segundo lance cando o conflito de agudiza e aparecen en escena os mariñeiros.

▪ Exercício 4.

A: I/ B: N/ C: N/ D: N/ E: I/ F: I/ G: N./ H: I.

Teatro das Irmandades da Fala. Acoutamentos breves e funcionais; marco espazo-temporal definido: personaxes materiais (persoas).

Teatro da Xeración Nós: acoutamentos elaborados e de gran valor expresivo; marco espazo-temporal indefinido; personaxes materiais (persoas, animais) e inmateriais (voces, espectros); intención propagandística. Teatro como “arte total”.

▪ Exercício 5.

- Vicente Risco. “O bufón de El-Rei” (1928). Trazos temáticos: drama situado nunha corte ao estilo artúrico. O bufón descóbrelle ao rei a infidelidade da súa esposa. Risco traballa sobre a relación deformidade física/deformidade moral. Trazos formais: hai unha forte caricaturización do Bufón (semellante á de D. Celidonio en “O porco de pé”), e tamén hai moitos elementos simbolistas.
- Ramón Otero Pedrayo. “A lagarada” (1928). Trazos temáticos: Drama nun medio rural embrutecido, onde os personaxes están sometidos a paixóns moi elementais. Trazos formais: contén elementos simbolistas (xogo de sombras, parlamento das pipas na bodega, que semella un coro grego...), carácter experimental. Acoutacións moi elaboradas.
- Castelao. “Os vellos non deben de namorarse” (1941). Trazos temáticos: tres lances presentan tres variacións do tópico do vello casado cunha rapaza, e todos acaban mal. Trazos formais: teatro como “arte total”: palabra, música, danza, pintura... . Tamén hai trazos expresionistas (máscaras, fidelidade ao “esperpento”...).

▪ Exercício 6.

Resposta aberta.

16.11 Unidade 11

Actividades 1, 2, 3, 4 e 5 da Lectura (páxina 241)

▪ Exercício 1

Laio: queixa, lamento./ Intervalo: lapso, intre. / Solpor: ocaso, crepúsculo./ Cordura: siso, entendemento.

▪ Exercício 2

Ao chou: ao azar./ Ao axexo: á espreita, vixiar sen ser visto./ Abrir a veda: figuradamente, dar por iniciada unha actividade.

▪ Exercício 3

A: O mar batía nas rochas e o ruído era tan grande como as vacas famentas batendo nas cortes esperando que lles boten de comer.

B: O gardián Herbal sentía a carraxe do Doutor cando este o miraba.

C: Os debilitados presos agardaban no Campo da Rata a que os fusilasen querendo manterse erguidos, a pesar do vento.

D: Como disparaban na escuridade, daba a sensación de que non disparaban a persoas, senón ao vento.

E: Tralo fusilamento do que o Doutor sae vivo, Herbal recólleo como a unha presa de caza.

▪ Exercicio 4

Introdución (liñas 1-27): descríbese o horror dos presos aos que se ía fusilar no Campo da Rata coruñesa, e mais o dos superviventes que volverían ao cárcere.

Nó (liñas 28-99): nárrese o “paseo” no que vai o doutor Da Barca e o garda Herbal (a quen o pintor avisou de que debía salvar ao doutor); relátase como o doutor sobrevive e o garda lévao de volta.

Desenlace (liñas 100-106): narración de como é a vida dos superviventes de volta no cárcere.

▪ Exercicio 5

Resposta aberta.

Actividade 1 da Análise de textos (páxina 251)

▪ Exercicio 1

- Trazos temáticos: compromiso ético coa realidade social de Galicia na súa loita contra “as ratas”, é dicir, os que se opoñen á Historia de identidade de Galicia. Dentro do contexto do exilio, a visión é pesimista: as ratas gañan sempre, de modo que a identidade de Galicia se ve abandonada (mosteiros, castelos...).
- Trazos formais: verso libre (versos de distintas medidas: 9, 14, 8, 6, 11, e sen rima). O ritmo acentúase pola repetición das palabras clave “Galiza” (versos 1 e 8), “dende fai séculos” (3 e 8), “!ratas” (4, 9, 10, 18 e 19).

Actividades 1, 2 e 3 da Análise de textos (páxina 259)

▪ Exercicio 1

- Poema de temática paisaxística. Xustificación: describe a Terra Cha (“pobo”, “arbres”, “monte raso”, “ceo chumbo”...).
- Comparación dos versos de Novoneyra: os dous poetas reparan na pequenez do ser humano fronte á magnificencia da natureza.

▪ Exercicio 2

Presenza da “Escola da Tebra”. Na primeira parte o poema trata o tema da angustia existencial característico desta Escola: nun ambiente opresivo (“non atopaba nada senón penedos escuros”, “o vento e o mar berraban coma cans adoecidos”) a voz poética expresa a esperanza nun elemento liberador que non dá chegado (“por se chegaba algún día un forasteiro ou escrito que nos dixese que existe máis alá un brillo”).

▪ Exercicio 3

Aínda que o tema é paisaxístico, tamén hai nel unha íntima compenetración entre a voz poética e a natureza; isto vese na última estrofa, onde o home e o lume que acende entran en conexión.

As aliteracións de sons nasais (“lume”, “ollarme”, “lume sin queimarme”, “nin fume”) recrean unha sensación ensoñadora. A anáfora (“Neva no”, “neva xa”, “neva no”) intensifican a presenza da neve. A metáfora (“O lume [...] fai de min fume”) identifica ao home co fume, porque xa forma parte da natureza.

Actividades 1,2,4,5,6 e 7 da Síntese e avaliación (páxina 262)

■ Exercicio 1

Luís Seoane

- Biografía: (Bos Aires, 1910- A Coruña, 1979). Chegou a Galicia aos dez anos se estudou Dereito ao tempo que se aquilataba a súa vocación artística. E a súa ideoloxía de esquerda e galeguista. Coa Guerra Civil volve a Bos Aires, pero regresa en 1968 para crear o Laboratorio de Formas de Sargadelos.
- Obra poética: destaca nas obras “Fardel do exiliado” (1952) e “Na brétema de Sant-Iago” (1955). A súa poética é de compromiso coa realidade social arredor de dous temas dominantes: a emigración e a Historia. Adoita usar versos longos e libres, e un ritmo marcado pola repetición de palabras clave.

Lorenzo Varela

- Biografía: (Habana, 1917- Madrid, 1978). Regresa a Galicia de neno e aquí estuda e participa na fundación das Mocidades Galeguistas. Tras da guerra, exíliase en Bos Aires, onde colabora con Luís Seoane. Regresa a España en 1976.
- Obra poética: publicou “Catro poemas para catro gravados” (1944) e “Lonxe” (1954). A súa temática xira en torno ao exilio e máis a personaxes históricos que habían servir como exemplo. Combina o sobrio estilo realista (sinxelo e sen adornos) cunha estética moi sensorial.

■ Exercicio 2

- “Un dos continuadores da poética neotrobadoresca...”: B.
- “O libro que reinicia a publicación en galego...”: B.
- “En 1949 Celso Emilio Ferreiro...”: A.
- “X. M. Álvarez Blázquez intentou...”: B.

■ Exercicio 3

Resposta aberta.

■ Exercicio 4

- Poema 10: liña satírica. Celso Emilio satiriza ao seareiro de fútbol vulgarizado (“badoco gregario”) entre a masa (“entre a mesta moitedume”).
- Poema 11: liña intimista. Poema amoroso dedicado a Moraima (a súa esposa): con pronunciar o seu nome, todo vira en positivo.
- Poema 12: liña cívica. Poema antibelicista que denuncia a guerra do Vietnam (“nenos de napalm”, “mortalidade en masa”, “miseria”...).

■ Exercicio 5

Luz Pozo Garza.

- Liña temática intimista: adoita tratar do amor dende un enfoque espiritualista: “O paxaro na boca”, “Códice Calixtino”, “Prometo a flor de loto”.
- Liña de compromiso social: “Vida secreta de Rosalía”.

Uxío Novoneyra.

- Liña paisaxística: é a liña que o caracteriza, e nela desenvolve un ton existencial: “Os Eidos”.
- Liña amorosa: “Muller pra lonxe”.
- Liña social: “Poemas caligráficos”.

X. L. Méndez Ferrín.

- Liña da Escola da Tebra: forte carga existencial e visión fatalista respecto de Galicia: “Voce na néboa”.
- Liña reivindicativa: “Poesía enteira de Heriberto Bens”.
- Liña vangardista: continúa co compromiso ético, pero dende a experimentación formal: “Con pólvora e magnolias”.

▪ Exercicio 6

Galicia é comparada na segunda estrofa cun “río que se estiña, terra de esorecer, patria do vento”, “dorna valeira”, “feira sen xente”, “noite fría”, etc., termos cos que o autor quere evidenciar o estatismo e a falta de esperanza endémicos.

Estrutura. 1ª parte (estrofas 1ª e 2ª; versos 1-15): sitúase o tema e descríbese a situación./ 2ª parte (3ª estrofa; versos 16-18): o desexo frustrado do “eu” para denunciar esta situación.

A utilización de “noite” neste poema é un símbolo que remite a Celso Emilio (“Longa noite de pedra”), e representa o desacougo dos seres sometidos ao estatismo social.

▪ Exercicio 7

- Hipérbole: “Toda a mágoa do mundo/ vive en min”: Manuel María. Con esta esaxeración expresa o autor a súa angustia existencial.
- Referencias culturalistas: “e o Celtic twilight mesmo/ que concede ó poeta tantos saberes feéricos”: Luz Pozo atribúe á historia celta a arte poética.
- Personificación: “A terra das aradas, tenra e doce/ respira, como en sono, acubillada”: Aquilino Iglesia Alvariño ten unha visión animada e humanizada da paisaxe.
- Fonosimbolismo (ou aliteración): “Ollo o ceo mouro con medo antergo. Torna a abella ó tobo”: Uxío Novoneyra repite a vocal “o” para evocar a escuridade e o medo fronte á treboada.

16.12 Unidade 12

Actividades 1, 2 e 4 da Lectura (páxina 267)

▪ Exercicio 1

- A: pulo./ B: biodiversidade./ C: partidario./ D: corpo.
- Marxinal: secundario, que está no límite, na marxe./ Subalterno: inferior a outro rango; subordinado./ Inferiorizado: situado no nivel máis baixo.

▪ Exercicio 2

- Situación da lingua galega: é unha lingua en perigo de extinción debido á diminución progresiva dos seus falantes. Precísase de accións políticas comprometidas para salvar linguas nesta situación.
- Situación da literatura galega: é unha literatura forte, con grande calidade e variedade, composta por un nutrido grupo de autores e de lectores.

▪ Exercicio 4

Resposta aberta. Resposta posible: como se aprecia na entrevista, Méndez Ferrín, malia o paso dos anos, conserva o mesmo pulo comprometido e creativo.

Actividade 1 e 3 da Análise de textos (páxina 276)

■ Exercicio 1

- Resumo: nas súas reunións, os homes falaban de política, e permitían que o protagonista quedase alí escoitando, mentres as mulleres quedaban facendo tarefas na cociña. Un día, malia oposición da nai, a irmá do protagonista queda na reunión dos homes, e aos poucos a nai tamén se vai interesando polo que alí se fala.
- Ambientación en espazo urbano: “pois como miña nai saía pra o traballo, e miña irmá, xa oficiala de costureira”.
- Problemática das clases desfavorecidas: “e falaban de política e ‘diste país’ e do estranxeiro, que moitas veces eran cousas tristes, de destellos, de presos, de folgas, de mortos, de indultos para a cadea perpetua”.
- Perspectivismo: “Porque a min somellábame xa que, ao principio, a miña nai facía todo o que podía por tornar á Evanxelina”.
- Lingua popular: “como quen di co bocado na boca”, “a bulir, a bulir pra arrematar axiña”.
- Situación da muller na época: aínda que xa estaba incorporada ao mundo laboral, a muller segue a realizar en solitario as tarefas do fogar, á parte de ser considerada allea ás actividades sociais e políticas.

■ Exercicio 3

- Estrutura.
 - Introducción (liñas 1-9): o narrador recibe en Vigo a visita dun sobriño de Novo de Parmuide.
 - Nó (liñas 10-71): Novo de Parmuide gustaba das randeiras e trouxo unha de Valladolid que pendurou na eira. Cando viu que tiña propiedades curativas fíxose curandeiro e pediulle ao narrador unhas palabras en latín para adobiar as curacións. Co tempo, a xente coidaba que sandaban só os “latíns”. Novo morreu e a randeira quedou abandonada.
 - Desenlace (liñas 72-79): o narrador esqueceu as palabras latinas, así que non llas pode dicir ao sobriño de Novo, que esperaba herdar o oficio do tío.
- Recurso da ironía: “Eu non sei cando Novo, que tivo en Valladolid un cabo [...] que sabía curar os cabalos [...] e que lle pasara receitas [...] decatouse de que o columpio tiña propiedades menciñais”. Valor expresivo: crea unha atmosfera de incredulidade fronte ás propiedades da randeira.
- Lingua culta: manexa unha prosa refinada e culta (“adicouse escrusivamente ao arte curatorio”, “eu non ousei decirlle que as palabras de ocultis eran do meu maxín”. Lingua popular: reproduce a lingua popular dos personaxes en vulgarismos (“paralís”, “despoixas”), castelanismos (“antoxo”, “columpio”) e coloquialismos (“logo libraban miu ben”).

Actividade 1 e 2 da Análise de textos (páxina 284)

■ Exercicio 1

- Encrequenados: coas pernas e costas dobradas, inclinados, encollidos./ Petrucios: xefes do núcleo familiar./ Ghetto: barrio establecido como marxinal.
- Liña mítica persoal de Ferrín: Trata a realidade política e histórica con alegorías como Terra Ancha, Tagen Ata (“Terra Ancha era un país de encrequenados mouriscos

fanáticos”; “Por entón, e fomentada por refuxiados procedentes do país, a organización exterior mantíña unha grande confianza no noso triunfo a curto prazo”; “Uns cordiais vencellos, en xeral, coa lonxana Tagen Ata”). Tamén inclúe elementos autobiográficos (“Foi, pois, neste mundo, cando cumpridos x aos meus vintetrés anos, entre ia facer parte do consello supremo da organización exterior”).

- Organización ITA: é unha referencia simbólica coa que Ferrín alude ao grupo de galeguistas afíns á Editorial Galaxia (e Ramón Piñeiro), que propoñían unha “resistencia cultural” fronte ao franquismo. Outros intelectuais, como Ferrín ou Celso Emilio impulsaron despois unha resistencia política interior na clandestinidade (fundación do PSG e da UPG).

▪ Exercicio 2

“Arrabaldo do norte”

- Tema: descrición subxectiva e minuciosa dun recuncho da casa.
- Olo cinematográfico: “Achégome á mesiña e percorro coa man a súa superficie lisa e rogosa ao mesmo tempo”, “Olo [...] o prato situado nun extremo da mesa de vimbio, iste prato groseiro, branco, con restos de caldo no seu fondal, e unha pataca escura e unhas migallas de comida...”.
- Narrador: o protagonista é quen narra en primeira persoa.
- Protagonista: como o de “Xoguetes...” é un home só, desacougado, que ten problemas para relacionarse ben co seu medio.
- Espazo: é interior, e está minuciosamente descrito (obxectalismo).

“Xoguetes pra un tempo prohibido”

- Tema: relato detallado e acelerado da volta dunha viaxe do protagonista, chegada á súa pensión, saída ao cine e volta á pensión.
- Tempo do relato: o título da película e o nome dos actores axuda a situar o relato nunha época concreta (os anos sesenta). Ademais, o tempo que transcorre entre a chegada e o regreso á pensión é de dúas horas aproximadamente.
- Tempo do discurso: é moi rápido; nun parágrafo resúmense as accións de dúas horas (“O taxi lévate correndo [...] subes a maleta, deixas a revista [...] miras pola fiestra e contemplas a tristura mollada da rúa”. “Baixas as escaleiras, atópaste coa señora da pensión [...] e dis que vas dar un paseo”, “párase diante do Teatro Principal, contemplar o cartel [...] coller unha entrada. Sentarse na butaca e emocionarse”).
- Narrador: é omnisciente, aínda que se use a segunda persoa na narración.
- Protagonista: Como o de “Arrabaldo...” é un home só, desacougado, que ten problemas para relacionarse ben co seu medio.
- Espazo: alternanse os interiores cos exteriores, pero en todos hai unha atmosfera agobiante.

Relación coa Nova Narrativa Galega: ambos os textos relaciónanse cos trazos xerais desta corrente: os protagonistas son desarraigados, sen sentido de pertenza ao grupo, sen ilusións. Os espazos son pechados (aínda os exteriores), e predominan os urbanos. Na narración alternanse a primeira persoa, o monólogo interior e o pluriperspectivismo.

Exercicios da Síntese e avaliación (páxina 288)

▪ Exercicio 1

- Narradores do exilio máis relevantes e as súas obras.
 - Ramón de Valenzuela: “Non agardei por ninguén” (1957), “O naranxo” (1966), “Era tempo de apandar” (1980).
 - Silvio Santiago: “Villardebós” (1961), “O silencio redimido” (1976).

- Trazos básicos da súa obra: as súas producións están fortemente condicionadas pola súa historia persoal e social, de modo que resultan de tendencia autobiográfica e sumamente realista.
- Como condicionan as circunstancias...? A edición en Galicia resentíuse das circunstancias da época (a censura), así que algunhas só se editaron no exilio ata pasada a ditadura, outras foron de edición póstuma e outras permaneceron inéditas.

■ Exercicio 2

- A. Aмосa unha visión crítica da sociedade e o seu compromiso coas clases populares: “Lucía do Quirino..., o denanterior primeiro de maio levava a fermosa bandeira do gremio dos canteiros que acababan de perder a folga dos catro meses (nove feridos, catro presos...)”.
- B. Sitúa a acción nun ambiente urbano: “Con todo e que en Auria non se salvaba ninguén de calquera cousa que lle quixesen botar a un enriba...”; “No Centro de Sociedades Obreiras”; “costureira de luxo, a millor da cidade”.
- C. Emprega unha linguaxe rica e próxima á fala viva e popular: expresións coloquiais (“andar naquiles rebumbios”, “canta fame sandiós”), variedade de entoacións (“canta fame sandiós, anque moitos traballadores diran, durante a folga, meio xornal á semán”), alcumes (“Adolfo o Charomba”, “o Curtao”, “Lucía do Quirino”).

■ Exercicio 3

Resposta aberta. Posible resposta: Cunqueiro mestura realidade e fantasía, pois defende a imaxinación; para el non é só a capacidade de invención, senón un modo de vida, que ás veces entra en conflito co mundo unívoco da realidade.

■ Exercicio 4

- X. L. Méndez Ferrín. Pertencen á NNG “O crepúsculo e as formigas”, “Arrabaldo no norte”; “No ventre do silencio”, non.
- Carlos Casares. Pertence á NNG “Vento ferido”. “Ilustrísima e “Os escuros soños de Clío”, non.
- María Xosé Queizán. Pertence á NNG “A orella no buraco”; “Amantía”, non.

■ Exercicio 5

Evolución narrativa de Casares: o texto de “Vento ferido” inclúese na primeira etapa narrativa do autor (na NNG) e caracterízase pola experimentación formal (monólogo interior, etc.) e protagonista desacougado (“Se se cabrea, que se cabree”). O outro texto, de “Ilustrísima”, pertence á segunda etapa, ambientada en moitos casos (como aquí) en épocas pasadas, cun protagonista moito máis vitalista e unha estética que busca a simplicidade narrativa, fóra dos artificios que entorpecen a identificación do lector.

■ Exercicio 6

Eduardo Blanco Amor

- Biografía: Ourense, 1897- Vigo, 1981. En Ourense entra en contacto con ambientes culturais (Xeración Nós), e logo emigra á Arxentina, onde desenvolve actividades intelectuais. Logo da guerra, queda en América ata 1965, ano da volta a Galicia, onde realizará labores xornalísticos e culturais.
- Obras representativas: “A esmorga” (1959), dentro do realismo social, conta a historia des tres personaxes marxinais. “Xente ao lonxe” (1962), obra de compromiso social ambientada no Ourense de principios do XX. “Os biosbardos” (1972) relatos en torno a episodios da infancia.

Álvaro Cunqueiro

- Biografía: Mondoñedo. 1911- Vigo, 1981. Inicia a súa creación nas páxinas da “Revista Nós” e forma parte do Partido Galeguista ata a Guerra Civil. Posteriormente realiza un intenso labor xornalístico (director do “Faro de Vigo”) e literario (membro da Real Academia Galega en 1961).
- Obra destacada: “Merlín e familia” (1955), “As crónicas do Sochantre” (1956) e “Se o vello Sinbad volveuse ás illas” (1972) son as súas principais novelas dentro do realismo máxico (mestura o mundo da Galicia tradicional co dos mitos literarios universais). “Escola de menciñeiros” (1960), “Xente de aquí e de acolá” (1971) e “Os outros feirantes” (1979) son tres libros de relatos no mesmo estilo, pero máis centrados na tipoloxía tradicional galega.

Xosé Luís Méndez Ferrín

- Biografía: Ourense, 1938. Estuda en Santiago, onde entra en contacto co galeguismo clandestino e inicia a súa narrativa. En Madrid forma parte do grupo Brais Pinto. Reside un tempo en Oxford, onde se embebe de Tolkien e dos poetas anglosaxóns. Desde a década dos 60 desenvolve un forte compromiso político.
- Obra destacada: “Percival e outras historias” (1958), “O crepúsculo e as formigas” (1961) e “Arrabaldo do norte” (1964) participan das constantes da NNG. Na súa obra posterior (“Retorno a Tagen Ata”, 1971; “Elipsis e outras sombras”, 1974; “Amor de Artur”, 1982; “Arnoia, Arnoia”, 1987, “Bretaña, Esmeraldina”, 1987; “Arraianos”, 1991 e “No ventre do silencio” 1999) alterna os contidos de forte compromiso político co seu peculiar estilo de realismo máxico-épico.

16.13 Unidade 13

Exercicios 1, 2 e 4 da Lectura (páxina 293)

▪ Exercicio 1

A: burócrata./ B: panexírico./ C: correlixionario./ D: trasfega./ E: lizgairo.

▪ Exercicio 2

“Verdade de pé de banco”: algo que é evidente./ “Moveu algúns fíos”: fixo xestións, ou usou influencias para conseguir algo.

▪ Exercicio 4

Resposta aberta. Posible resumo: Cunqueiro estaba preocupado porque non podía estrear o “Hamlet” en Madrid. O cónsul uruguaio suxeríulle que falase con políticos paisanos. Manuel Fraga moveu os fíos ata o delegado; este, andaluz, escusouse dicindo que coidaban que era un plaxio de “Chéspir”. Lugrís Freire relata a estra, comparando a dureza deses tempos cos da República, e menciona que un funcionario comprobaba o decoroso do traxe das actrices cun metro.

Exercicio 1 da Análise de textos (páxina 299)

▪ Exercicio 1

- Resposta aberta. Posible resumo: o coro confirmalle ao príncipe que o vello rei foi asasinado polo irmán, e que o propio príncipe é fillo do asasino. Hamlet pídelles ao coro que non cale, para que o ruído lle impida cavilar.
- Esquema: Rei vello – Raíña- Rei novo- Hamlet- Coro.

- Función do coro: funciona como un personaxe que fala con Hamlet na intimidade. Xustificación: o coro fai de contraste coa voz de Hamlet: infórmao, contéstalle, escóitao, etc.

Exercicios 1 e 2 da Análise de textos (páxina 305)

▪ Exercicio 1

Tema: é unha reflexión sobre o poder e quen o manexa, aplicado á especulación urbanística.

A obra está situada a fins dos anos 60, un momento de incontrolada expansión urbanística cara finais da ditadura.

Un grupo de dramaturgos, entre os que está Xohana Torres, expresan a súa preocupación sociopolítica e fan un teatro sobre temas de actualidade e de denuncia social.

Palabras de Ruth: “¿Por que a lei está sempre na boca do fortes?”, “poden e puxan. Primeiro a expropiación de Lamiro do fondal. Que pagaron. O que lles deu a gana”, “¿Que nos deixen en paz! ¿Que se vaian axiña, Dan!.

Acoutacións: “(Con fastío)”, “(a falar rexo)”, “(Enrabexada)”, “(Con decisión)”.

▪ Exercicio 2

- Resumo: na fronteira, Electra para a falar con Labrador, quen lembra cando Agamenón (pai de Electra) foi á guerra e lamenta non telo acompañado, porque agora están en decadencia. Electra confía na vinganza contra os traidores (súa nai e o amante) que cambiaron un país próspero por un inmundo.
- Sinopse de “Electra”, de Eurípides: Agamenón é asasinado pola súa dona, Clitemnestra, quen entrega á súa filla Electra a un labrego para que, ao non casar cun nobre, non poida reclamar o seu dereito de sucesión. Electra casa cun labrego que a respecta e un día chega de incógnito Orestes (seu irmán) para convencela de vingárense contra a nai. Tras matar á nai, Orestes sente remordementos e é expulsado, e Electra casa cun nobre.
- Relación entre a peza de Eurípides e a de Lourenzo: Lourenzo sitúa a súa peza no inicio da de Eurípides, cando aínda Orestes non chegou, pero Electra xa pensa na vinganza.

Exercicios 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Síntese e avaliación (páxina 308)

▪ Exercicio 1

- A obra “Os vellos non deben...”...: B (Pola Compañía Maruxa Villanueva).
- Entre os dramaturgos que viviron o exilio...: C (E. Blanco Amor e L. Seoane).
- Varela Buxán cultivou...: A (o ruralismo humorístico).
- A acción de “A soldadeira”...: C (das Guerras Irmandiñas no século XV).

▪ Exercicio 2

- A “dramática social”:
 - Daniel Cortezón: “Prisciliano” (1970), “Xelmírez ou a gloria de Compostela” (1974), “Os irmandiños” (1977), “Castelao ou a paixón de Galicia” (1986-1997).
 - Xohana Torres: “A outra banda do Iberri” (1965), “Un hotel de primeira sobre o río” (1968).
- O grupo de Ribadavia:
 - Euloxio Rodríguez: “Zardigot” (1973), “O cabodano” (1974), “Azos de esguello” (1989), “Unha macana de dote” (1990), “Maremia” (1996).

- Manuel Lourenzo: “Traxicomedia do vento de Tebas...” (1978), “Electra” (1994), “Xoana” (1991), “Erros e ferros de Pedro Madruga” (1991), “Veladas indecentes” (1996), “Insomnes” (2004)
 - Roberto Vidal Bolaño: “Ledaíñas pola morte do meco” (1977), “Laudamuco, señor de ningures” (1977), “Agasallo de sombras” (1985), “As catas escuras” (1997), “Saxo tenor” (1993), “A ópera de a patacón” (1998).
- Exercicio 3
- Resumo: celébrase unha audiencia pública á que non asiste ninguén. Nin o xuíz nin o secretario len o sumario. O primeiro comparecente é un home que case non pode andar, pero fano axeonllarse diante da Lei. Ás preguntas de qué lle doe, o home di que a vida, pero respóndenlle que para a Lei a vida é algo provisional.
 - Tema: crítica do poder a través do esperpento.
 - Relación do fragmento coa dramaturxia de Blanco Amor: o texto pertence á terceira etapa do autor, na que aborda a denuncia social e política por medio do esperpento e a caricatura: o xuízo é público e hai ruído de xente, pero non asiste ninguén; o acusado non ten nome (“presunto”), e trátano de forma despótica; o secretario aparece caricaturizado (anano); a acta xudicial é un rolo de papel hixiénico; as voces en off acentúan o ton paródico.
- Exercicio 4
- Resposta aberta. Posible resposta: o texto conta que Manuel Lourenzo e Francisco Pillado deciden crear o grupo teatral “O Facho”, pero descoñecen a anterior tradición dramática galega probablemente polo escurantismo da época neste terreo. Estaban entusiasmados pero eran conscientes de que a censura non lles deixaría pasar “Os vellos...” de Castelao. Á estrea, sobre textos de Rosalía, Seoane e Carlos Muñiz, aparece Leandro Carré Alvarellos, director da Escola Dramática Galega na década dos 20, quen lles explica a historia do teatro galego dende o rexurdimento ata a súa época.
- Exercicio 5
- A: Liña histórica. Xustificación: no texto aparece Xoana a Louca.
 - B: Liña do “teatro inmediato”. Xustificación: hai unha crítica contra a sociedade actual: suba da bolsa, privatización dos hospitais...
 - C: Liña clásica ou mítica. Xustificación: recreación do personaxe clásico de Antígona.
- Exercicio 6
- Vidal Bolaño foi actor de teatro, pero...: falso (foi actor de teatro pero tamén traballou na televisión e no cine).
 - Nas súas primeiras obras...: certo .
 - A obra “Agasallo de sombras”...: falso (céntrase na figura de Rosalía).
 - Obras como “Saxo tenor”... : certo.
 - Vidal Bolaño faleceu...: certo.

16.14 Unidade 14

Exercicios 1, 2 e 3 da Lectura (páxina 313)

- Exercicio 1
- Alegación: argumentación, oral ou escrita, de feitos en defensa da causa de quen o presenta.

- Deturpar: facer que algo perda a súa forma ou estrutura orixinal.
- Contencioso: materia sobre a que se disputa nun xuízo e forma na que se litiga.
- Espelido: que actúa con coidado, rapidez e astucia.
- Exercicio 2
- Bitácora: caixa, xeralmente de madeira e con forma cilíndrica, fixada na cuberta dun barco e preto do temón e que contén a agulla de bitácora na parte superior e aos lados ten os imáns correctores da deriva.
- Agulla de bitácora: agulla náutica con imáns e esferas compensadoras da desviación magnética.
- Caderno de bitácora: libro de a bordo que leva o temoeiro e no que se anotan a dirección e forza do vento, o estado do mar, os faros de sinalización, o rumbo e a hora.
- Bitácora (na lectura): tamén chamado “blog”, é un sitio web periodicamente actualizado que recompila textos ou artigos dun ou varios autores. Habitualmente, os lectores poden escribir un comentario e estableceren diálogos.
- Exercicio 3
- A: falso (inicialmente o gañador do premio González Garcés foi Eduardo Estévez).
- B: certo.
- C: certo.
- D: falso (Román Raña é un poeta vigués).
- E: certo.

Exercicios 2 e 6 da *Análise de textos* (páxina 320)

- Exercicio 2
- Scherezade é un personaxe das “Mil e unha noites” que, para salvar a vida, cativa cada noite ao rei que a quere matar cun conto que deixa inacabado ata o día seguinte.
Neste poema, tanto a narradora árabe como o “eu” poético pasan a noite sen durmir: ela a contar contos, el sufrindo pola ausencia do amor.
- Responde ao esquema da décima: dez versos de arte menor (8 sílabas) con rima consonante: abbaaccddc.
- Tema: é un tema amoroso, pero o amor non aparece como realizado. É un tema universal.
- Forma: emprega un esquema estrófico clásico (algo común na súa poética); bota man de referencias culturalistas (Scherezade) e convérteas nun xogo intertextual (é dicir, os dous textos dialogan entre si), algo común nos poetas dos 90.

- Exercicio 6

María do Cebreiro e Lupe Gómez pertencen á promoción de poetas dos 90 e, como outras autoras desta promoción, abordan temas de compromiso social: neste caso, o feminismo. O texto de María do Cebreiro establece un xogo intertextual cunha frase de Calderón de la Barca. O texto de Lupe Gómez distínguese polo nivel coloquial e estilo directo da linguaxe.

As dúas poñen romper cos prexuizos sobre a muller e a súa educación.

María do Cebreiro: “¿A miña educación coincidiu coa dos príncipes?”; “Como herdeiras díscolas tivemos que nos domesticar”.

Lupe Gómez: “Antes dicíanme que colocase ben unha perna sobre a outra. Que fose feminina”.

Exercicios 1, 3 e 5 da Análise de textos (páxina 326)

■ Exercicio 1

- Libro: A Biblia. / Tabao: insecto da orde dos dípteros, de forma parecida á mosca, pero máis grande, que pica ao gando e ás persoas para chucharlles o sangue./ Teimoso: que teima ou porfia nas súas ideas; cazurro, obstinado./ Devecer: desexar con ansiedade./ Unxido: a quen se lle aplicaron os óleos consagrados.
- Resumo: Don Sancho, rei de Castela, charla co seu irmán, Don García, rei de Galicia, a quen ten preso por negarse a cederlle o seu reino. Don Sancho prégalle que ceda a favor del, pasa ser a cambio libre e rico; mesmo lle ofrece deixalo como rei de Galicia baixo o seu imperio, con tal de ser máis poderoso ca Afonso, o irmán rei de León. Don García négase, alegando que é o único lexítimo rei de Galicia e que eles son uns usurpadores.
- Riqueza léxica (“primoxénito”, “candeas”, “postura de homenaxe”, “desaluto”, “vasalo”, “unxido”...). Períodos sintácticos con variedade de nexos (“quen”, “que”, “mais”, “senón”, “coma”, “pois”, “aínda que”, “se”...). Palabras cultas (“primoxénito”, “desaluto”, “unxido”, “usurpadores”...).
- Resposta aberta. Posible resposta: Afonso, Sancho e García son fillos do rei Fernando I. Á morte do pai, o testamento declara reis aos tres infantes: Afonso de León, Sancho de Castela e García de Galicia. García reina en Galicia entre 1065 e 1072. Mais os dous maiores están desgustados, e en 1072 acordan desposuír a García. En 1073 foi preso e conducido ao castelo de Luna (León), onde permaneceu ata a súa morte en 1090. A este período corresponde o fragmento da novela de Darío Xohán Cabana.

■ Exercicio 3

- Resumo: un grupo de falanxistas está queimando libros. Cae nas súas mans “Poeta en Nueva York”, de Lorca, e mándano á fogueira de inmediato, por ser Lorca un poeta repudiado. A seguir, chegan a “Seis poemas galegos”, tamén de Lorca, e estrañáanse de que escribise en galego. Samos, o xefe, deduce que debeu escribilo o ano anterior, cando visitou Galicia coa súa compañía de teatro “La Barraca”. Só pasou un ano, pero xa eran outros tempos.
- Tema: a barbarie contra a liberdade e contra a cultura.
- Narrador: úsase un narrador omnisciente en 3ª persoa (“era”, “lera”, “abriu”, “leu”, “soltou”...): coñece os feitos e o que pensan os personaxes (“Ese nome si que lle soaba a Paralelepípedo”, “o mozo Paralelepípedo pensou que pouco tiña que ler”).
- En que momento histórico...? En 1936 comeza a Guerra Civil e dáse unha durísima represión.
- Que escritor galego...? Eduardo Blanco Amor, amigo de Lorca, que o acompañou aquel mes de agosto en que estivo en Galicia con “La Barraca”.
- Que se pretende expresar coa frase...? Para o réxime ditatorial, a situación sociocultural e política anterior debía suprimirse; consideraban que ese era o Ano I dunha nova era que acabaría con todo o anterior e na que só cabía a ideoloxía fascista.

■ Exercicio 5

Tema ou idea principal: a emancipación da muller (a súa autonomía para estudar, traballar e administrar libremente a súa existencia).

Ideas secundarias: a posibilidade de crear artificialmente unha lingua universal, a fin das guerras e a consecución da paz entre os pobos.

Exercicios 1 e 3 da Análise de textos (páxina 332)

■ Exercicio 1

É unha farsa, é dicir, unha peza breve de claro ton burlesco e caricaturesco. Como moitas farsas, critica unha situación social (neste caso, o estamento eclesiástico), e faino levando os personaxes dos cirurxiáns e do arcebispo, en clave humorística, ata a caricatura e a ridiculización.

- Resumo: os cirurxiáns examinan o arcebispo, que sofre grandes dores e mareos. O arcebispo esixe que lle digan o que ten e os médicos dinlle que está embarazado.
- Humor: a comicidade reside, por exemplo, na propia situación absurda do embarazo do arcebispo, e tamén na divertida e rápida serie de sucesos durante o exame médico (“ARCEBISPO.- Salvede-me!/ CIRURXIÁN UN.- Baixemos-lle a cabeza!/ CIRURXIÁN DOUS.- Elevemos-lle o cu!/ ARCEBISPO.- Ai!”).
- Sátira: a crítica satírica céntrase na figura do Arcebispo, que é bebedor, déspota e que por riba está preñado.
- Trazos formais:
 - Coidado uso da lingua: ausencia de castelanismos, riqueza léxica (“expiar”, “piedoso”, “verdecendo”, “auga benta”, “rosmades”...); frases feitas (“poñendo verde”, “Os maos tragos, canto antes”); variedades de rexistros: popular (“Amodo, así amodiño”), culto (“aplicados os principios da ciencia hipocrática”, “ero brevis”, “preñatus es!”).
 - Teatralidade das situacións: a escena dos tres cirurxiáns examinando ao arcebispo dalle ao autor moito xogo para desenvolver a sátira.
 - Ritmo escénico: é moi interesante como o autor, coa sucesión de accións e intervencións breves dos personaxes durante a revisión médica, “dilata e prolonga” a tensión dramática á vez que crea un efecto cómico e de intriga, resolto ao final co clímax da noticia do embarazo.

▪ Exercicio 3

- Contido: a soidade, a incomunicación e a deshumanización: os personaxes falan no que parece un diálogo de xordos (EL.- ¿Quere beber? / ELA.- Non somos máis que auga... / EL.- É bo chorar. / ELA.- Nun 80%.../ EL.- O que faga falta./ ELA.- Un 80% de nós é auga...”); os personaxes non teñen nome, hai certa deshumanización ao citalos mediante pronomes persoais (“El”, “Ela”).
- Forma: ton lúdico nos diálogos: xógase co equívoco do dobre sentido das palabras (“EL.- Vai calor, ¿eh? / ELA.- 1300. / EL.- ¿Como? / ELA.- 1300 graos aí dentro...”, “EL.- [...] e alí fáiseche a boca auga.../ ELA.- ¡Aah! (Rompe a chorar) ¡Auga!”).
- Simplificación temática e estrutural: a obra céntrase, sen máis, no encontro casual de dúas persoas (sen nome propio) na sala de espera dun forno crematorio. Esta situación, desenvolta a través de só dous personaxes e cunha escenografía mínima, constitúe toda a estrutura da obra.

Exercicios 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Síntese e avaliación (páxina 336)

▪ Exercicio 1

- Poetas dos 80.
 - Características: recupéranse temáticas intimistas, introducen a metapoesía e tamén se aborda o telurismo; formalmente, linguaxe e estilo moi elaborados, e acoden con frecuencia ao culteranismo.
 - Exemplos: “Achégate pousándote como unha leve onda sobre esta fina area/ dos corpos” (Miguel Anxo Fernán-Vello); “No silencio entre dous versos, Nestas palabras que escollo” (ramiro Fonte); “as árbores penetran no seu silencio / as raíces do universo beben males / os secretos orballos / fresca auga que canta / río de altas palabras”, (Xavier Seoane).

- Poetas dos 90.
 - Características: tratan temas universais mais cun ton vivencial; tamén abortan temas sociais (antibelicismo, feminismo...); formalmente, usan unha linguaxe máis directa e coloquial e eliminan barreiras entre xéneros e entre artes.
 - Exemplos: “As notes de Scherezade / enchéronse de relatos” (Miro Villar); “Comprobamos qué ben encaixan as miñas coxas nas túas dúbidas”, “Érase unha vez / ... e ao final do conto / a carapuchiña era unha loba” (Yolanda Castaño); “Eu nin sequera sabía /onde tiña as pernas” (Lupe Gómez).

▪ Exercicio 2

- Ramiro Fonte fai uso...: certo.
- Nas súas últimas obras, Fernán Vello céntrase...: falso (aborda a temática social).
- Na poesía de Miro Villar...: falso (emprega con frecuencia estrofas clásicas como a décima ou o soneto).
- En 1977, Ramiro Fonte...: certo.
- Yolanda Castaño gusta de...: certo.
- Miro Villar é fundador da...: falso (É Fernán Vello. Miro Villar participou noutros proxectos editores como Edicións do Dragón).

▪ Exercicio 3

- Parte 1 (liñas 1-5) fala da familia materna; lembra os tíos e a opinión que estes teñen da aldea.
- Parte 2 (liñas 5-14): descrición da casa e da avoa.
- Parte 3 (liñas 15-38): recordos do tempo pasado alí, do decorrer das estacións e da infancia.
- O protagonista fala da casa da avoa e descríbela minuciosamente, así como á familia e como lembran o tempo pasado na aldea (a casa de pedra, a avoa Herminia, a cadela Princesa, as moscas...), pero ningún deles quere vivir alí: no fondo, eran uns rapaces da cidade que non pertencían xa ao mundo da aldea (eran “extraterrestres” naquel lugar).

▪ Exercicio 4

A: “Os libros arden mal”.

A: Recuperación da memoria histórica centrada nas vítimas da Guerra Civil.

A: Manuel Rivas.

B: “Morte de rei”.

B: Recreación histórica da figura de Don García, derradeiro rei de Galicia.

B: Darío Xohán Cabana.

C: “Herba moura”.

C: Historia de tres mulleres que se negan a seguir os camiños trazados.

C: Teresa Moure.

D: “Polaroid”.

D: Representación crítica da sociedade galega de hoxe.

D: Suso de Toro.

▪ Exercicio 5

Resposta aberta. Posible resposta: o noso teatro actual goza do maior desenvolvemento da súa historia. Entre os factores que propician esta situación están: a consolidación de

compañías e grupos profesionais, incluído o Centro Dramático Galego (compañía institucional); a existencia dalgunhas salas estables e de circuitos teatrais; a proliferación de festivais dramáticos e de premios teatrais; o nacemento de diversos centros de formación teatral (públicos e privados); a aparición de coleccións e revistas especializadas en teatro; a eclosión do teatro infantil e de monicreques.

Por outra parte, tamén xorden novas promocións de autores dramáticos: “promoción dos 80” (Xesús Pisón, Miguel Anxo Fernán Vello, Roberto Salgueiro...) e “promoción dos 90” (Gustavo Pernas, Cándido Pazó, Imma López Silva, Antón Souto, Rubén Ruibal...).

■ Exercicio 6

- Presenza do humor: o dobre sentido e as connotacións sexuais de certas intervencións (“estaba tocando... as partes [...] así, coa man aberta, como quen toca un piano... de cola...”).
- Metateatro: reflexións do propio personaxe sobre a presenza do público e o seu papel (“A verdade, vir ao teatro para isto. Polo menos, o público do estadio protesta, berra, canta, levántase...”).
- Interacción co público: apelacións directas do personaxe ao público (“¿E vostedes que? Aí calados, mirándome ir e vir”).
- Lingua coloquial: especialmente nas intervencións do personaxe: expresividade na entoación (“¿E vostedes que?”, “¿Ven?”, “estábanlle tocando... as partes”); palabras comodín (“non é gran cousa”); sinxeleza de estruturas (“¿E vostedes que? Aí calados, mirándome ir e vir. A verdade, vir ao teatro para isto”); uso de diminutivos afectivos e de formas apocopadas (“formaliños”, “Rafa”).